

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XX)



Álvaro Cunqueiro
Remuíño de prosas

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XX)

Álvaro Cunqueiro
Remuíño de prosas

Edición:
Luís Alonso Girgado
Luís Cochón
Lorena Domínguez Mallo

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Anxo M. Lorenzo Suárez

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

© Textos: Álvaro Cunqueiro

© Edición e prólogo: Luís Alonso Girgado, Luís Cochón e Lorena Domínguez Mallo

© Ilustracións: Xaime Quessada

Maquetación e impresión:

Grafisant sl (Santiago de Compostela)

ISBN:

978-84-453-5028-7

Depósito legal:

C 3002-2011

MEMORABILIA

“—E meterei a Alvarito Cunqueiro entre os fillos ilustres de Mondoñedo?”. Pregunta que se facía o cronista Lence Santar e que o preocupou daquela para acabar meténdoo na súa “Guía de la muy Noble, Leal y Fiel Ciudad de Mondoñedo” sen que soubese entón que o propio Cunqueiro recollería a sabor o seu encargo de poñer por escrito traballos e días, memorias e anadas de canto na cidade habería ser considerado e recordado. Nesa Memorabilia, no entanto das persoas, a figura e vulto de Álvaro Patricio Cunqueiro Mora —tamén cronista el— nestes primeiros cen anos, ocupa o sitio de honra, o chanzo eminente na cidade e na nación.

“Tíñalle axudado a medir o perímetro da urbe —ten contado Álvaro— seguindo as rondas, e por onde iría a cerca que mandou construír D. Martiño, o *calígrafo*, bispo. Ó outro día, bérrame Lence dende a ventá da súa casa:

—Xa escribín o capítulo da “Guía” coas medidas! Xa pasaches á Historia!”.

FADO E DIVISA, destino e emblema, tal listel heráldico nesta orla de nostalxias centenarias.

Luis Cochón

ÍNDICE

<i>Albur minúsculo ou imprevisto azar</i>	11
<i>Oración composta por Álvaro Cunqueiro para Ramón Cabanillas</i>	13
Remuíño de prosas:	
I. “Poesía”, texto da contracuberta en: José Díaz Jácome (1936). <i>Primeiras Cantigas do Amor</i> . Mondoñedo: Editorial Un.....	17
II. Respostas ao cuestionario de Xosé Filgueira Valverde, en <i>Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada</i> . Editada por Ana Acuña e Xesús Alonso Montero. Pontevedra: Museo de Pontevedra e Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2008, p. 284	17
III. “Poética”, en: Francisco Fernández del Riego (1955). <i>Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos</i> . Vigo: Galaxia, pp. 201-202.	18
IV. “Noticia dunha pintura”, en Álvaro Cunqueiro e Ricardo García Suárez (1954). <i>Carlos Maside</i> . Vigo: Galaxia, pp. 7-10	18
V. “Limiar”, en Eduardo Moreiras (1958), <i>Paisaxe en rocha viva</i> . Vigo: Galaxia	23
VI. “Imaxinación e creación –notas pra unha conferencia–”, en <i>Grial</i> 2: 1963, pp. 179-184.....	25
VII. “Horóscopo universal, sortes e resortes do ano 1975 co xuicio perpetuo das estrelas”, en <i>Galaxia almanaque: 1950-1975</i> . Vigo: Galaxia, 1974, pp. 11-28	28
VIII. “O Tarot coa súa feira de arcanos maiores e menores”, limiar a: Ulises Sarry (1977). <i>Tarot Sarry</i> . A Coruña: Edicións do Castro, pp. 5-10.....	45
IX. Epílogo [Discurso lido na Real Academia Galega en 1978, como resposta ao de Valentín Paz Andrade] en: Valentín Paz Andrade (1978). <i>A Galecidade na obra de Guimarães Rosa</i> . Edicións do Castro, pp. 205-213.....	48
X. “Prólogo”, en Joaquín Merino (1978). <i>Galicia enxebre</i> . A Coruña: Induban.....	54

XI.	“Limiar”, en García Bodaño, Salvador (1978). <i>Tempo de Compostela</i> . Barcelona.....	56
XII.	Prólogo en Álvaro Cunqueiro (ed.) (1980). <i>Cantigas de Santa María do rei don Alfonso</i> . Vigo: Galaxia, pp. 7-9.....	58
XIII.	<i>Discurso de investidura de D. Álvaro Cunqueiro</i> . Presentación de D. Ricardo Carballo Calero, en <i>Discursos leídos el día 28 de enero de 1980, en el solemne acto académico de investidura de los Doctores “Honoris causa” D. Camilo José Cela, D. Álvaro Cunqueiro y D. Joseph M. Piel</i> . Santiago: Universidade de Santiago, 1981, pp. 9-14.....	60
XIV.	“Álvaro Cunqueiro no homenaxe de Vigo [25 abril 1980]”. <i>Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián</i> . Volume V, nº 22, Marzo-Abril 1981. “Dous discursos inéditos de Cunqueiro”, pp. 126/20-127/2	63
XV.	“Eu daría a vida para que a nosa lingua continúe”. <i>El Correo Gallego</i> 27-05-1980	66
	Estes discursos de Cunqueiro levan como anexo “Cunqueiro, flor de Galicia” [fragmentos], por Andrés Torres Queiruga, <i>Encrucillada</i> , nº 22, volume V (marzo-abril 1981): 121/15-125/19.	
XVI.	<i>Laude da camelia</i> . Excma Diputación Provincial Pontevedra. 1981. Acompañado de “As dez virtudes da camelia”, de Anrakuan Sakuden, e nota mecanoscrita a Antonio Odriozola.	70
XVII.	“La peinture de Prego”, en <i>Prego: Exposition du 23 juillet au 5 aut: Palais de L’Unesco Paris</i> . Ourense: Deputación Provincial, 1981.	74
XVIII.	“A xeito de prólogo”, en <i>Prieto Nespereira: [Exposición]</i> . Galicia: Xunta de Cultura e Benestar Social, Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico, 1986, pp. 9-10.....	76
XIX.	“Retratos imaxinarios. Terra Cha: ir e vir”, epílogo a: Manuel María (2004). <i>Elexías á miña vida pequena</i> . Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, pp. 49-52. Trátase dun artigo publicado orixinalmente en castelán en <i>La Voz de Galicia</i> , como crítica a <i>Terra Chá</i> , de Manuel María	78
XX.	“Peixes de río”, epílogo a: Juan José Moralejo Álvarez (2005) ² , <i>As troitas miñas señoras</i> . Vigo: Galaxia. [A primeira edición, sen o epílogo cunqueiriano, é de 1981].....	83

- XXI. Prólogo en: Giovanni Boccaccio (2006), *Decamerón*, tradución de Moisés Barcia: Rinoceronte Editora, pp. 9-20. [Trátase dunha conferencia de Álvaro Cunqueiro pronunciada en febreiro ou marzo de 1976 e recollida previamente en Anxo Tarrío (1992) (coord.), *Álvaro Cunqueiro*, Universidade de Santiago de Compostela; e Álvaro Cunqueiro (2005), *Universo Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco. A versión aquí reproducida foi traducida e adaptada por Moisés Barcia para reconvertila en prólogo á súa tradución galega do *Decamerón*] 90
- XXII. Texto sen título nin paxinación, en *Antón Patiño: 1974-1979, crónica do artista adolescente*: [catálogo da exposición], Casa das Artes, Concello de Vigo, do 21 de abril ao 23 de maio de 2010 ... 103

Albur minúsculo ou imprevisto azar

Calquera lector culto que franquee a obra diversa de Álvaro Cunqueiro, ha saber que toma posesión dun territorio gobernado por múltiples saberes, poboado de novidades, fábulas ou historias prodixiosas, incitadoras, que recorren a ampla variedade do mundo –universo mundo–, reino das palabras que sempre lle foron fieis ao autor, construído, trazado, en parte, por unha insondable imaxinación ou por outra moi erudita fabulación. Dominio vasto de querencias e ensoños exposto en cada intre, ao albur minúsculo ou a imprevisto azar, que o pastor de palabras –o poeta– ten man para guialas e alindalas con señorío de seu no pasteiro comunal, lingua de noso: casa do ser.

O Cunqueiro lector irrefutable (diría el) e impenitente arriqueceu escritos moitos con citas, frases, ditos e sentenzas –mesmo saídas– collidos, aquí e acolá, de libros (moitos libros), persoas e personaxes, a onde era levado pola súa incontestable curiosidade, que lle foi apañando, para si e para nós, unha cultura memoriosa, certamente impresionante, na que se movía e sentía a sabor: *similis similia curantur*,

“e no que toca ao home, veu indiferente
pasar aos que non se lle asemellaban...”

O repertorio de libros para os que, engadindo a súa condición de comentarista ou glosador –nunca se considerou crítico, pero foino– á de lector previo, fixo un prólogo, epílogo, prefacio, limiar ou posfacio, que de todo houbo, prodigamente, en galego ou castelán. (Sentímonos moi gustosos co texto, inédito en parte, prosa patriótica, na inhumación de Cabanillas).

Se partimos da bibliografía¹ do escritor que fixo o seu amigo Antonio Odriozola, bibliófilo maior de Cunqueiro, compilamos aquí eses textos, que presiden ou poñen cabo ou colofón a un feixe de obras, en verso ou prosa, de dispar cronoloxía e asunto, aínda que de inspiración e lingua galegas na súa práctica totalidade; a maioría deles, de escritores amigos como Díaz Jácome, Eduardo Moreiras, Joaquín Merino, Manuel María, Salvador García Bodaño... Outros dedicados a pintores como Carlos Maside, Prieto Nespereira, Prego

¹ Antonio Odriozola, “Lembranza de Álvaro Cunqueiro e unha bibliografía máis da súa obra”, en *Grial*, Vigo, abril-xuño de 1981, nº 72, pp. 235-260.

de Oliver ou Antón Patiño. Achégase a este material outro de natureza oral (discurso, conferencia, alocución, laude, pregón) e aínda algún clásico como Boccaccio, en cuxo *Decamerón* asoma un erotismo que cultivou maino o propio Cunqueiro².

Teremos que admitir a existencia dalgúns textos máis (prólogo ou epílogo) que non fomos quen de localizar. Dador e desentendido, que o foi, entendemos, porén, que esta mostra é representativa do que en galego e no “xénero” (limiar, incipit, solaina, adro, portal) fixo Cunqueiro.

Importa consignar o absoluto respecto aos orixinais do escritor (nos que unicamente corriximos erratas e puxemos nalgúns casos certa orde na acentuación, en verdade descoidada e irregular por veces), e o discreto aparato de notas que axuntamos pola nosa conta. O conxunto, agardamos, pode ser representativo de temas e aínda de obras e escritores que interesaron ao mindoniense.

Libro este, misceláneo e achegadizo, reúne por primeira vez textos dispersos e indistintas prosas que damos na orde cáseque cronolóxica. Constitúe unha humilde homenaxe do Centro Ramón Piñeiro –Ramón Piñeiro e Cunqueiro mantiveron fonda relación persoal– ao escritor neste Primeiro Centenario do seu nacemento (1911-2011).

A nosa gratitude pola xenerosa colaboración aos fillos do autor e á Editorial Galaxia no que atende á cesión dos dereitos para a publicación destas páxinas. Confiamos en que este libro represente xustificadeo motivo –un máis– de aceno dos lectores ao fecundo e imaxinativo escritor Álvaro Cunqueiro, o noso poeta mellor, dende Rosalía.

Luis Cochón
Luis Alonso Girgado

² Cunqueiro publicou, de 1978 a 1980, un amplo número de textos eróticos ou de subida cor nas revistas de información xeral *Bazaar* e *Primeira Plana* (sección “Sal y pimienta”). Un total de sesenta e dous deses artigos foron recompilados por César Antonio Molina no libro *Álvaro Cunqueiro. La bella del dragón (De amores, sabores y fornicios)*, Barcelona: Tusquets, 1996, colección Marginales.

*Oración composta por Álvaro Cunqueiro
para ser lida na inhumación do poeta
RAMÓN CABANILLAS
pronunciada polo seu afillado Ramón Millán González-Pardo,
no cemiterio de santa Mariña de Dozo
en Fefiñáns naquela tarde
outonega*

Non quixera que faltaran unhas palabras miñas niste camposanto de Fefiñáns, no que hai terra de meu, pois hai xentes do meu sangue aquí enterradas. O día en que a Galicia louba a memoria de Ramón Cabanillas de Cambados, o grande e sagro cantor, a voz que os galegos tivemos perante moitos anos, o dono e señor do entusiasmo e da profecía, bardo en fin, niste lonxano e verde fogar...

Un grande sabio do noso tempo, o Pai Teilhard de Chardin, diz que cando no Xénesis lémos que Deus fixo ó home de lama terrea, de terra, hai que entender que o fixo da terra toda que houbo deica ó home: os bosques, os paxaros, as bestas, as follas secas, os gráns que podreceron, os ventos que foron, a neve, os luares i-as longas seráns de sol...

Cando na terra nosa nace o poeta Ramón Cabanillas, hai que entender que nace de tódolos séculos nosos, das sementeiras i-as colleitas, das choivas i-os veráns, dos mortos e das cántigas, do pan e do lume, do viño e das dornas, das oracións nos labres e das rosas, das esmolas e dos ensoños, das mais briladoras luces do espírito e das verbas do mendiño que pide por Deus a boroa nosa de cada día.

Todo o que foi de nós, todo o que é de nós, todo o que será de nós, fíxose home na pequena, homildosa terra que foi dada ós galegos. Encheuse iste home, iste Ramón Cabanillas de Cambados, de luz, e cantou. A poesía é a meirande das certezas, i-é por iso que reside nela toda a esperanza posibre, todo o futuro dun pobo. Home libre, Cabanillas dixo as certezas galegas, as pasadas, as presentes i-as futuras. Puxo a sede das bocas galegas no viño perciso. Puxo a fame das bocas galegas no terrón xusto. Dixo, por toda a nación, sí e non, como Cristo nos ensiña. Envelleceu a carón da fogueira por él acesa, e finóuse pra que todos chorásemos unha dura, triste soedá.

Pouco a pouco irase facendo terra niste camposanto de Fefiñáns: terra, séculos e misterio. Herbas haberá que acudirán a percurar as cales pra sua primaveira nos osos patrucios. Virán choivas e gotas frescas haberá que farán canle deica as mares que foron os seus ollos. Versos de seu arrastráranse pólo vento da terra e pólo vento mareiro. como gaitas eternamente novas, e pousarán, voces nunca cobertas de pó, xa nos rumorosos, xa nas ondas.

Aquí xaz. Aquí xaz o que fora noutro tempo cantor do eido noso.

O dourado grán de millo volveu ó suco, i-atopóuno quente, porque a metade da terra diste camposanto está feita agora mesmo coa soedade dos nosos corazóns. Que Deus teña na gloria Sua a i-alma de Ramón. Os galegos gardaremos istes osos con honra deica á Resurreición. Namentras, que O Señor da Vida, no Fefiñáns que ten que haber en Paraíso, lle dé ó poeta noso por repouso, con ribeira do mar, laranxos e galego... i-os asios mestos do dourado outono.

Álvaro Cunqueiro

[Como é sabido, os restos do poeta foron exhumados e traídos ao Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan. “Mucho me temo que me zarandeen después de muerto y no es cosa de que lo hagan también en vivo”. (Carta de Cabanillas desde Samos a Isidoro Millán González-Pardo, de data 16-09-1948).

Da importancia destas palabras cunqueirianas, infírese do feito de seren escollidas polo autor, na altura de recibirse como numerario da Real Academia Galega e ocupar o escano que ata entón correspondera a Cabanillas, de quen Cunqueiro, na laudatio, trai a lume, expressis verbis, na alta ocasión, aquelas outras –estas– que xa tiña escritas].

Remuíño de prosas

I

*Poesía*³

Un certo amor ou poder de relación, unha craridade ou trasentido da palabra, un ensono ou marca viva das cousas. O mundo redúcese a unha sensíbel viñeta ou corazón coloreado. O resto xa está dito. Si alguén ollara anxos onde outros non ollen ren, pín-teos sen dubidar; pro que naide mais se coide capás de pintalos á súa ves basándose nunha noción abstracta do carácter anxélico.

II

*[Respostas na Antoloxía consultada de Filgueira]*⁴

Poética?

Non sei que é a poesía

Técnica? Tampouco non sei.

³ J. Díaz Jácome (1936). *Primeiras Cantigas do Amor*. Mondoñedo: Editorial Un. Na guarda posterior, texto de Álvaro Cunqueiro titulado “Poesía”. Existe unha edición facsimilar, do ano 1999, ao coidado de Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo, patrocinada polo Concello de Mondoñedo.

Outro interesante texto de poética cunqueiriana aparece, a carón dunha nota autobiográfica e un autorretrato, no nº 9 (maio, 1951) das follas poéticas de *Mensajes de poesía*, que tiraba en Vigo, xa dende 1948, o escritor Eduardo Moreiras. O texto é o seguinte:

No he pretendido nunca ser un poeta inspirado y luminoso. Con mis propios poemas he intentado explicarme a mi mismo qué cosa es la poesía. Una larga y esperanzada impaciencia es mi actitud ante la creación poética.

No concibo un poema que no dependa, en última instancia, de la boca humana que lo dice. Reconozco, pues, a la poesía una esencial e insoslayable impureza. Con Rimbaud creo que el poeta roba fuego: “si lo que trae de abajo tiene forma, da forma; si informe, da lo informe”. Creo en el encantamiento por las palabras como la serpiente cree en la flauta, y este juego de aprendiz de brujo es, quizás, aparte una violenta nostalgia y una confortadora melancolía, la razón por la cual mis poemas fueron escritos y publicados.

⁴ Respostas de Cunqueiro ao cuestionario elaborado por Filgueira Valverde, que se recollen en *Os poetas galegos (1936)*. *Antoloxía consultada*, edición a cargo de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero. Museo de Pontevedra, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2008, p. 284.

III

*Poética*⁵

O poema, o meu poema, é a parte que eu teño na Creación, i é unha parte sorprendida, anque voluntaria, e sin dúbida perfeccionada pola nostalxia. Onde seña que roube o lume, participo somentes con verbas, e coa música que, ás vegadas, ás verbas acompaña. (A música, isa sombra que teñen as verbas, unha vez longa como cando a serán morre, outra vez breve, como en hora meridiana!).

Fora do que unha boca humán é, non sei en qué pende a poesía, anque sei que está nas verbas como están as imaxes nos espellos. E, tamén sí, unha veracidade sentimental que se satisfái con verbas, como a serpe que se deixa encantar pola frauta.

Eu teño alguén cabo de min que de improviso ponse a escoitar. Quizaves seña o meu Anxo Custodio. Eu, entón, comezo a coller verbas, eiquí i acolá, e sempre quedo maravillado de que de unha a outra poida tender un fío que, tenso e pulsado con temerosa man, soe como unha corda de viola no silencioso salón dun pazo deserto.

IV

*Noticia dunha pintura*⁶

Non me non é doado escribir desinteresadamente da pintura de Carlos Maside, e isto por razóns que tocan moi de perto ó meu entendemento da pintura mesma: eu podería decir, nun senso mui amprio e siñificativo, que

⁵ “Poética”, en: Francisco Fernández del Riego (1955). *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia, pp. 201-202. Se seguísemos unha orde estritamente cronolóxica este texto debiera suceder ao do libro sobre Maside, pero preferimos agrupar as poéticas do mindoniense ao comezo. Esta poética, así como a de *Mensajes de poesía* (que reproducimos en nota), apareceran xa publicadas en *Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Día das Letras Galegas 1991. Universidade de Santiago de Compostela: Santiago, pp. 11-14.

⁶ Álvaro Cunqueiro, “Noticia dunha pintura”, en *Álvaro Cunqueiro e Ricardo García Suárez* (1954). *Carlos Maside*. Vigo: Galaxia.

a pintura de Maside é pra min a pintura; unha pintura que me acrara non somentes o que a pintura seña, senón, e tamén sí, que me amosa fórmulas cáseque coma espellos, coas que eu poido tratar, e do modo que máis lle vaia ó meu xeito de escritor, e máis total, a paisaxe, poño por caso. Isa viva e vivaz trémola distancia de luz, que pousa, coma un pó de ouro, entre o contemplador i-o cadro, tan típica da pintura derradeira de Maside, e que é, esencialmentes, a distancia propia que existe entre o vivo i-o pintado, entre o visto i-o significado, tan voluntaria, e non embargantes tan obxetiva, e por ende, a estrema razón –iba escribir *a divina proporción*– dunha total e querida veracidade.

A vontade de construír un cadro, e con cada cadro algo que eu penso definir craramente cando lle chamo *iluminación*, e que é, para min, o senso máis profundo que teña a verba *creación*, e que resulta de conformar o todo –color, dibuxo, suxeto– a un orde de “emoción que é, logrado, o que Alain⁷ chamaba a *resurrección da Natureza*. A non violación por parte do pintor da acuidade visual humá, e por feito, a posibilidade de rexeitar a cada intre –súpito, coma entre lóstrego e lóstrego–, os elementos que podemos definir como *falsos*, ás vegadas interpolacións de tanta fidel aparencia que enganán á vista. (Quizabes isto precise ser acrarado. Dice Simmel⁸: «A pintura está ligada a unha certa acuidade visual: ás distancias en que a práctica da vida nos pon respecto ós obxectos espaciás, nos formamos unha imaxe determinada diles, de tal xeito que soio a distancias que difiran mui pouco podemos falar de ollar. Si tivéramos a acuidade

⁷ Pseudónimo de Émile-Auguste Chartier (1868-1951), Alain foi filósofo, xornalista e profesor que contou entre os seus alumnos a Raymond Aron ou Simone Weil. Combateu na I Guerra Mundial, feito que inspirou o seu célebre panfleto pacifista *Marte o la verdad de la guerra* (1921). Foi un dos fundadores do Comité de Vixiancia dos intelectuais antifascistas (1934). O ideario pacifista, o republicanismo liberal e o antifascismo presidiron a súa vida e obra.

⁸ Georg Simmel (1858-1918). Doutor en Filosofía pola Universidade de Berlín. Filósofo e sociólogo cuxo pensamento sintetizou o historicismo de Dilthey e o kantismo de H. Rickert. A súa obra tivo gran repercusión na cultura científica e filosófica alemá do século XX. Desenvolveu un amplo labor na prensa e deixou fonda pegada en pensadores como Heidegger, Jaspers, Lukacs, etc. Das súas obras anotamos *Introducción a la ciencia moral* (1892-93), *Sociología: estudios sobre las formas de socialización* (1908) e *Problemas de la filosofía de la Historia* (1892).

visual dunha águia, teríamos precisado outro arte, e si introduxéramos un anaco diste arte no noso, semellaríanos falso, aínda que quizaves fora máis esacto, e nos puxera moito máis acarón dos derradeiros elementos obxetivos das cousas»).

Finalmente, o apetito de comunicación, que fai da obra de arte un sabroso froito de amor, e que vive do grado de paixón do creador... Todo isto que eu atopo a cotío na pintura de Carlos Maside é, nin máis nin menos, o que a unha pintura, como agora se dí, auténtica, eu lle esixo. E séñame permitido engadir que hai pinturas que son, por así decir, exemprares, tanto no que nilas vai de invención como de tradición, e tamén de senso moral: cito ó Tintoreto, por fixar cunha referencia ista opinión, e por un vivo e sorprendente parentesco antre o mestre venecián i-o Maside: pois a pintura de Carlos Maside é dista calidade, diste mesmo lentor, de parella poética vontade, e de tan amante imaxinar, ó meu ver.

Eu digo ás vegadas, e por parabolar, que unha pintura é boa en tanto é medida que cheira a mazá. É decir: en tanto é medida que participa no pecado orixinal: ser tanto como Deus, ter parte con El na creación e na contemplación do universo mundo, dende a estrela ó verme, dende a aza do anxo á frol do toxo. Todo verdadeiro artista creador tén, dil propio, un día de laboura na longa e quente semá da Creación: un día de laboura que ben pode ser, simplemente, unha sorprendida ollada ou un temeroso soño: diste día de laboura o artista trae lume, pacencia, vagantía, amor, enigmas e medo. Todo iste caudal, fráxil coma un vaso de vidro, está a un tempo, –sístole e diástole do mesmo corazón– no artista e na obra. Eu sei, de certo, que está en Carlos Maside e nos cadros seus, i-ouso dar a noticia.

Chegados diante dun cadro de Maside o primeiro é a luz, un longo pano de ouro, e dende a luz vades vendo o color, cada e cada un, onde a luz viva nasce e medra, e todo o que non é luz, é orde, precisa e docementes premiosa arquitectura, único elemento puramente subxectivo do cadro e, con todo, decisivamente formal, i-onde descansan os elementos reás, que son, de seu, *invenciós*, isto é, descubrimentos, i-a fiestra por onde o pintor comunica, dice, confesa o seu segredo. Nin máis nin menos que o primeiro segredo, parte do segredo da Creación.



Mondoñedo, 1954

[*Temos noticia certa de como Cunqueiro se dirixiu a Maside por carta nos primeiros meses do 58 para que lle fixera algúns debuxos para ilustrar, acaso, Escola de Menciñeiros. O pintor convalecía xa da doenza que o levaría e non puido, porén, cumprir coa petición do seu amigo*].

V

*Limiar*⁹

Coido eu que un poeta non é o mais chamado pra falar da Poesía en xeneral, e quizaves da poesía dun determinado poeta en singular. Para mais, cando o poeta que se dispón a falar é, coma eu son, un home escasamente ouxeitivo, muy levado de istantes i-emociós, e fiñalmentes apaixonado na percura da Poesía, e reconocéndoa por mui mesta e impura que se ofereza, agasallándoa e recibíndoa, i-humildosamente respondéndolle ó seu rosto human, e pólo mesmo que o tén, e feito con verbas, que son a un tempo a sua morte i-a sua resurreición. Pro non me non podía negare a min mesmo a escribir unhas liñas sober da poesía de Eduardo Moreiras¹⁰, e quixera que istas verbas miñas foran tomadas en toda a sua gravedá, porque ben que eu me poida apaixonar, pro é seguro que coa Poesía á vista eu non me poido trabucar. E isto é o que agora me acontez: que teño –temos– á vista a Poesía, neste libro de Eduardo Moreiras, “Paisaxe en rocha viva”, como a tivemos no libro do mesmo poeta “A realidade esencial” –fermoso e insospitado libro–, no ano mil e novecentos cincoenta e cinco. E compre decílo, compre alarmar.

⁹ Álvaro Cunqueiro, “Limiar”, en Eduardo Moreiras (1958), *Paisaxe en rocha viva*. Vigo: Galaxia.

¹⁰ Eduardo Moreiras acolleu xenerosamente os versos de Cunqueiro na súa publicación *Mensajes de poesía* (1948-1952). Concretamente, no xa citado nº 9 aparecen un total de dezasete poemas, algúns deles inéditos ata entón, en galego e en castelán, e un total de cinco fermosos textos de prosa poética. Anos despois a poeta Luz Pozo, dona de Eduardo Moreiras, publicará na revista *Nordés* (1975-76 e 1980-1993) numerosas achegas poéticas do escritor.

Por de pronto hei de anunciar que “Paisaxe en rocha viva” é o libro de poesía escrito na nosa lingua galega que eu poño á cabeza dos publicados despoixas da colleita dos anos trinta; trátase dunha poesía, a de Moreiras, arrincada á luz das verbas nosas dende o nó profundo dunha soedade humán, á que o súpeto e costante estremecemento non tira a axexante serenidade, por veces maxestuosa, que é o grau de paixón que mide a calidade espiritual do que canta; non é acuidade visual ou gracia paroleira, que é vizosa cordialidade, plenitude moral, incontenible pulo de comunicación –de comunión–, isa total, pura, acesa humanización do mundo terreal que ferve en cada poema de Moreiras, e que fai de cada verso diste poeta un verso de amor, de amor confiado hastra a desespranza; ise franciscanismo de Moreiras –e non hai porque non usar unha verba que todos sabemos ben sí o que dí–, que percura as calidás humás do entorno, aquelas pólas que se pode decir “isto é propiamente humán, sofrido e verdadeiro”, arriscando todo o seu saber de amor, feito coma todo saber de amor de fadiga carnal, de sonos, de ousadas chamadas a pureza, de preguiza, de tesouros perdidos, de ilusiós obrigadas a ficar no lombo das sombras, onde se fan, gota a gota, nostalgia e por vegadas acedume e vontade de morrer... e que sin atopar isas calidás humás, sin concedélas, o poeta non sabería nin podería darse deica o sangue, e iste é o seu xeito, o xeito de Moreiras. ¿Quen sabe millor que un arbre é un arbre e un melro é un melro que o atente, vivo corazón iluminado do home? E soio eisí volve un corazón a confiarse caladamentes, a recoller i-a esquecer; o esquenzo é unha maneira como outra calisquer de aconchegar.

Hai nos poemas de Eduardo Moreiras un relixioso, un escrupuloso anxeio de que a percura da emoción, a soedade atopada i-enriquecida, a fábula humán, en fin, dita abertamente –o aberto, parco, quente decir de Moreiras é unha das escelencias da súa poesía–, sexa ouvida na súa totalidade e veracidade pólo home comunal e terreo. Moreiras, en cuia poesía hai tantos elementos correitamente puros, estéticos simplemente, limpos ou celestes, quere ser un testigo mundanal i-humilde –anque sabe que difícil lle é o poeta non ser un testigo esencialmente sacro–, o dar fe da vida i-as idades, dos traballos e tanto daquelo por qué se vive coma daquelo por qué se morre.

“Non hai razón pra medir o verdor primeiro
co noso pouco de amor que decorre e pasa.”

Coido que istes dous versos dun poema de Moreiras, acaran ben o que agora vou decindo. Pro ise pouco de amor, ise anaquiño de lentor e vaguedá eternamente usados, é a raíz i-o segredo. Un deus sementou ise pouco algunha vez. E velhaí.

Un grande poeta está entre nós, na terra e nos anos nosos. Quere coas verbas nosas, antigas i-eternas, cantar memorias do corazón, sospeitas de amor, a cansa vida, a fogueiriña das espranzas, os pensamentos escuros que en cada quisque van e ven, as bágoas i-as sorrisas, e canto soio vive i-anda e se dispón libremente á soedade, no home. Ha de ser escoitado. Ademais, a maiores, quere que o seu canto sirva, na fusquenlla cotidiana, á nobreza do esprito, á diñidade da persoa, á delicadeza de corazón. Un poeta eisí, fai ledor e novo, verde i-humán, o tempo noso. Un reino val o que a canción que lle sae por portas, a hora de alba.

VI

“Imaxinación e creación –Notas pra unha conferencia–”¹¹

Parez tan craro que isa potencia da ialma que chamamos fantasía ten virtudes creadoras, parez tan patente que a imaxinación seña o degrau polo que se comeza a rubir a escadeira da creación, que doadamente nos esquecemos de que a imaxinación posuie uns ordes de refreición sober dila mesma, en cuio inicio, e como ponto de partida, está un certo pulo que é, como quere Campbell, onde reside toda a posibilidade de desenrolo do que chamaremos, fideles ó siñificado grego da palabra, mito. Hai, no abrirse dos momentos imaxinadores, coma un poder de centro, que é a posibilidade da comunicación total e chea do imaxinado. Ise poder de centro no que se conta –*mytos* siñifica conto–, ise poder de centro no mito, non é diferente de iso que os grandes mitógrafos, Eliade ou Risco, chamaban “mito do centro”. [...] As máis das veces, ise mito do centro, isa imaxinación de comunicación sobrenatural, nascéu dun soño. Dun soño grande e repetido moitas veces, obtida a repetición por medios rituaes, pola súa propia perfeición infalíbeles.

¹¹ Fragmentos do texto aparecido en *Grial* 2: 1963, pp. 179-184.

A imaxinación, ben lonxe de ser isa “puissance d’erreur” denunciada por Pascal i ollada con desconfianza por todo o racionalismo clásico, é o fermento necesario de tódalas formas superiores de aitividade creadora: a cencia que esprica o mundo ou a técnica que o transforma, o discurso do filósofo, a táboa do pintor, a fábula do poeta ou do novelista.

[...]

Cando o Emperador da China mandaba compór o dicionario, establecía a linguaxe i obrigaba a que cada verba se adecuase perfectamente a cada cousa, nunha valoración superior e realista da linguaxe, allea a todo nominalismo, tiña a seguridade, si for un filósofo do linguaxe, de que derrotaba unha valoración inferior da palabra, pro no seu pensamento de ordeador, de imperante cáseque cósmico, il sabía que se opuña dun xeito decisivo a unha nova creación do mundo. Sumisas ficaban as verbas ós siñificados, e ninguén, cunha palabra dada, podía nomear con valideza unha cousa diferente daquela recibida polo Grande Ordeador. Co cal, na China, durante algúns séculos, o Peixe dos Soños durmíuse, i a imaxinación humán ficou atada detrás dunha porta de madeira que tiña novecientos noventa e nove cravos de ferro. Cando noutra idá os poetas comezaron a darlle ás palabras siñificados diferentes, a nomear con elas outras cousas que non eran as dos cadros do dicionario imperial, non somentes volvéu a imaxinación ó mundo, senón que nun senso que eu ousaría dicir *strictu*, volvéu o mundo a porse diante dos homes, dende a ponla froлива do pesegueiro á memoria dun camiño que vai por entre montes de cumes amadas da brétema, e que ún fixo nun vizoso cabalo por un amor de mocidá. E foron posíbeles cambios. Houbo novos arbres, novos paxaros, outra femenina beleza, nostalxia que nalgúns era vontade de morrer, e hastra novos impostos e unha reforma agraria.

[...]

Unha literatura fantástica, ó xeito dun Balzac, poño por caso, é un testimoño irrefutábel do home, e non tanto pola complexidade dos materiás que o novelista axunta i ordea, canto se non qué tódolos membros da enorme fauna balzaquiana son portadores, na súa viaxe, dunha realidade soñada, tan veraz, apaixonada i aitiva, como a realidade exterior i ouxetiva. A realidade da parte de ensoñación soio pode ser tratada dun xeito imaxinativo, ou decatándose de que os imaxinares de Pedro son

unha realidade vivíble, cando xa que non vivida realmente. O que ven ser o mesmo. Toda *realidade* pode ser vulnerada, ferida nos mesmos rís, pola imaxinación creadora, que si o é verdadeiramente, é máxica, i entón sinala que aquela realidade é cambiante, xira súpeta, amosa mil caras, está feita de cen séculos e lugares, convoca ó sol e maila lúa a un tempo, e sigue sendo unha realidade que o home habita. É dicir, o mundo real no que nasce, vive e morre o home esencial.

[...]

Dante puxo ós tristes no Inferno, i eles mesmos, néboas borrallentas nos escuros cómaros de aló embaixo, se decraran, que *foron tristes no aer que do doce sol se aleda*. Preferiron outras cousas á serea vida, sacrificaron á tristura i ó medo as verdadeiras riquezas. As máis das vegadas preferiron, especialmente no noso tempo, á vida vivida unha vida razoada no terror. Digan o que digan moitos dises da angustia vital, a súa vocación é a vocación de negadores, e negan desde a preguiza i o medo. ¡Cántos días, frente a ises negadores, un non di, coma un fermoso canto de espranza, aquelas verbas de Bernardo: *¡Cando morra, decídelle ó Doce Reino da Terra que o amei muito máis do que ousei dicir!*

O propio dun escritor é contar craro, seguido e ben. Contar a totalidade humán, que il pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas miradas. E si hai algo que esteña craro nista dieta, é que o home percisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños.

VII

*Horóscopo universal, sortes e resortes do ano 1975 co xuicio perpetuo das estrelas*¹²

Síguese nesta inquisición a etruscos, cabalistas, Aben Ragel¹³, Rabelais, e variados estreleiros, tirando da ciencia de todos o verdadeiro retrato dos fados do mundo, dos sinos das personas, e tamén a profecía levantada dos temporáis e das colleitas.

O ano que se fina, que vivimos e nos viviu, de 1974, apareceu no horizonte como unha grande fogaza de pan trigo, dourada. Todo coincidiu, dende as estrelas ao saber de letras da cábala, en dar un ano cereal, famoso en trigo. Pro esto, que houbese sido unha grande e fermosa noticia noutrora, no noso ano pasou, sin gloria. Noutrora, houbérase corrido a nova do trigo a reverter dende Medina del Campo a Tilsit, dende Hungría a León, e as nais botaríanse a sorrir. A Roiba presidiría solemne a sega e máis a malla. Pro, agora, os tempos son outros, e o pan pra o home de hoxe é coma unha memoria lonxana, o pan desbancado por outros táis, incansables tecedoras, namentres parece mudar o home, vixiante do lombo da gracia, nun tempo zodiacal dado, e reciben certas virtudes, soños, devezos, teimas, mágoas, dos planetas que presidiron no siño o seu nacemento; polo menos na medida mesma que dixo Jung en “O home á descuberta da súa alma”: Nacemos nun momento dado, nun lugar dado, e temos, coma os viños célebres, as calidades do ano e da estación que nos veu nacer. A astroloxía

¹² Álvaro Cunqueiro, “Horóscopo universal, sortes e resortes do ano 1975 co xuicio perpetuo das estrelas”, en VV.AA. (1974). *Galaxia almanaque: 1950-1975*. Vigo: Galaxia, pp. 11-28.

¹³ Ali Aben Ragel (Ibn Abi-l-Rigal) astrólogo árabe que viviu entre os séculos X e XI, e autor do libro *De iudiciis seu fatis stellarum*, (*Libro complido de los indicios de las estrellas*, na tradución ao castelán ordeada por Afonso X a Yehuda B. Mosé Ha Kohan. Foi texto da cátedra de Astroloxía da Universidade de Salamanca). É tamén da súa autoría *De revolutionibus nativitatium seu de fredaris*.

Sobre Aben Ragel volve Cunqueiro no seu artigo “Con Aben Ragel a las mujeres”, en *Primera Plana*, nº 53 (marzo de 1978), serie “Sal y pimienta”. Recompilado posteriormente por César Antonio Molina en *Álvaro Cunqueiro. La bella del dragón*. Barcelona: Tusquets, 1996, pp. 149-151.

non pretende máis... *Pro home que nace sob Leo en 1974, é o mesmo home que o que nacía sob o mesmo signo en 1200, cando decía das estrelas Ali Aben Ragel, ou en 1600, ou en 1800? Os tempos disimulan o home, pónenlle outra capa, vísteno con roupas de outra condición, e tal vai que parece fuxido do seu sino, ou que os sinos non atopan aos seus homes. Estarán traballando en van as estrelas, indo e vindo? Quén é o que o sabe? Polo que valla, este estreleiro finisterráqueo ousa declarar o horóscopo universal de 1975, coas sortes e resortes, e o que lle toca aos doce meses do xuicio perpetuo das estrelas, asegún se asentan na roda dende Acuario a Capricornio, ou si queredes millor, dende o Carneiro aos Peixes.*

O Ano

Os guarismos do ano 1975 suman 22; é decir, unha parexa –dous patos– que equivale na simbólica do xuicio dos anos aos dous peixes de Piscis. “Os dous patíños”, dícese na lotería popular cando sae o 22. Os árabes dicen *as dúas mulleres facendo tortas*. Estamos, pois, diante dun ano PISCIS, con todo o que esto comporta. O signo Piscis preside –19 de febreiro a 20 de marzo– as derradeiras choivas de inverno, o fundirse das neves nos montes, abren as fontes; a natureza desapégase lentamente dos fríos saturnais do inverno –“si a Candeloria plora, medio inverno vai fora”, di o optimista–, e a vida que se está xestando en segredo, vai a xurdir á luz. Pro todo é aínda impreciso, “mundo transitorio do medio sono, no que o fogo acouba sob a cinza, todo mora no informe, e ningunha fronteira pode ser trazada nun universo no que reinan en partición o indeterminado e a confusión” (Barbault¹⁴). Sob Piscis, si estamos na alba dunha era nova, estamos tamén sí no final de outra. Os cabalistas ensinaron que os Peixes, indicando o final dun longo proceso cíclico que, dende a Balanza, punto medio, van a cumprir o retorno *da sustancia á esencia*, despóis do reino do primeiro hemicycle, que vai dende o xermolar da semente no Cordeiro deica a colleita da espiga madura, sob Virgo.

¹⁴ André Barbault é un astrólogo francés nado no 1921, que se considera a si mesmo o fundador da Astroloxía Mundial, ou arte de predecir os acontecementos políticos. Se ben se presenta a si mesmo como alguén capaz de prever a caída do Muro de Berlín, os seus erros son coñecidos, e o propio Gauquelin publicou un artigo (“L’Astrologie parée d’I.B.M.”, en *Science et Vie*, nº 611 (VIII 1968), p.80-89), no que ridiculizaba a varias personalidades do mundo da astroloxía coma el. Entre as obras de Barbault podemos citar como referencia *De la psychanalyse à l’astrologie* (1961).

Os anos PISCIS, coma 1975, son anos de confusión, anos babilónicos. Cateret decía que ao traveso dos outros once signos do Zodíaco, todos os valores de vida, de carne e de sangue proseguiron a aventura cósmica do real, e que no signo *oceánico* dos Peixes, estes valores cúmplense no abandono dos seus lindeiros respectivos. O invisible vértese no mundo visible, e o visible pérdese no invisible. O símbolo –dous peixes acolados en sentido inverso–, xa dí por sí coma non é posible o diálogo, a amizade, mesmo o amor. Anos de discordia e de fadiga, anos nos que operan, libremente, as forzas máis segredas da destrución: “a auga dos Peixes non deixa de estar en relación coas augas dun diluvio que asolagase as adecuacións terrestres”. Din que na maxia babilónica había un rito pra os anos dos Peixes, que consistía en chantar un grande clavo de ferro na terra, ao pé do templo, pra impedir que o mundo se desquiciase, se soltesen os fundamentos.

Pola súa natureza, o ano 1975 será un ano probe, con parvas colleitas. Os reises estarán man sober de man, sin saber que facer. Ano de abortos, que a cría non remata de facerse no ventre da nai, xa seña muller ou vaca –e pola mesma razón, haberá nacidas de monstros, especialmente nas familias aristocráticas, como máis sensibles ao balor da humidade dos Peixes. Estes anos Piscis soen dar músicos de sotilísimo ouvido, e místicos. Nestes anos non se logra atopar tesouros escusados, e si tiran cartas por ver si alguén é afortunado, sábese deseguida, porque soio hai fortuna si sae dianteiro o tarot do Paiaso, *Le Bateleur*.

Xa é sabido que os nacidos sob Piscis son malos testigos, non que seña testigos falsos, senón que se trabucan na deposición, e líanse, e rematan decindo o contrario do certo. Así, un ano dos Peixes, é mal ano pra pleitos, máis aínda de honra que intereses, salvo, no que toca a estes derradeiros, que seña pleitos de augas, que entón o que ten dereito, saca sentenza favorable.

Atendendo ao saber de que a vida medra na auga máis que na terra ou no áer, han ter cuidado os fornicadores, que empreñarán á primeira. Partos doubles ou triples, serán cousa de todos os días. Ano, 1975, de nenos nacidos con seis dedos, por esa oposición mariña á lei da pentadactilia –os dragóns dos pantanos, das lagoas, foron sempre sexadáctilos. Pra Aben Ragel, son bons anos pra mercar cativos, libro segundo, terceiro capiduo, que “fabla en conprar los cativos e los siervos”, según a traducción que mandou facer Afonso

o sabio. Tamén o mesmo Aben Ragel dí que nos anos dos Peixes, érguese nas mulleres a teima do cambio, i entón van ao astrólogo a que lles adiviñen con cantos maridos casarán. Pasa como si fose moda, i é doado acertála: *Si te demandaren por alguna mugier quantos maridos avrá, cata del grado de la X casa tro al grado de Mars, e quantas planetas fallares entrellos, tantos maridos avrá*. Parece que non falla. Así, as mulleres que preguntan cántos maridos han ter, xa deixaron de querer ao que teñen, xa van mudadas de amor. Que esta é outra: os anos dos Peixes son anos de gusto erótico do cambio, de morrer amores, de grandes infidelidades; as mulleres pasan de man en man, porque non hai lindeiros, coma si o chan fose de mar, onde ninguén pecha unha leira nin un souto.

Anos perigosos. Noutro ano dos Peixes, 1939, estalou a segunda grande guerra. Coma hai confusión, non hai lindes, é a ocasión para as xentes desmesuradas, pra os tolos apetitos, pra os devezos insaciabes. Aínda os gobernantes sesudos e calmos, non lles é doado termar do leme, na revolta das augas, é decir, nos días do ano piscícola. Hitler escolléu o ano 1939 –sumen, e verán que dá 22–, porque por astroloxía sábese que soio é propicio aos desmesurados, aos que fan saltar moxóns e legoeiros, e teñen ideas universáis e queren ter poder sober dos séculos. Pro, o grave do caso, é que toda esa fortuna non dura máis do que dura o ano dos Peixes, e logo ven a derrota, que esfargulla as máis altas torres.

Coma exemplo de fillos dos Peixes, cítanse sempre a dous que non tiveron medida no pensamento nin na obra: Miguel Anxo e Víctor Hugo. Outro, un Piscis purísimo, caíu na tolemia: Hölderlin. Un Piscis impuro, pola propia impureza, reduciu o mundo, as selvas e os océanos, os ventos das seráns e as inquedanzas das albas, a música acordada: Xohán Sebastián Bach.

*Ano difícil, pois, o 1975, un 22, un Piscis.
Pouco trigo, pouco viño, xente sin respeto ao
sexto, tolos arreando aquí e acolá aos pobos por
camiños que non hai, mulleres desvariando,
testigos que se trabucan... Choverá drento coma
fora. Choverá ate que nos lembremos de que
como dí o refraneiro, en Galicia a fame entra
nadando.*

As Xentes e o mundo

AQUÍ DÍCESE do trunfo ou a desgracia dos nados sob un signum dado: dos días fastos seus e dos nefastos, dos que son bons pra cumprir os seus devezos e das horas negadas, nas que fortuna se arredra, ou se opón. Toda esta profecía tirada da pousada dos planetas nos signos, entradas e saídas deles, no ano del Señor susodito de 1975.

ARIES

Hogano, os de Aries, terán no tempo do signo no que naceron, ganancias e poder si usan nobleza, xenerosidade e virtude. Pro tamén sí, hogano, das tres faces de Aries manda a terceira, que é de Venus, e xa dixo Ali Aben Ragel que *é faz feminina e de sotileza de obra e de mansedat e de iuegos e de alegrias e de afeytamentos*. Así os de Aries obterán máis ganancias si en vez de obrar por forza obran por astucia, e aínda raposeiros, i en deslealtade, todo ao longo do ano. Estas son ganancias de señorío, trunfos en amores, casamento lucido, e ganar sona. Pro os de Aries, en todo o ano, han ter coidado en mercar e vender, e non perdan o tempo en buscar tesouros, que nónos acharán, e non metan os cartos que teñan en naos que porten mercaderías de ultramar, que perderán o posto nun naufraxio. As doencias que lles virán aos de Aries en 1975, serán as máis de figado, i esto daio o ascendente sin dúbida algunha, aparte de saberse por Dorocius¹⁵.

Si fan viaxes, hanos facer en signos que sean terreos, como Tauro, Virgo e Capricornio. Si os de Aries han de usar de muller, lograda conquista, millor é que anden a ela en Leo, Capricornio e Piscis. As mulleres de Aries en 1975, terán poder sobre os homes nados sob signos salgados, taes como Cáncer, Scorpio e Piscis. De todos xeitos, polo ascendente de Venus na casa da Lúa, os amores dos de Aries hogano tenden a ser tormentosos, variables, inconstantes, e non hai que esperar

¹⁵ Dorocius (ou Doroteo de Sidón) foi un célebre astrólogo dos tempos de Cristo. Foi autor do *Carmen Astrologicum*. Por cuestións de dogma a Igrexa rexeitou as doutrinas astrolóxicas, que desenvolveron árabes e xudeus na Idade Media. Reis como Afonso X encargaban aos xudeus traducións de textos árabes ao castelán.

en homes e mulleres de Aries en 1975, parexas célebres, coma Romeo e Xulieta ou Amadís e Oriana. Os nados no signo de Aries, en política, trunfarán si son capaces de grandes mudanzas, troque de bando, e perfidia. Noutros tempos, en anos semellantes, avisábase aos de Aries que non montesen a cabalo no tempo dos signos en forma de bestas, Aries, Tauro, Capricornio e Sagitario. Deben temer morte súpeta en Leo. Os de Aries, si han de arroubar ou matar, deben agardar a Géminis, que trála parexa poderá escusarse, e non se saberá si foi el ou outro.

Hogano, en signo de Aries, nacerán moitos coxos do pé esquerdo, e si curtos de perna, tamén da esquerda. Algún de Aries, en Leo, dirá unha grande necesidade que será escoitada por todo o mundo, e pode dar lugar o seu discurso a confusión e mortes de homes. Afogarase ún de Aries que seña grande herdeiro, ou perderase polos camiños, sin que ninguén o volva a ver. O millor pra os de Aries é que se convezan que este ano non é bon pra eles, e o millor que poden facer é estarse quedos, vendo como veñen as anduriñas e se van, vaise o frío e volve o frío.

O TOURO

Das tres faces taurinas, que son Mercurio, Lúa e Saturno, priva este ano a terceira, e si foi dito da primeira que era “mui cumprida en su natura, faz de arar e de sembrar, e de poblar, e de sabiduría en partir tierra i en geometría”, e da segunda que é unha faz de poder, a terceira, a saturnina é unha faz de miseria e de discordia. Como di Aben Ragel, *de mezquindat e de servidumbre, e de feridas, e de cuestas e de despreciamentos*. As xentes nadas sob o Touro deben procurar sosego á súa alma, e catarlle en calma os sete pareceres a cada cousa. Os de Touro verán que se atopan en situacións nas que os cartos non lles van a servir de nada. O grande sofrimento dos taurinos, na faz saturniana, será que non recibirán noticia algunha para ben, que todas as que agardan lles chegarán tardas e contrarias. No tempo do Touro correrán grandes temporais de vento e de auga, que engadirán o seu mal ás horas tristes, de pobreza e discordia que se estarán vivindo. Os do Touro que teñen gobernación de reinos e provincias, terán os seus peores inimigos nos nados sob os signos en forma de *reptilias*, cal se dice na tradución do *Libro Conplido* que mandou facer Afonso de Castela: é decir, Cáncer, Scorpio e Piscis.

Este tempo do Touro é bon para facer feitizos, e tamén para averiguar si sanará un enfeitizado que esteña doente, —que se sabe si está o ascendente en signo movible e as fortunas catando pra el. Haberá no mundo temor de pestes que veñen de lonxe. Previsto que as mulleres andarán fora da casa, a causa da miseria do tempo, e desto sairán moitos males. Un de Aries ou de Capricornio, pode ter unha morte, que será mui sonada. Os que críen viños han ter muito cuidado ao pasar o Touro. Os que se esquezan da mala calidade do tempo, e fiquen na casa, en sosego, vivindo parvamente do seu, serán aforrados dos disturbos. Tamén farán obra os taurinos en amores segredos, que veñan tecendo neles dende fai tempo, especialmente si as presas son un ou unha de Virgo e de Libra. Por cartas, sae a Papisa, que é amosa do desarreglo do mundo, e mete na liorta ás mulleres. Seguirán nacendo algúns dos coxos aos que tocaba nacer en Aries, pro serán poucos. Os do Touro han de temer morte súpeta en Saxitario. Mal tempo pra comenzar pleitos, ou pra levar testigos ao xuez, que os máis sairán falsos. Haberá noticias de monstros, e nas noites veranse luces que non hai e pantasma.

GÉMINIS

Coma si seguise Tauro. Marte e o Sol son dúas faces de Géminis, faces de *pressuras e de lazerias, ...e buscar cosas con ligerezas, ...faz de olvidanzas e desdénamentos*. Seguirá chovendo e venteando, e a mesma miseria que presidíu o Touro. Remite a revolta das mulleres, que xa non sae en cartas a Papisa, que agora lle toma a dianteira Le Mat, O Tolo. Neste tempo algúns ousados facerán grandes fortunas. As pestes non chegarán as Europas. Tirando cartas pra Marte, saen combinas de fortuna, como a chamada da Taberneira, a cal deixa entrar na taberna a xente de todo tempo, que pode falar namentras bebe. Interpretando ben, quere decir que non faltará quen queira virse a razóns, dar palabra de axustarse á lei, e non botarse á guerra. As xentes ficarán na espranza algunhas semáns. Parará de chover e virá un tempo criador, especialmente na derradeira faz do signo. Tamén haberá algo máis de comer e beber. Todo parece tender a millorar, e sonarán nomes de xente de mando que deica agora non foran ouvidos polo común, especialmente nos países meridionales: xentes de Tauro, Virgo e Capricornio.

Si nace algún seisdedos no ano, nacerá éste. Bon tempo pra viaxar os de Xéminis e renovar amizades. Inventaranse novos xeitos de quedarse cos cartos de outro. Aparecerán moitas novidades en engaños e trampas, tanto en política como en diñeiros. Non hai que facer caso a un ou varios que aparezan decindo que chega a fin do mundo. No tempo de Xéminis, descubriránse segredos de xente notable, e haberá procesos e pleitos. Os de Xéminis deben ter medo da morte súpeta en Piscis. Nalgunha parte occidental, caerá unha alta torre, e próbase con Alquindi¹⁶. A esperanza de que falamos convertiráse nun tempo de sosego, que vai durar todo o paso de Cáncer.

CÁNCER

Será o millor tempo do ano, nas tres faces de Venus, Mercurio e Lúa. Xente alegre, abundancia. Coidarán que volvéu a riqueza, e que chegou a paz por moitos anos. Tempo de sol. Sae en cartas a Temperancia, despóis da Torre Derrubada. Pode, entón, interpretarse que haberá meirande liberdade e alegría no mundo, pro coma o Tolo non deixa a Lúa de Cáncer, hai que pensar que aquela liberdade e máis que aquela alegría, serán máis cousa do maxín que da realidade: cousa de soños. A xente despertará cando vexa que aparecen os que queren tomar cousas por armas.

Os nados en Cáncer atoparánse mui ben sob o seu siño, despreocupados, indo de aquí pra acolá, xantando i en amores. Nalgúns sitios aparecerán cousas soterradas, e andarán en busca do dono. Nacerán moitos máis nenos que nenas, e botaránse contas da colleita e veráse que non é mala de todo. En troques, o viño vai pra mal. Os nados en Scorpio terán mui boas xornadas en Cáncer, e sáelles no tarote a Coroa dos Magos. Días de sol. Os de Cáncer deben ter medo da morte súpeta en Capricornio. Aparecerá preñada unha dama solteira de gran señorío, e non dirá de quen. Os de Cáncer poden meterse en xogos de azar na terceira faz do siño, que é Lúa; si no xogo entran números, priman os impares, e si entran coores, o roxo. En Levante, aparecerá unha peste de

¹⁶ Importante astrónomo árabe que viviu nos séculos VIII e IX e foi alumno da escola de Astronomía e Astroloxía fundada no ano 777 polo xudeu Jacob ben Tariq na cidade de Bagdad, que construíra o califa Al-Mansur, promotor dos estudos de Astronomía. Abu Mashar, discípulo de Alquindi, foi o mellor astrónomo árabe da Idade Media.

peladas, que non aforrará ás mulleres. Na cidade do Papa, sentiráse un grande asubío na noite, e trátase de que alguén fuxe. Noutros reinos, ladrarán os cans en demasía. Secaránse moitas figueiras, e unha canción nova correrá de boca en boca.

LEO

A primeira face do León é de Saturno, “*e es, Aben Ragel dixit, faz de cruezas e malfreitas e fuerzas e sufrir lazerias e atrevencias*”. O soño de milloría e seguranza de Cáncer durou pouco. Quizaves seña sob este siño no que cumpira o malfado do ano. Canto máis que a segunda face é de Xúpiter, faz de barallas, *e de vencimientos de los viles por los necios, e matancias e tirar espadas e batallas*. O que non se sabe si quere decir guerra ou non, pro sí que xurdirán grandes discordias, e que os ousados, que calaran, sairán á luz cos seus berros, liortas e apetitos. Grande confusión, a xente a correr sin saber onde parar, e nas cartas, o Paiaso, coa súa variña máxica. O cal parece favorable, porque a variña máxica do Paiaso fai xurdir súpetamente remedios máxicos. No tarote *arista* dise do Paiaso que, nas cousas da vida, ten “habildade, saber facer, dirixe, defende, aconsella, diplomacia na política, sagacidade nos negocios”. Hai que confiar, pois, na variña de Le Bateleur, másimе que sae en campo de ouros altos, na combina que chaman do César –que por outra parte é combina de guerra, e saíulle catro veces a Hitler en 1939. Ben, non sabe un a qué carta quedarse. Córtase o bon tempo, e hai tormentas con lóstregos e moxenas, grandes incendios en montes e vilas.

Os de Leo, no seu tempo, serán os menos inquedos, pro moitas mulleres abortarán. As viñas seguirán indo mal. Moitos nenos nacerán con manchas de antoxo nas meixelas e no cóbado esquerdo. Por Oriente, veráse moita xente de a caballo. Plutón ponse en casas parellas, o que fará que aumente o número de tolos, especialmente nos nados sob Scorpio e Piscis. Os de Leo temerán morte súpeta no seu siño propio. Todos os negocios do mundo ficarán en suspenso. En Roma, un día choverá cinza roxa. Con Plutón, ademáis da tolemia, ven, en cartas tiradas, a Esfinxe, que di cambio, e que mañán será diferente de hoxe. O que coincide coa terceira faz do León, que é de Marte, e decontra ao que se poidera pensar, é faz de amor e de compañía, “e de non porfiar e de lexar de lo suyo por non baraiar” (Aben Ragel).

Seguindo o que vai anunciado, pódese decir que sob o siño de Leo, o mundo pasará un gran perigo de morte e desfeita, pro a profecía da destrucción non se non cumprirá, porque xente de seso e peso, axudada co Paiaso, co cambio rápido que sempre supón a Esfinxe con copas baixas, “lexará de lo suyo” coma quería o astrólogo árabe, e buscará paz e convivencia. Todo o que se faga para ben, primando o tarote Esfinxe, ha de facerse en segredo, e aparecer a resposta do Ben ao Mal como quen ascende unha luz na noite pecha.

VIRGO

Virgo ven hogano mui sereo, presidindo medas e palleiros, as ganas de aforrar, co Sol na súa eira, mui louzao. Sae muito en cartas o Xuicio, tirando a saber de paces duradeiras, entremediado de espadas altas e con saída do Imperante. Millora o tempo, e un longo estío durará deica o Escorpión. A xente co medo pasado e con sol, andará ao seu medio cansa, e preguizosa. Os tolos de Plutón en Leo vanse pacificando, agás os que a tolemia fixo dogmáticos, que non paran de argallar. Os nados de Virgo serán dos máis pacíficos que haxa no mundo, e de entre eles sairá alguén que queira rexer con leises. Ninguén, ao xogo, ganará sob Virgo grandes fortunas. Reinará a mediocridade en todo, e no exercicio venéreo estarán mui postos os saxitarios. Falarán un boi en Francia e unha cabra en Toledo, asegún a “A Terceira Hora de Hermes”, o que na interpretación da cábala cristián do Renacemento quere decir que falarán mudos deixados de curación. O viño será pouco, pro a vendimia tardeira haio millorar.

Na faz de Mercurio en Virgo, é mui bon tempo pra ensinar a homes nigromántica, e toda ciencia que dane, e artimañas. Os que adeprenderán millor son os de Aries e os de Scorpio. Si hai algún grande treidor, ese será mercurial, as casas de Mercurio en Virgo. Si alguén quere ser voador nocturno, pode adeprender nos tres días derradeiros do siño, si é que lle cae ascendente favorable, xupiterino, según se proba con Le Pendu, coma se sabe aforcado polos pes e cabeza abaixo, o que quere decir que se afasta do chan. Hai que ter cuidado en non facer grandes viaxes neste tempo, non seña o diaño que aos viaxeiros os colla a terceira faz de Libra lonxe da casa, que é de poder de xente levantada e apetecida do que non é seu. Os de Virgo deben temer a morte súpeta en Acuario, e os de Acuario en Virgo, así como diz o Astrólogo, los planetas se ayudan por sus avenencias

e se destorban por sus desacordanzas, e la casa es enemiga de la casa, e la exaltación de la exaltación, e lo un cielo del otro.

LIBRA

Libra comeza coa Lúa e Saturno, e o tempo dáse por xusticieiro, con caída de soberbios e tiranos. Algún grande destes caerá a mediados de Libra, xa por morte ou por levantamento. Falaráse moito de axudar aos probes e de repartir o que sobra, e de boa vida folgada e segura pra todos. Pro, tirando por saber de uns que queren saír da probeza para a medianía non máis, o ermitaño sae con moito basto alto, o que quere decir que é un home santo que está drento dunha cerca, e non pode facer nada por naide. Na terceira faz de Libra, que é de Xúpiter, veráse un trunfo de sodomitas. Tempo de tencontén e de espectáculo. escoitaráse moitos ruidos en casas e pazos, e non se saberá a que ven, o que dará lugar a profecías.

Os de Libra andarán confiados, e si ousan no xogo, algúns deles ganarán moito diñeiro. Tamén se poden atopar tesouros, especialmente no mesmo saído da casa propia, debaixo dunha figueira, ou nun pozo. As mulleres de Libra, que son boas amas de casa, e mui limpas, non por eso deixan de ser doadas en amores, e dánse por palabriñas a forasteiros, especialmente a mediados do siño. Os mirados deben estar vixiando, non asome galán descoñecido: en cartas sáelles a Estrela dos Magos, que anuncia o inesperado, a solpresa, o encantamento do esótico, e xa se sabe que amor faise, en grande parte, con asombros. Os de Libra deben temer a morte súpeta en Acuario. Comezará a chover, e nevará prematuro. En Aquisgrán xearáanse as fontes.

ESCORPIÓN

E xa estamos no outro momento perigoso do ano. Comezará a barallarse por nada, Marte arriba, con todo o que esta faz de Scorpio comporta de tristezas, de engaños, de treicións e de acidias. E cando se pasa de Marte ao Sol, entramos en tempo de afrontamentos e discordias, e grandes arroubos no que andan reises e señorías. O todo misturado con favor de Venus, que xa sabemos polo mestre do “Libro Conplido” que é *face de beodez e de malas putañerías e de forçadas e con sañas*. Quizaves sexa o tempo de Scorpio o que xustifique a mala calidade do ano 1975, alias o 22. Non parece que haxa a que agarrarse. A falsa calma de Libra quebróuse. Sae agora, tirando por ver si

paz ou guerra, a Torre Derrubada, con moito basto pequeno e copas baixas, que é revolta, coma se veu no 93 de Francia, e ponse Uranus con La Mort, que sega mans coa fouzaña. Non se sabe ben si se trata de discordia civil, no que os poderosos achantan aos pequenos, ou de guerra nas aforas, na que os grandes impoñen a lei, non aforrando sangue. Chove, trema a terra, os ríos saen de nai, e sobre todo, ventea seguido. Non é tempo de xogo nin de comercio. A xente quere saír do medo por alegrías, e así ven aquilo da *beodez e de malas putañerías*, que dixemos máis enriba. As mulleres volverán a andar soltas, coma anunciamos pra o tempo de O Touro, e non cuidarán do sexto. O diñeiro non chegará pra nada.

Xa se sospeita do ánimo con que andarán polo mundo os do Escorpión, que son suxetos do seu signo. No medio do medo, aparecerá a luxuria, e seguirán trunfando os sodomitas. Tempo de xordos. Falaráse dun grande crime en Inglaterra, e volverá a haber un gran enterro en Italia. Os de Escorpión han temer a morte súpeta en Piscis. Nacerán algúns monstros, aínda entre humanos.

SAXITARIO

Os que nazan a comezos da rexencia do signo, serán xente que quere ser libre e cortés. Esta é a faz de Mercurio. Pro a seguido, nun tempo de choros e queixas, coa Lúa endereitando, nace xente que sempre será mui temerosa do seu corpo. Os nados ao final do tempo do signo, serán terques, mui postos no seu, non cedendo nunca en nada, caía que caía. Esto ven da faz de Saturno. O tempo segue con ventos, xeadas, neves. Por San Andrés, que é o trinta de novembro, ven un respiro, unha raiola de sol. Tirando pra ver cómo vai o orde do mundo, sae a Forza, na combina que chaman Maison, que é de natureza pacífica e di que hai que estar cada ún no seu. Hai que dar por pasado, por segunda vez no ano, o medo. La Force, quere decir audacia, ter confianza na súa estrela, defender o fogar, e que a vida val a pena que a defendamos. Entendo que hai un aumento das forzas da paz no mundo. Bon tempo para xogos, para casamentos, tempo de herencias.

Os de Saxitario, ou son xente libre e cabe decir que heroica, ou son tímedos, agachados tras todas as portas. Uns e outros han temer a morte súpeta en Libra. Domesticarás unha besta nunca ate agora domesticada, e non se falará de outra cousa. O tempo de Saxitario

é tempo de aborrecimentos e odios repentinos, québranse amizades, especialmente entre saxitarios e piscícolas e leoninos.

CAPRICORNIO

O ano parece enderezarse. Os de Capricornio amosarán codicia, o que os fará máis sospeitantes aínda do que o son de natura. Correrán moitos boatos e chismes, o que impedirá a paz nas casas e no mundo. Botando cartas pra saber da sorte do Gordo da Lotería de Nadal, o premio, salvo erro, caerá nunha decena superior á terceira, e rematará en catro. Volverá ao mundo unha calma somellante á do signo Libra. Virá bo tempo, anque frío e con xeadas. Morrerán dous grandes deste mundo, e un de morte repentina. Os de Capricornio atoparán xornadas mui favorables pra amores clandestinos, e mesmo públicos.

Os de Saxitario non deben querer máis do que poden ter, que a codicia rompe o saco. Tampouco deben deixarse levar polo seu ánimo sospeitante a desvelar ou revelar segredos. Bon mes pra que xoguen ousado. Hai que coidar ao comezar obras i empresas, que as máis comezadas neste signo non se non poderán cumprir. Os de Capricornio han de temer a morte súpeta en Acuario. Asegún Alquindi, toca que caia unha pedra do ceo, cunha sinal dentro. As nenas que nazan agora, amosarán luares no rostro.

ACUARIO E PISCIS

Coma demos comezado o ano en Aries, Acuario xa nos toca no 1976. Pro inquirimos de xaneiro e de febreiro de 1975. Meses delambos confusos no orde universal, i en troques mui humáns. Mercurio en Acuario ensiña sosego e mansedume aos deste signo, si queren saír adiante nas súas labouras e cumprir devezos. Os de Piscis andarán ás carreiras buscando cartos, i entrerálles o gusto de mudar de lugar. Na faz piscícola de Xúpiter, moitos terán lecer en buscar cousas altas e nobles nas que ocuparse, namentras que os que se quedaron no seu, na faz de Marte, buscarán farras, mulleres, e andar de folga o tempo que poidan. Meses tranquíos, modestos, nos que 1975=22, perde das súas doencias, aparez manso, e ninguén coidaría que trae dentro os perigos que sabemos de destrucción e morte. Meses pra gañar no xogo, pra mercar e vender, poñer diñeiro a réditos.

Os de Acuario han de temer a morte súpeta en Aries, e os de Piscis no propio Piscis i en Aries tamén. En Acuario nacerán bons primoxénitos, pro en Piscis as mulleres peores, que darán moito que aguantar a quen no seu tempo as leve.

Dende ben antigo os homes acudiron ás estrelas para saber fortuna, e verdade de sucesos, e por coñecer de sazóns, por comencia de ir a pleito, si son verdadeiras ou non as noticias que chegan, si é hora de ir a muller, xa por lecer, xa por casamento, si chegan a destino os mensaxeiros que ún manda, si é sazón de sair a facer cautivos, etc. Aben Ragel e máis o Alquindi gastan capiduos en tratar de tesouros e cousas soterradas, ou de preñez de muller, si trae ún ou dous, e cál o tempo do parto, e aínda máis, si un mensaxeiro que ún mandou a dar morte a un home fará esa morte ou non, e dos convites pra comer, en bodas i en outras ocasións, “si habrá muitos comeres ou poucos” e si os convidados son *buenos o malos e si son conplidos e limpios ou non, e de los servientes del sennor de aquel hospedatgo e de los que adoban los comeres*. Cáseque non se podía facer ren, o que tiña estreleiro a man, senón polas estrelas. Algúns leían libros e guiábanse a sí mesmos –como aquel deán de Cádiz ao que burlaba el rei Afonso, que non iba a muller senón en estrelas propicias–, e moitos preguntaban por doencias, e cando se sanará, e si unha muller casada que deixou ao marido, si volverá ou non... Querse decir que as estrelas din do universo mundo, pro tamén do miudo cotián, e das faenas, de sementar e segar, e item máis, de mercar cabalo, de viaxar, de batallas, e ate de sairse do reino, alzado contra el rei, de naos no mar, e de si hai nemigo oculto que pode sair armado... Todo se preguntaba, e aínda se sigue preguntando, e por toda parte hai facedores de horóscopos, intérpretes de soños, ligados da fortuna, avisadores do porvir. Que a alma humán é curiosa do seu sino. O xeito de andar polo mundo as xentes, variou, e así agora non soerán inquirir os estreleiros si é tempo ou non de facer ou mercar cautivos, pro non deixará de haber quen mande lér nas estrelas si un home de seu acertará a dar morte a un nemigo. Polas estrelas, pois, podemos decir do 1975:

BON ANO é pra que en Aries e Saxitario, home vello case con muller moza.

Item, pra mudar de casa, e aínda de cidade, vila ou lugar.

Item, pra facer amizades con forasteiros ricos, especialmente en Libra.

Item, pra plantar viñas novas.

Item, pra poñer pleitos por augas, tanto de regar como de mover muiño, especialmente en Piscis, Acuario e Capricornio.

Item, pra envenenar parentes, especialmente en Saxitario, e quedarse cómodo e non sospeitado coa herencia.

Item, pra ter boas noticias en Libra e Tauro de xente de ún, que está lonxe, e as devanditas noticias serán sobre intereses.

Item, pra en Saxitario, Piscis e Leo, desfacerse de nemigos por man dun terceiro.

MAL ANO é pra que muller madura case cun home mozo.

Item, pra agrandar a casa en que se vive, e meter na obra todos os haberes.

Item, pra axuntar os cartos dun cos de outros da mesma cidade, vila ou lugar, e mercar nao, e tratar, especialmente en Tauro e Piscis.

Item, pra adiantar cartos sobre colleitas e vendima.

Item, pra ir de criado á casa del Rei, especialmente en Leo e Virgo.

Item, pra poñer pleitos de montes e por servidume de carro, especialmente en Acuario.

Item, pra atopar tesouros e cousas soterradas, especialmente en Aries, Géminis, Leo e Capricornio, que aínda que se atopasen, virán pleitos e ciumes, e o atopador pode perder a vida.

Item, pra casar o fillo primoxénito, especialmente dende Leo a Saxitario.

ESTAS SON as cousas máis patentes de 1975. Aparte, cada quisque terá, polo día en que nacéu, ou por como andan as estrelas no tempo en querer obrar, o seu sino particular, ao que ha de aterse, todo coidando, no desconcerto do ano, que hai muita confusión hogano sob os signos.

Si se me permite un consello, éste é ano de ficar ao socaire, na casiña dún, sin meterse na vida de outros, sin facer bando, e nas dúas ocasións que dá este ano de gran perigo, e de liortas, e de víspera de guerra, encomendarse a Deus, porque se farán moitas inxusticias, e buscaráanse pecadores que nono serán, senón xustos collidos de travesía. Hai que termar dos cartos. Contra os anos de discordia, o millor é a vida retirada pra os que son pacíficos de seu.



VIII

“O Tarot coa sua feira de arcanos maiores e menores”¹⁷

Limiar a *Tarot Sarry: Cartas pra botar* (1977), de Ulises Sarry¹⁸

O tarot foi feito pra o home, e non o home pra o tarot, e é por eso mesmo que pra servir ao héroe dos mil rostros, o home, son posibles diversos tarots, con variados arcanos maiores, que son en derradeiro termo os que van a decidir a vida e ventura de quen quere adiviñar –adiviñar o que lle toca na vida, e máis difícil aínda, adiviñarse así mesmo. O caso é que, dentro das antigas tradicións do tarot –si é que se cré exipcio, ou se acepta que foi inventado en Marsella no século XIII polo mestre naipeiro Nicole Conver–, foise recollendo unha mancha de experiencias e de material mántico, dun enorme interés, que fai do tarot un sistema perfectamente representativo da aventura do home no universo, coma dixo o Dr. Frétigny. Podería decirse que de enriquecemento en enriquecemento, o tarot remata por ser, por decilo así, o reflexo de todos os grandes problemas humanos, e aínda de todas as filosofías eternas. «O tarot, dixeran noutra ocasión, é un espello da aventura humana, un itinerario, un compendio de desexos, soños e fadallidades». E un gran estudoso da mántica afirma que o tarot chegou a sere esto que eu digo porque «sabios, empíricos, o inconsciente colectivo e universal, inscribiron nel os grandes eixos de todo pensamento, de toda situación posible».

Habendo, pois, un home que é o galego, e que ten unha consistencia intelectual, moral e sentimental que lle é moi propia, e que vive unhas situacións dadas, ninguén, nin entre os máis ortodoxos do tarot, pódese opoñer a que das entrañas mesmas do tarot, a par do tarot de París, do

¹⁷ Álvaro Cunqueiro, “O Tarot coa sua feira de arcanos maiores e menores”, limiar a: Ulises Sarry (1977). *Tarot Sarry*. A Coruña: Edicións do Castro.

¹⁸ Ulises López Sarry, nacido en Lugo, viviu en Francia durante un tempo. É un extravagante e polifacético artista que ten demostrado o seu inxenio e valía creativa nos terreos da pintura, o gravado, o cartelismo, a fotografía, o esmalte, o deseño gráfico, a infografía e a banda deseñada, con algunha achega no ámbito do cine, ademais de certas particulares iniciativas (voo de ala delta, tarot, etc.). Colaborou con Paco Martín e Xoán Manuel Balboa no semanario xuvenil *Axóuxere*, do xornal ourensán *La Región*.

alemán, do de Marsella, do de Etteilla¹⁹, etcétera, apareza un tarot galego, o tarot Sarry. Un tarot con corenta e oito arcanos maiores, namentras que no máis usado de Marsella estes son somentes vintedous. Evidente é que o tarot Sarry vai a servir pra a adiviñación na mesma medida que calisquer outro tarot, dos que podemos decir que a súa codificación, dado que o número de combinacións posibles son ilimitadas, non poden facer inoperante a intuición do adiviño, ou vidente. Nas mánticas o que importa é que o sistema adoptado comporte un número infinito de posibilidades entre as caés a intuición escolma.

No tarot Sarry, conservándose arcanos do tarot de Marsella, por exemplo o Imperante, o Tolo, o Diaño, o Sol, o Papa e máila Papisa, a Torre ferida pola fúlgura, etc., dánsenos outros que pertencen xa seña a unha tradición cultural que decimos propia, xa a un conxunto de fabulacións que temos por galegas, ou a tipos humanos ou míticos que coidamos propios de nós. No primeiro caso o Mariscal –que quizaves seña Pero Pardo, o degolado–, e o Santo Grial, o Laberinto, o Antroido, o Gaitero, etc., e no segundo o Mouro, o Manciñeiro, as Pampórnigas, a Meiga que voa cabalgando ao cabrón do sábado Leonardo, etc., e no terceiro o Ferreiro, o Afiador, a Chufona, o Tolleito, o Pelengrín, o Espantallo. Coido que estos vinteséis arcanos máis supoñen á vez un aumento do ámeto e do material mántico e un vencellamento dos arcanos a posibles situacións que só se lle darían ao galego que vai polo mundo, polo seu mundo, facendo vida sob a gravidade do sino e da morte ineluctable. Calquera que repase a lista dos arcanos maiores do tarot Sarry, decatarse de que certos deles somentes poden ser lidos en galego, e os que se emparexan ao tirar as cartas, dan un resultado que se acái cos desexos e soños dos galegos, coa memoria e a esperanza dese tipo humano que chamamos o galego, e que non é agora o intre de decir cánto ten de espiritual, de creador, e aínda de máxico. O conxunto da a impresion dunha profunda sabencia e coñecimento do ser galego, que é o que val, o que valerá cando a un galego lle boten as cartas co tarot Sarry. Pódese decir que o adiviño terá diante del,

¹⁹ Etteilla, pseudónimo do ocultista francés Jean Baptiste Alliette (1738-1791), primer tarotista profesional que se coñece. Nacido en París, en 1770 publicou *Etteilla, ou la manière de se récréer avec un jeu de cartes*, sobre o xogo da baralla. Fundador da sociedade de intérpretes do *Libro del Tarot*, publicou en 1785 *Manière de se récréer avec le jeu de cartes nomées Tarots*, onde rebatía as teses do ocultista Gébeline.

cando tire, todos os campos posibles dos galegos, e por decontado, as figuras que proveñen de outros tarots, adequerirán novos significados, cos que terá que contar o adiviño. O Mouro, con alfanxe gardando un tesouro a carón do Carballo, terá un significado mui concreto en Galicia, país de tesouros ocultos, namentres que o Sol Radiante co Tolo dice algo máis universal no tarot alemán: ganancias no comercio e no xogo da Balsa, herencias, atopar diñeiro escondido...

Veleiqué, pois, un tarot galego, o tarot Sarry, co cal, si atopamos adiviños de xeito, os galegos imos a saber muito máis da nosa peripecia personal, dos perigos que nos axexan nas encrucilladas, das horas fastas e nefastas que nos tocan en sorte, dos trunfos e das derrotas. Coñecer o seu sino foi sempre un dos meirandes anceios do home. Xa pode, pois, o galego preguntar dende o seu, dende o seu tarot Sarry.

E non sería non tan galego este tarot Sarry sin os pareados que se refiren a cada un dos arcanos maiores. Perteñecen, sendo invención do novo tarot, á sabiduría, á de máis alta cota –O Labirinto: *Eu son o camiño certo, que leva ó lonxe ou ó perto*, decir que non lle disgustaría a un Borges–, e á sabiduría popular –O Larpeiro: *Encher a andorga é máis sano que agardar ceo lonxano*–. De cando en vez amósase un decir poético: O Namorado: *O que está de amor alceso fica nun suspiro preso*, ou tamén A Lúa: *Penduradiña alumando e polo sol agardando*. E nuns casos e noutros, vai unha sutil ironía nos versos, unha ironía mui nosa, que dice con cantas seguridades terrenáas e tantas desconfianzas celestiaes, as máis das veces, o galego fai camiño, desexa ou soña.

En fin, veleiqué o tarot Sarry, que lle vai decir ao galego o que non se ve. Si me apuran, o que non ve o galego, porque deica agora non tiña quen afastase a manta que cobría o candil que estaba aceso, e ninguén se decataba, sobre o celemín.

IX

*Discurso de Álvaro Cunqueiro*²⁰

[Lido o 11 de febreiro de 1978, diante da Real Academia Galega, da Coruña, como contestación e benvinda a Valentín Paz Andrade ao ser recibido este no seo da ilustre Corporación como membro numerario].

Señores Académicos:

Ben me decato do honor que para min supón o recibir, en nome d-esta Corporación tan ilustre, ao membro numerario que hoxe compre os ritos fixados para entrar n-esta Casa. Valentín Paz-Andrade tiña obtido do mestre Otero Pedrayo que fose él quen respondese ao seu discurso de ingreso. Esta é unha razón máis para que eu solíne n-esta ocasión os meus poucos merecementos para cumprir a tarefa que me foi encomendada. Soio unha vella amizade co noso compañeiro, nacida en días tráxicos da vida española, cando Valentín Paz-Andrade vivía un arbitrario confinamento n-un lugar perdido en alta serra do país noso, permíteme aceptar este encárrago.

Valentín Paz-Andrade chega a esta Casa con méritos d-abondo, tanto no terreo literario como no periodismo, nos estudos sociáis e económicos, especialmente referidos a pesca e as industrias pesqueiras, como n-un servizo a Galicia, a súa cultura, ao seu propio ser como pobo, as súas espranzas e a seu destiño, que se adoita as veces definir como que un tal de nós ten “unha grande emoción galega”. Sin dúbida, esta emoción é algo máis, é un pensamento, unha vontade e memoria de patria, un quefacer cotián que divisa un fin permanente, e asemade todo é un soño no que unha alma namorada lle vai a vida. Este norte, este luceiro, presiden as labours do home, sin que haxa nin unha soia hora de febleza na brillante luz. Aparece patente a decisión de que se faga o que se faga, Galicia está presente, as tarefas son tarefas galegas, todo é semente na vella e usada terra galega, todas as colleitas posibles son colleitas galegas, nas que as

²⁰ Valentín Paz Andrade (1978). *A Galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Ediciós do Castro. Introducción de Paulo Ronai e epílogo de Álvaro Cunqueiro. O epílogo ocupa as páxinas 205-213.

espigas maduras e cheas dobregan o tallo porque hai un que as está soñando. Por mui realista e razonador que seña Valentín Paz-Andrade, por moito que se ataña aos datos obxetivos e a praxis nos estudos e nas súas empresas, sempre aparec na súa laboura ese resplandor no soño galego, canto das máis nobles xeneracións, anxeios d-unha nova vida. Na vida de Valentín Paz-Andrade, están esa emoción galega, ese soñar, ese anxeiar, pro está tamén a vontade de facer realidade ese soño e ese anxeio. Lembrémonos de que un libro importante na bibliografía de Valentín Paz-Andrade tidúase *Galicia como Tarea*. Esta é a cuestión. Esta é a gran cuestión de Valentín Paz-Andrade.

Noso novo compañeiro nacéu en Pontevedra, o vintetrés de Abril de 1899. Estudóu no Instituto da súa vila natal, e logo licenciábase en Dereito na Universidade de Santiago, en 1921. Exerce como Abogado, e o seu bufete será un dos de máis traballo e sona de Galicia. Pro non ben graduado, e mesmo na mocidade, vai a dirixir un xornal, *Galicia*, que se edita en Vigo, e a cuia fundación contribuíu Castelao, Lousada Diéguez, Juan Bautista Andrade²¹ e outros. Un diario liberal, galeguista, independente de todo o que non fose Galicia, e que morrería ao cabo de cinco anos, sob a dictadura de Primo de Rivera. Máis que un xornal era unha vela de armas, das armas máis galegas, unha preparación de vocacións para a galeguidade. Paz-Andrade escribe en todos os números do xornal que dirixe, e vaise facendo unha prosa crara, insistente, e moitas veces poética, e sempre con un aquél de didactismo, porque se quere ensiñar Galicia aos galegos, e porque se quere galeguizar unha Galicia que aparec pobre e apática cando pode ser rica e apaixonada. Unha escolma de editoriais e artigos do xornal *Galicia*²², asombraría hoxe a case que todos nós.

²¹ Juan Bautista Andrade Tojedo (Lérez, Pontevedra 1879-1930). Poeta en castelán distinguido con varios premios. A súa obra lírica anticipa, segundo algúns, o imaxinismo e a poesía de Amado Carballo. Poeta de inspiración fundamentalmente paisaxística, o seu poemario máis salientable é *Diana de gaita* (1930). Deixou inéditos o libro de versos “Poemas compostelanos”, a novela “La sombra de fray Juan” e algúns ensaios. Tivo notable influencia nos poetas pontevedreses do seu tempo e con varios deles mantivo unha tertulia literaria na súa casa da Fillagosa.

²² Galicia. “Diario de Vigo” que en 1922 comezou a súa xeira editándose en principio na Coruña. Valentín Paz Andrade foi o seu segundo director e xa en 1924 era tamén o propietario do xornal, que desapareceu en 1926. Nos anos 1988 – 1990 apareceu en Ed. do Castro unha edición facsimilar.

Mui axiña, Valentín Paz-Andrade especialízase en economía pesqueira, dirixe revistas como *Industrias Pesqueras*, publica traballos en revistas especializadas inglesas, francesas, alemanas, dá conferencias e é o autor do primeiro libro sobre economía pesqueira editado no mundo, editado pola FAO en 1953 en Santiago de Chile. A FAO, que chamará ao noso compañeiro para tarefas de adestramento e capacitación en México, en Cuba, en Colombia... Publica *Producción y Fluctuación de las Pesquerías*, e *Sistema Económico de la Pesca en Galicia*, que servidor, ao fin e ao cabo un escritor de imaxinación, olla como agora mesmo Cornide de Saavedra o ten nas mans, suxeto de lenta e preocupada lectura, sentado a carón d-unha fiestra que deixa ver o porto coruñés cos pesqueiros que aparelan para a costeira do bonito, ou zarpan pra o Grande Sole. Hai no cabaleiro da Ilustración Galega e en Valentín Paz-Andrade o mesmo espírito de estudo e de reforma, e porque aínda no ano 1977 na Galicia de nós, precísase no orde dos traballos de restauración da pequena patria, unha ilustración, ou cando menos, o esforzo de espíritos ilustrados. O de Valentín Paz-Andrade podía reconocerse como tal.

Denantes citamos unha obra de Paz-Andrade, *Galicia como Tarea*. Foi o primeiro libro de autor español adicado ao desenrolo rexional. Esta vai a ser a preocupación dominante do noso compañeiro en anos sucesivos. Escribirá un amplo volumen sobre a *Marginación de Galicia*, e estudos sobre o capital como factor do desenrolo de Galicia, e a poboación e depresión agro-económica do noso país, e n-un tomo colectivo *Los Gallegos*, ocupárase da sociedade e da economía nosas. Todos estes traballos supoñen unha visión coherente e a fondo do status socio-económico de Galicia, pro tamén unha búsqueda de solucións aos problemas económicos que ten prantexados a sociedade galega. Trátase da búsqueda que fai alguén que é ao mesmo tempo un economista e un político, e é por eso pol-o que hai que aceptar a totalidade da obra socio-económica de Paz-Andrade como unha especie de “manifesto” que propón as labouras axeitadas nas leiras precisas pra o que xa denantes dixemos, a restauración de Galicia, a reforma e renovamento do eido dos gallegos.

Pro dáse o caso que a carón do xornalista, do sociólogo, do economista, do especialista en pesca, do xurista con longa práctica de abogado, hai en Valentín Paz-Andrade unha vocación literaria, a que sirve

con non banal equipaxe. Hai que dicir que, en primeiro lugar, é o idioma galego o que preocupa. Porque n-unha dimensión mui ampla Galicia é o idioma galego, e por que o noso compañeiro sabe que non se nos pode matinar a existencia de Galicia sin o seu idioma. Pro tamén sabe Paz-Andrade que o galego non pode, nin debe, ser un cementerio lingüístico, e así coído que a súa primeira publicación sobre o galego trata de “a evolución transcontinental da lingua galego-portuguesa”. É quizaves, e sin quizaves, que no discurso que remata de ler, está a preocupación pol-a expansión ultramaríña da fala nosa. Paz-Andrade, que fixo un estudo tan sutil, tan lúcido sobre a obra de Valle-Inclán, foi a fixarse n-un escritor brasileiro, Guimarães Rosa²³, en cuia obra vai o noso compañeiro a atopar e analizar a “galecidade” da súa lingua, a galecidade da lingua do sertão, que Guimarães recría no plano artístico, como apunta Wilson Martins²⁴ a que Paz-Andrade cita, “sem perder as súas fontes, a lingua prodigiosa do sertão, imprimíndolle a mesma flexibilidade que lle dá o sertanejo elocuente, imaxinoso”. Pro, ¿de qué se trata? Cóntanos Paz-Andrade coma a Guimarães Rosa lle atribúen algúns a iniciación d-un proceso de arcaización da lingua. Pra Paz-Andrade, coma os presente ouviron, tal afirmación poidera tratarse d-unha diagnosis encobridora de algún erro de perspectiva, que de certo non podía ser a mesma “si o anteollo se manexa dende Portugal ou do Brasil litoral, ou si para o enfoque tomamos outros miradoiros. O propio sertão ou a Galiza”. Pra Valentín Paz-Andrade, como pra Guilhermino César, hai algo máis que incrinación ou vontade arcaizante en Guimarães Rosa. Guilhermino César vai a preguntarse –e a resposta cumprida está no estudo do noso compañeiro– si “non haberá niso, no querer a lingua nascente, jorrando da fonte galega, ou emergindo das camadas máis incultas, uma especie

²³ João Guimarães Rosa (Cordisburgo, Minas Gerais, 1908 – Rio de Janeiro, 1967). Médico, diplomático e escritor; poeta e sobre todo, novelista que comezou a súa xeira de escritor co libro de contos *Sagarana* (1946). Porén, a súa internacional chegoulle en 1956 coa longa novela *Grande Sertão: veredas*, á que seguiron títulos como *Primeiras estórias* (1962), *Tutaméia* (1967) e *Estas estórias* (de publicación póstuma). É unha das figuras universais das letras do Brasil do pasado século XX.

²⁴ Wilson Martins (1921-2010). Brasileiro, crítico e estudoso da literatura do seu país. Colaborador de *Jornal do Brasil*, *O Globo* e *Gazeta do Povo*. Doutor en Letras pola Universidade de São Paulo e profesor en varias universidades de EE.UU. As súas obras de máis entidade son *Crítica literaria no Brasil* e *Historia da Inteligencia Brasileira*.

de saudosismo incurábel”. Paz-Andrade, referíndose ao traballo sobre o léxico rosiano por Mary Lou Daniel, vai a fixarse en verbas que a estudosa de Guimarães Rosa estima localismos brasileiros, caídos en desuso, de procedencia galego-portuguesa, e que están vivos na nosa fala, *amojar*, neoloxismo de *muxir* ou *munxir*, *chimirimía*, *zanfona*, *orballo*, *arco da vella*, ou o espresivo *lojão*. “No galego, diranos Paz-Andrade, teñen agromado a oito os derivados de lonxe, pro non pasou outro tanto no portugués”. “Por isso, anota Rodrigues Lapa, Guimarães Rosa criou o adxetivo *lonjão*, se é que ele nao existe no sertao de Minas Geraes, oriundo de fonte galega”. A tesis, pois, de Paz-Andrade fica clara: Guimarães Rosa prefere botar man da fonte galega cando o precisar, en vez dos castelanismos, e mesmo dos galicismos, dos que o portugués tanto usa e abusa.

Pro non é soio a *galecidade* da lingua de Guimarães Rosa o que preocupa a Paz-Andrade senón a totalidade da obra, ese longo e perfecto canto do sertão e das súas xentes, de Deus abaixo, e do Demo enriba, Paz-Andrade vai a darnos no seu discurso de ingreso unha biografía de Guimarães Rosa, que é un reconto das súas vivencias, da súa aventura de escritos, a sucesiva aparición dos libros, a gloria nos derradeiros anos, cando saen a luz *Segarana*, *Primeiras Estorias*, *Tutameia*; Paz-Andrade preocúpase do fondo ecolóxico de Guimarães Rosa, o mesmo que do super-realismo zoomórfico, parte tan sorprendente e persoal na obra do brasileiro, da transmisión mítico-oral, etnografía e linguaxe, os mitos maiores, feitizo e adivinación, e tantas outras partes esenciais do complexo, vívido, ricaz mundo rosiano, un mundo que dende agora imos a entender mellor, imos a poder doadamente entrar na profundidá de súa máxia: o mundo de Guimarães Rosa é un mundo de misterios revelándose a cotío, e terse decatado desto, e ensiñarnos a nós todos os seus ceos e os seus abismos, é o grande mérito de Paz-Andrade.

Pro eu non quixera pechar esta benvida, señores Académicos, que dou no voso nome a Valentín Paz-Andrade, sin lembrarvos que damos tamén escano n-esta Casa a un poeta. E o que quero lembrarvos de Valentín Paz-Andrade como poeta é o seu grande canto a Castelao. A voz do noso compañeiro enchéuse d-unha gravidade antiga, da gravidade dos bardos e dos vates, cando da súa boca xurdíu o planto de Castelao, un planto imaxinado, coído eu, para ser o planto d-un pobo máis aínda que o planto

d-un poeta. O planto d-unha matricial, un planto d-unha patria e d-unha nai. Dende a carballeira galega anterga xurdíu o canto coma un vento que fora capaz de levar á outra ribeira do Océano, donde Castelao iaz, os himnos e as bágoas de Galicia. Nese momento, Paz-Andrade cumpríu unha grave obriga en nome de toda a nación galega. Fai pouco lembraba a Filgueira Valverde algo que lle tiña escoitado ao que foi o noso ilustre cofrade, Don Xesús Carro²⁵, que gloria haxa. N-un enterro ao que asistía, e no que ninguén plañía a morta, unha muller que estaba beira do camiño do camposanto berrou: “¡Ai, miña amiga, que ninguén che vai facendo o planto!”. E dice Carro, que improvisando sobre o silencio e a soedade unha conmovedora poesía fúnebre, non deixou de plañir deica non lle foi dada terra ao cadavre d-unha muller que non conocía. Na hora da morte de Castelao, Valentín Paz-Andrade cumpríu por todos. Tan carregado de obra e de logros, eu paréceme que poido decir que a hora do planto a Castelao, é a máis alta pripecia personal do noso ilustre compañeiro.

A quen desexo que favoreza a esta Corporación co seu saber e o seu consello, co seu saber do galego e os seus consellos galegos, durante moitos anos. Deus axude.

²⁵ Xesús Carro García (Santiago, 1884-1973). Eclesiástico e presbítero. Membro da RAG e do SEG. Colaborou no libro *A terra de Melide* (1928). Traballou no Instituto Padre Sarmiento e no de Estudios Medievais que dirixiu Menéndez Pidal. Experto coñecedor da historia de Galicia. Visitou diversos museos de arte europeos e dictou numerosas conferencias. Dos seus libros citamos *Las catedrales gallegas* (1950), *Estudios jacobeos* (1954), *A pelengrinaxe ao Xacobe de Galicia* (1965). Colaborou en *Nós* e no *BRAG*.

*Prólogo*²⁶

Entre as ducias das Galicias posibles, –e ningunha doadamente asequible, interpretable, adespresable–, Joaquín Merino²⁷ puido elixir unha, ou dúas, ou tres, cando se sentou a escribir este libro, despois de viaxar por todo este Fisterra, –a condición finisterráquea de Galicia, a súa condición de punto final da terra conocida durante séculos danos outra Galicia posible, e quizaves a máis complexa e misteriosa–; de viaxar cos ollos abertos, os corporales e os do espírito, decidíu que tiña que elixir todas as que estaban á súa man, que non eran, neste caso, somentes as que amosan o seu rostro ao viaxeiro, senon as outras, máis fondas e veraces, a Galicia máxica, por exemplo, e o estar do galego no seu país, do galego racional e supersticioso, escéptico e soñador, amistoso e calado... Retratar Galicia non é cousa doada, e a meirande dificultade mesma pra un bon retrato, coloreado como é mester, é o propio galego, coas súas ideas sobre a súa provincia, o seu pasado, o seu presente, o seu futuro, o amor sin medida pola terra maternal, o terse ido asentando durante séculos na parvedade bens propios, ou na fuga da emigración. Aínda que ninguén poderá negar, e ésto vese en moitas páxinas moi lúcidas de Joaquín Merino, que o galego sacoulle zugo dabondo á súa humildade material, e construíu as festas suficientes pra esquecer a súa miseria, coa fastuosidade dos xantares dos días dos patróns, –e si esto nono sacia, aínda lle queda pra os días magros o tesouro escusado no castro veciño, que garda un mouro que

²⁶ Álvaro Cunqueiro, “Prólogo”, en Joaquín Merino (1978). *Galicia enxebre*. A Coruña: Induban. [O prólogo aparece duplicado, primeiro en castelán e a seguir en galego, se ben a lingua da obra, o castelán, indúcenos a pensar que o texto galego é o orixinal e que, dado o contexto de publicación, se decidíu axuntar a outra versión].

²⁷ Joaquín Merino. Nacido en 1927, estudou Dereito na Universidade de Deusto e inglés en Cambridge. No ámbito do xornalismo traballou arreo en numerosísimos medios de prensa escrita (*ABC, Ya, Madrid, El Alcázar, El País, Blanco y Negro, Sábado gráfico, La estafeta literaria*), falada (SER, COPE, Onda Cero) e tamén na televisión pública. Foi Premio Ondas e Premio Café Gijón. Foi tradutor por oposición e en Galicia recibiu o Premio Internacional de Periodismo Rías Baixas. Dos seus numerosos libros, tiveron gran éxito entre os lectores *Londres para turistas pobres* (1976), *Guía secreta de Madrid* (1974) ou *Londres para pecadores* (1973). Escribiu tamén sobre temas gastronómicos e traduciu ao castelán o *Epistolario* de Sigmund Freud.

sopla en caracola, ou a amizade cos seus modestos viños, pesia a súa acidez tan humáns, agarimosos, e si chega o caso, dialécticos.

A pretensión de Joaquín Merino de darnos un retrato de Galicia, ten máis que cumprida xustificación nunha fonda e constante simpatía á nosa terra. Verdadeiramente non se non pode contar, –Merino cóntanos Galicia–, con tanta xusteza e tan adespresado o tema, senon se ama éste, se non se non logrou “velo” en todas as suas caras. Todos os países do globo, todas as nacións, todas as comunidades humáns, teñen diversas facianas, e o inquisidor váinas descubrindo e fixando, e averiguando como unha se sobrepón a outra, e nona anula, e duas ou tres, con toda a súa capacidade de expresión, están ao mesmo tempo no espello da acción, é decir, no espello do trunfo, da derrota, da fadiga, do descanso. Que Galicia poida ofrecer ao espectador máis rostros que outros pobos hispánicos, e europeos, ao propio galego parécelle asunto que non admite discusión. Galicia é, pra o galego intelectual, –e hai que oírles opinar a Otero Pedrayo, a Risco, a Rof Carballo, a García-Sabell, a Ramón Piñeiro–, como un personaxe, por decilo así, de Pirandello, sempre o mesmo e sempre cambiante. Pra máis, ¿de onde lle ven ao galego a posesión amorosa da súa terra, –escoitarase decir moitísimas máis veces ó galego “terra” que “país”–, quen xuntou a tan grande receptor da beleza física de determinada comarca xeográfica con ésta?. De Gaulle dixo unha vez unha perogrullada anunciando, con toda a “grandeur” posible, aquilo de “Francia, un pobo que ven do fondo das idades”... Todos os pobos, inclusive os patagóns e os hotentotes, veñen dende o fondo das idades, pro a frase de De Gaulle cobra senso si se troca o verbo “vir” polo verbo “estar”. O galego parece estar en Galicia desde o fondo das idades, e que non teña conocido outro asentamento. Como todo humán, onde a acción humana é posible, –nono será no deserto inmenso nin nas neves perpetuas, e aínda–, o galego fixo o setenta ou o oitenta por cento da paisaxe do seu país. Galicia é, pois, un resultado físico do galego, que nunca deixa de perfeccionarse. Ou de complicar e destruír, que é un xeito de construción. Nas páxinas de Joaquín Merino, en aparente desorde, aparez o inventario do que existe, dos “resultados” físicos e espirituas do longuíssimo camiño da nación galega. E o millor deste libro é, sin dúbida, a súa totalidade, o como se integran as partes nun todo, procurando que non haxa máis que as inevitables diferencias entre o vivo e o pintado, ou millor aínda, no que o pintado toma do vivo pra que poidamos ver millor. E non se non trata dunha leición de anatomía,

porque o libro de Merino, no fondo é un canto, e o que fai Merino é intentar erguerlle a saia a Galicia, que como a de Carolina, ten un lagarto pintado. E misteriosamente, cando Carolina baila, o lagarto dalle ao rabo.

Que esta é outra: Merino sabe que en Galicia existen, dispersos pola situación espiritual e intelectual do galego, condicionádoa, certos misterios que se traducen en certas maxías, como acostuma a suceder en todo pobo creedor, e o galego éio muito. Das suas conversas cos habitantes desta esquiña verde da ecumene, Merino sacou conclusións que lle permiten entrañarse en Galicia máis aló das situacións obxetivas dun visitante, e por eso acepta máis dunha vez como solución ou como opinión unha fábula, unha lenda, un rito. E fica probado que Merino descubríu que o galego non é un tipo incoherente, nin muito menos, senon un tipo que pretende unha explicación xeneralizada do seu universo, á vez mítica e poética, e racional, e práctica.

Pra min constituíu un grande lecer a lectura destas páxinas de Joaquín Merino. Hai muita novidade no seu xeito de ver Galicia, –e o conseguinte amor pra que o que el toca resucite con toda a sua luz na explicación, tan complexa, desta terra deitada na ribeira do Océano Tenebroso, vendo pasar o máis do océano, camiño dos montes interiores, as grandes nubens que van da man do vento do Oeste. Trátase dunha visión orixinal, nada conformista, vivaz, cordial, e no que é posible “a fondo”, da nosa pequena patria. O que hai que agradecerlle a Joaquín Merino de todo corazón, e con razón.

XI

[*Limiar*]²⁸

O *tempo de Compostela* é a eternidade, filla da perpetua resurrección. Pedra glorificada, pro tamén áer, luz, choiva e sombras. Os grabados de Alfonso Costa²⁹ e os poemas de Salvador García-Bodaño dannos os rostros

²⁸ Álvaro Cunqueiro, “Limiar”, en García Bodaño, Salvador (1978). *Tempo de Compostela*. Barcelona.

²⁹ Alfonso Costa Beiro (Noia, 1943). Artista plástico que cultiva a pintura, a escultura, o debuxo, o gravado, o esmalte e a cerámica. Bolseiro da Fundación Juan March para ampliar estudos en Florencia. Ilustrador de libros de autores como Flaubert, Homero, Balzac,

composteláns, tan varios, e sempre un e non hai diferenza entre o vivo e o pintado, porque Compostela é unha figura de soño, estampa espiritual e intelectual na que cada un prefere un instante luminoso ou sombrío, unha alta torre campañeira, unha praza na que o áer depende xeometría, ou unha auga que se escoita nunha fonte que está entremedias entre a terra e o ceo. Tanto o grabador como o poeta, decatáronse que traballaban unha materia case sacra, humanizada e vexetalizada, meteorolóxica, pedra si, pro que tomou vida quizaves sob un lóstrego, e dende entón latexa, fala, escoita, reconece os homes que pasan; parella tamén aos bosques, –“*as columnas eran unha fraga / de pedra tamén*”–, deitados ao luar, cheos de músicas segredas. Na noite compostelán hai sempre un concerto formado por ecos de violas antigas, que van e veñen buscando espacios cada vez máis abertos nos que morrer entre as máis e millor labradas pedras.

E namentras os composteláns durmimos, –xa habitantes, xa peleriños, xa pasaxeiros ou simples soñadores–, Compostela, insomne, refaise, adobíase, arómase, cóntase a si mesma as horas pasadas, pon en festa os sinos e as estrelas. E coida que este insomnio foi sorprendido por Alfonso Costa, e por éso nestes grabados hai tal cantidade de evocación, superior á cantidade de realidade, e somella que se sobrepoñen visións a visións, como si Compostela fose muito máis do que se ve, hai facianas ocultas que nun repente xurden diante de ti, estupefacto, e como viñeron á luz vanse, deixándote unha nova soedade.

E así a poesía de García-Bodaño que acompaña aos grabados de Alfonso Costa, non pode menos de estar feita de soedades, do estremecimento do perdido, da emoción do que se soña recobrar. Que esta é a aventura sentimental do home. Así, pois, Compostela ten unha nova sinfonía nesta carpeta. Alguén reconecerá, no “tempo” de Compostela, os tempos musicas. E o leitor e o contemplador adéntranse na inmensa selva ou cidade por camiños deica agora non usados.

Rosalía, Álvaro de las Casas, Pérez Costanti, Picadillo, Fernández Naval, Eva Veiga etc. Pintou un lenzo de dous mil metros para o Instituto Frenopático de Barcelona, cidade na que viviu moitos anos. Realizou numerosas exposicións e obtivo premios de nivel nacional e internacional.

XII

[*Prólogo*]³⁰

A Real Academia Galega acordou que o “Día das Letras Galegas” do ano 1980 fose adicado ao Rei Afonso o Sabio, e mesmamente pola sua obra poética en lingua galega, e mui en especial polas *Cantigas de Santa María*. Este conxunto de máis de trescentos cincuenta miragres de Nosa Señora, é un monumento das nosas letras. Poida que non todas as cantigas señan da man do rei Afonso, e que poetas da sua corte puxeran do seu no *Libro de Santa María*, como o propio rei lle chama. As noticias dos miragres da Virxe, chegaron a Afonso de muitas partes, dende Constantinopla a Flandes, dende Escocia a Lugo.

Foron estudadas as fontes xermánicas das cantigas polo profesor Ferreiro Alemparte, e outros estudaron as fontes francesas e italianas. Entre nós, o mestre Filgueira Valverde adicoulle unha especial atención á cantiga CIII, a da paxariña que cantou durante trescentos anos ao monxe que quería saber cáles eran os leceres do Paraíso; entre os varios lugares do mundo nos que se dí que aconteceu tal miragre, figura o mosteiro de Armenteira, na nosa terra. De outros miragres, como o da disputa de Merlín co sabio xudeo de Escocia, non se coñece o orixe. Nas *Cantigas*, muitos miragres aparecen repetidos –resurreccións de nenos mortos que as nais levan diante de Nosa Señora, por exemplo–, e muitos referidos a unha imaxe concreta de María, xa a de Rocamador, xa a de Salas, xa a da Virxe de Villalcazar de Sirga. Un miragre, o da muller tolleita, é atribuído a Santa María de Lugo, famosa dende a Alta Edade Media. O que pasma nas *Cantigas* é a cantidade de vida cotián, a diversidade das xentes e dos seus oficios, e pra o coñecimento da vida social do século XIII, son un documento inestimable.

Sábese can ben complexa foi a personalidade do rei Alfonso X, e o atafegada que foi a sua vida de monarca, coas disensións familiares, co fracaso do “feito do Imperio”, coa perda de poder nos derradeiros anos da sua vida. Pro era un creente sin tacha en Santa María Virxe. Cando está á morte na vila de Vitoria, manda que lle traian un códice das *Cantigas*,

³⁰ Álvaro Cunqueiro (ed.) (1980). *Cantigas de Santa María do rei don Alfonso*. Vigo: Galaxia. Escolma, prólogo e versión moderna de Álvaro Cunqueiro. O prólogo ocupa as páxinas 7-9.

e que llo poñan sobre o peito, e sin máis, sin “os panos quentes” que lle querían poñer os físicos, fica sano. No seu testamento manda que haxa en varias eirexas o libro das *Cantigas*, pra que muitas delas fosen cantadas nas festas de Nosa Señora. O feito de que as *Cantigas* fosen pra cantar, fan que os miragres esteñan contados dun xeito ben diferente aos de outras coleccións de miragres, ou aos *Milagros*³¹ de Gonzalo de Berceo. Véxase a diferenza no miragre de Teófilo en o rei Afonso, e o mesmo miragre no poeta castelán. Ou o do clérigo que non sabía máis que a misa de Nosa señora en delambos poetas.

Pro ademáis desta poesía piadosa, Afonso fixo cantigas de escarño e maldicer, nas que sorprende a súa capacidade de ironía e de sarcasmo, o espírito burlón, e aínda ás veces obsceno. Quizaves sexa nestas cantigas suas onde se ve ben o seu grande inxenio, a gracia no uso da lingua, e un dos aspectos máis curiosos da que xa dixemos complexa personalidade do monarca.

Nas páxinas seguintes vai unha pequena escolma das *Cantigas de Santa María* e a carón do texto orixinal –usouse o de Walter Mettman, editado pola Universidade de Coimbra–, vai unha versión en galego moderno que nin pretende outra cousa que ser unha guía pra o lector de hoxe. Por mor da rima –e a Nosa Señora, como se proba co miragre do arcidiago de París, gostábanlle as cantigas ben rimadas–, algunha que outra vez conservouse unha palabra hoxe non de uso corrente –como asaz, ren, porén, faz por fai, etc.–, que o lector salva doadamente.

Ao escolmar as *Cantigas* buscáronse algunhas que tiveran especial interés pra nós, como a de Santa María de Lugo, unha dun romeu de Santiago, e a de donosiña ou donicela³² do rei, que dice o propio Afonso que “así a chaman os galegos”; sendo ésta a única ocasión na que nos menciona como pobo.

³¹ Feitos tamén para seren cantados, pero non posuímos anotación musical destes, no canto das *Cantigas* que si.

³² “Ese pesar foi por hũa / bestiola que mui’amava / el Rei, que sígo tragía / e a que mui ben criava / a que chaman donezÿa / os galegos...” (Cantiga 354 de Santa María, vol. III, na edición de Walter Mettmann, para Clásicos Castalia, 1989).

*Os tres grandes discursos de Álvaro Patricio Cunqueiro Mora en tres altas ocasións, todos dos meses que ían ser derradeiros, habidos no 28 de xaneiro, o 25 de abril e o 25 de maio, do 1980, pezas de agradecemento e despedida –Addio alla vita– dunha persoa que se sabe nas últimas, cando non hai máis cera que arder nin máis pabío que queimar; aínda que o home lide, combata –agonía, loita é– porque espera e agarda entre a espera e a esperanza dun crente que pedía para si “unha morte longa xa que teño moito que expiar”. Falamos no ámbito catequético das ultimidades postremas. Le temps s'en va!
Pero tamén, xaora, da defensa e ilustración de Galicia, ese Reino. Da Terra de quen se tiña por galego de nación. Da lingua: causa primeira e final. Dos seus. Dos amigos. Do propio, en suma, oficio de poeta que nos ten dado os versos maiores e máis admirables –por isto– da nosa lírica, poemas que en Cunqueiro acadaron excelencia, que non noutros, e en tal número. Tennes dado estas tres oracións, xa que logo, nas que a prosa se engalana de marabilla.*

XIII

[Discurso de investidura, 1980]³³

Desque tiven noticia de que a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela me honraba cun doctorado *honoris causa*, non deixara pasar hora sin pensar qué merecimentos tiñan atopado en min pra tan alto galardón. Tiña que ser, sin dúbida, pola miña obra literaria, pro eu estimaba e estimo que esta non merecía o doctorado *honoris causa* por si soia. Uns libros de poemas, unhas pezas de teatro, uns volumes con historias varias, non sería suficiente. Algunha razón ben de máis peso tiña que ter tido a Facultade de

³³ *Discurso de investidura de D. Álvaro Cunqueiro*. Presentación de D. Ricardo Carballo Calero, en *Discursos leídos el día 28 de enero de 1980, en el solemne acto académico de investidura de los Doctores “Honoris causa” D. Camilo José Cela, D. Álvaro Cunqueiro y D. Joseph M. Piel*. Santiago 1981. Univ. Santiago (mais Vigo, Artes Gráficas Galicia). Páxinas 9-14.

Filoloxía pra pensar en min pra este doctorado de honor. Tiña que ser, caía eu na conta, porque a meirande parte da miña obra, comezada vai a facer cincuenta anos, tiña sido escrita na nosa fala galega. Cando por ves primeira collín a pluma pra escribir un poema de amor, sin pensalo, sin decisión previa algunha saíume en galego. E foi daquela un namoramento súpeto que dura deica agora mesmo. Non poido decir o «Sero te amavi, pulchritudo tam antiqua et tam nova»³⁴ de San Agustín, porque lle din á fala nosa toda a miña mocidade. Xornadas enteiras parecía que a vida mesma pendía do fio dun verso. Foron tempos de grandes descubrimentos: Rosalía, Pondal, o meu paisano Noriega Varela, e logo un día Manoel Antonio, que foi como ter unha fiestra nova pra contemplar o mundo, e despois os *Cancioneiros* medievaes, que foi como si me probasen que un home podía cantar de amor e de amigo como un paxaro. Ninguén me ensiñaba a fala, que eu adeprendía cos labregos e cos homes dos oficios, cos cazoleiros e cos ferreiros, no forno de cocer o pan e nas feiras. Eu vía o mundo coa miña fala, e facíame dono del, da abidueira e do merlo, dos escuros montes que pechan o seu val natío, e dan claridade que se abre por onde eles mesmo o fan pra que poida entrar á terra o vento mareiro. E vede aquí esta fada que dende entón me acompañou, chea de anelos de ouro, nas horas máis gozosas e nas máis sombrías. Gardo recordo da hora da miña adolescencia na que eu tiven conciencia plena da dignidade da nosa lingua, tan maltratada entón, e tan desvalorizada. No Seminario de Mondoñedo ensiñaba un gran latinista, don Francisco Fanego Losada, quen daba a súa clase nunha aula da planta baixa, cuía gran fiestra abríase sobre a plaza nova, xusto onde poñían os vendedores de palla, e perto de onde poñían os seus carros de encana os carboeiros e o seu barro os cazoleiros. Por derriba do boureo dos tratos escoitábase de cando en vez a voz de don Francisco decindo cáseque a berros, un verso de Virxilio ou unha frase de Cicerón. Era unha mañanciña de outono, soleada e quente. E sobre o falar dos que vendían e dos que mercaban, impúxose, cunha forza inusitada, a voz de don Francisco: *Cras iterabimus aequor*.³⁵ Por un momento calaron todos, como si houbese saído ao áer unha palabra diviñal. Volveu de novo o boureo do trato, o relear en galego o precío dun mollo de palla, dun

³⁴ San Agostiño, *Confesiões* X, 27. [“Tardía chegaches a min, beleza antiga e nova”].

³⁵ Literalmente: “Cras [in gens] iterabimus aequor”. Contra o que pode parecer é un verso de Horacio (*Carmen* I, 7, v. 32), non de Virxilio. A tradución é manifestamente mellorable. Para nós: “Mañán percorreremos outra vez o mar”.

porrón e dun cesto de carbón: latín e galego, é decir, eterno. Esto foi o que eu sentín, e o que eu non esquecín endexamais.

E quizaves naquel virxiliano «Mañán navegaremos ao largo!», esteña a raigaña do meu posible humanismo, e tamén sí a miña afición a contar as viaxes de Ulises ou de Sinbad, o piloto do califa de Bagdad.

Unha dignidade, a da fala nosa, que eu lle concedía a todo o noso reino, á terra nai, á humilde e pobre Galicia. Unha vez o señor Goethe, cunha frase que podía ser do noso Otero Pedrayo, dixo que o reino de Bohemia, un cadrado de montes no corazón da chaira europea, tiña unha especial dignidade. Isto tiña pra min o reino de Galicia, pechado de montes a levante e aberto a occidente sobre o Océano. Un reino inmenso, que vai dende o Cebreiro a Fisterra, da fonte onde nace o Miño á illa de Ons, preñada do mar, reino de fragas e de vales, de cumes nevadas e de terras de viño levar, da carqueixa e da camelia, do corvo cereal e da gueivota, do lobo e do pombal.

E este reino era, polo poder mesmo da fala na que eu o decía, un reino de meu. Puiden ver, anos pasados, muitas outras paisaxes diferentes, en Europa e noutros continentes, pro nunca soupen decilas si non as reducía á paisaxe miña. Falaba de Bretaña de Francia e era de Galicia de quen falaba, dos outeiros verdes e dos longos esteiros dos ríos. Describía un porto dos arábigos no Golfo Pérsico, e eran Foz, Viveiro, Bueu ou Noia as estampas que tiña diante de min e que precisaba pra que fose verdade a entrada e saída dos veleiros, e aínda a mesma brisa mariña. Contaba de Ulises saltando de illa en illa dos helenos, e eran as Cíes ou Sálvora o meu modelo, arrodeado de escumas. Contaba dunha cidade e era Mondoñedo ou Betanzos, e por Florencia de Italia poñía a Compostela. E todos os camiños que eu inventei aos países polos que andaban os meus soñadores, eran o vello e santo camiño de Santiago, este camiño que ven dende máis aló de Xermania como probe de pedir polas portas, un río cheo de pó e de gloria.

Nunca soupen pintar outra cousa que este reino no que nacín, e cuios lindeiros, bosques, fontes, camiños e pousadas digo coa lingua maternal.

Non é que me negue, ben o sabedes, a decir noutras falas e a pasear por outros xardíns, pro todo eso son aderezos, todo o ricos que queirades, pro o home verdadeiro é este galego que vos fala, e que vos agradece. Endexamais pensei que honra tal me fose concedida. Pra xustificar a vosa concesión deste doctorado *honoris causa*, teño que decir un *Non nobis*... E agora mesmo venme á memoria o final dun acto dunha peza do meu tan lido e repasado Shakespeare. E do *Enrique V*. Despois da batalla pregunta:

—¿El qué eirexa que se ve acolá?

—Azincourt, sire, respóndenlle.

—Pois imos a cantar nela un *Non nobis* e un *Te Deum*, e despois a Inglaterra, onde nunca chegaron dende Francia homes tan felices.

Permitídime que use estas palabras, referíndoas a min. Canta no meu corazón un *Non nobis Dómine* e un *Te Deum* nesta hora da vosa xenerosidade, e despois a Mondoñedo, a onde nunca chegou dende Compostela un home tan feliz.

XIV

*Álvaro Cunqueiro no homenaxe de Vigo*³⁶

25 de Abril de 1980

Amigos todos:

En primeiro lugar as miñas palabras teñen que ser de gracias ás entidades que convocaron este acto. Gracias moi especiais ao Rector Magnífico da Universidade de Santiago, que me honrou cun Doctorado *Honoris Causa*, a mín, un mal estudante, que non podía pensar na ciencia porque andaba cos petos cheos de versos, de moitas toleadas e venteadas na cabeza.

Moitas gracias a Domingo García-Sabell, un amigo irreprochable dende os anos mozos, alá nas ruas compostelanas. Moitas gracias a Francisco

³⁶ *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*. Nº 22, Marzo-Abril 1981. “Dous discursos inéditos de Cunqueiro”.

Fernández del Riego, bo amigo de toda a vida, unha compañía fiel e xenerosa, que nunca poderei pagar. Gracias a Ramón Piñeiro, outro da miña tribu luguesa por este primeiro tomo das miñas obras completas. Gracias a Xoana Torres, tan xentil e tan querida e que tanto se esforzou e fixo por este disco no que está a súa voz, decindo versos meus da mocidade. Moitas gracias. Dou as gracias a tódolos que estades aquí.

Pero eu penso que tería que dar as gracias a unhas instancias mais altas. Tería que dar as gracias a El Señor. Loubado seña Deus, porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia, neste grande reino do Fisterre, que vai desde os montes astra o mar onde brillan os pés do vento, a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das perigrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso, eternamente verde, patria querida, a terra no senso barresiano³⁷: a patria son a terra e os mortos. Gracias a Deus por este reino.

Loubado seña Deus tamén por terme dado o don da fala nosa, por haberme ensinado a dicir “rula” e “abidueira” e “dorna” e “ponte” e “fonte”, e entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte.

As miñas invencións e as miñas maxias teñen, nembargantes, un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os mortos, haxa esta outra patria que é a fala nosa. Se de mín algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba na terra nosa, podería dicir a miña lápida: “Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis”³⁸.

³⁷ Referido a Maurice Barrès, escritor francés tradicionalista (1862-1923). Foi lectura de xuventude, e máis tarde, pola incitación de don Vicente Risco, que compartía, tamén, temas, opinións e aínda ideoloxía co escritor auvernés que virou cara á dereita tradicionalista. Os tres volumes do *Roman de l'énergie nationale: Les Déracinés* (1897), *L'appel au soldat* (1900) e *Leurs Figures* (1902) desenvolven o eixe temático: “A terra e os mortos”.

³⁸ O autor dixo “primaveiras”, no canto de primaveras, que é o que ten que ser, consonte co que, o mesmo autor, deixou dito a prol de repristinizar o léxico ou os desleixos.

Tamén teño que dar as gracias a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós, por haber nacido no voso tempo e ser amigo voso; gracias por tanta xenerosidade que tivéstedes e tendes connigo.

Dixo o Xeneral De Gaulle que o pobo francés era un pobo que viña do fondo das edades. Isto é unha perogrullada³⁹. Tódolos pobos veñen do fondo das edades. O galego foise facendo pouco a pouco e lentamente, como tódolos pobos, o entramado do maxín e o raciocinio é a maneira de decir e a de expresar o mundo. Eu entre vós e convosco, intento averiguar, intento decidir qué somos nós, os galegos, e por ende xuntarme con vós, os galegos, para tódalas tarefas que importan á terra nosa. Moitas gracias.

Hai un miragre nas Cantigas do Rei Afonso o Sabio, a quen esperamos que se lle adique o Día das Letras Galegas, en que un arcediago de París que estaba escribindo unha prosa rimada, non daba cunha rima e foi axeonllarse diante dunha imaxe da Nosa Señora na Igrexa de san Víctor en París, e pediulle que lle dese aquela rima que lle faltaba. E volveu ó seu escritorio e con pluma de ave escribeu e achou a rima, e cando a tivo atopada, volveu outra vez a axionllarse diante da Virxe e leulle a súa prosa rimada. E dí a cantiga de El Rei Afonso que Nosa Señora inclinouse levemente ó Arcediago e díxolle: moitas gracias.

Eu agora penso que todos vós sodes Santa Galicia, unha nai eterna que se inclina un pouco diante de mín para darme as gracias, porque eu lle fun ler unha prosa ou un poema. Pero eu, dende logo, non vos debía, non lle debía deixar á Raíña santa e eterna que é Galicia, darme as gracias, senón adiantarme eu e axeonllado decirvos: “moitas gracias, moitas gracias”.

³⁹ *Ex abrupto*, cando menos, por romper o *decorum* e a unidade tonal do discurso, para deostar ao que fora xefe da Resistencia francesa contra os nazis, o xeneral aliado, morto facía dez anos, militar este que non podía ser ben quisto polo Cunqueiro deste ramalazo incidental, cuarenta anos andados.

[“*Eu daría a vida para que a nosa lingua continúe*”]⁴⁰

25 de maio de 1980

Señores membros do Patronato do Pedrón de Ouro, amigas e amigos todos:

Eu agradezo moi profundamente este Pedrón de Ouro 1980, que me ten sido outorgado e que me pon na nómina formada por un grupo de galegos que traballaron no sulco da terra i estiveron na sementeira e na colleita. Agradézolle moito ó meu amigo, de fai xa moitos anos, Abuín de Tembra, as palabras que me adicou.

Eu decátome de que estamos nun lugar sacro, que estamos nun dos santos lugares dos galegos, na casa na que viviu e morreu a Cantora. Decátome da miña pequenez, e non é falsa homildade. Teño cáseque repetir aquí as palabras que fai xusto un mes, eu decía en Vigo nun homenaxe que me renderon os amigos. Eu teño dado gracias ós que me conceden o Pedrón de Ouro, dádolle gracias a Abuín de Tembra, dádolle gracias a todos os que estades aquí, teño que darlle gracias a Deus⁴¹, porque me permitiu nacer en Galicia, neste gran Reino deitado veira do Océano, do Fisterre, a terra mais occidental do mundo conocido. Teño que dar gracias a Deus, porque me permitiu vivir ó mesmo tempo que vivides vós, e ser amigo de vós, e recibir esta compañía de vós; e teño que dar gracias a Deus, e moito máis neste día de Pentecostés, neste día do vento e do lume, que decía tan fermosamente o crego na Misa en Santiago de Padrón, neste día das linguas teño que darlle gracias a Deus, de haberme dado o don da lingua nosa, de haberme permitido vivir na casa da nosa lingua, de haberme permitido encender lume na lareira da casa da lingua galega.

⁴⁰ Transcrición no *El Correo Gallego*, 27-05-1980. (Temos confrontado tamén a que aparece na revista *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*. Nº 22, Marzo-Abril 1981, pp. 128/22-129/23). O título, aínda que aparece no texto, ben puido ser elección da dirección do xornal.

⁴¹ Cunqueiro pronuncia “Dios”.

Auguste Verdot⁴², un amigo de Mistral, decía que os Apóstoles comezaron a falar en tódalas linguas; pero non sólo nas linguas presentes, é decir, nas linguas do seu tempo, senón tamén en todas as linguas que foron denantes e en todas as linguas que iban a vir despois. Que falaron, en fin, en todas as linguas que houbo, hai e haberá no mundo. I entón, si el pensaba que houbo un momento en que os Apóstoles falaron na lingua d'Oc, eu teño que pensar, nós temos que pensar, que houbo un momento en que os Apóstoles, o día de Pentecostés, o día do vento e mais do lume, o día das chamazas sobre as cabezas dos Apóstoles, no día das linguas, falaron na lingua nosa, falaron en galego, na eternidade do galego que iba chegar. Iba a vir un día, unha primavera no mundo, e nesa primavera, ó lado dos paxaros mais cantores, a carón das mais fermosas rosas, no medio dos ventiños de abril, nas bocas dos nenos e nas bocas das nais, iba haber a lingua nosa, a nosa lingua galega.

E non é outro o senso da miña pequena obra literaria: eu sei o que valgo, eu sei que son un fabulador un pouco vagabundo, un inventor de historias; que ó mellor, o meu posto quizá fora noutro século e con unha viola, como un cego de festas co seu violín, andar cantando coplas e sucesos polas feiras do mundo adiante. Pero como dicía fai un mes aos amigos que estaban connigo en Vigo, si a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo, na miña aspiración máis fonda, en algo polo que eu daría a vida, que é que a nosa lingua continúe, que Galicia siga. Recordo ó poeta francés, Charles Péguy⁴³, cando no Misterio da Caridade de Xoana de Arco, saía Xoana e lle preguntaban que é o que quería facer, e ela decía: “il faut que chrétienté continue”, é preciso que a cristiandade continúe. É preciso, pra ben e pra decoro do mundo, que Galicia continúe, e, si continúa a lingua, nós continuaremos como pobo, e, si a lingua non continúa, nós non continuaremos como pobo.

⁴² Na transcripción que nós seguimos aparece “Verencot” (*sic*). Entre os amigos de Mistral, os que pertencían ao Escolo dei Felibre de la Mar, fundada no 1877 en Marsella, non aparece outro, senón este, poeta e tradutor, premiado, na Pentecoste do ano 1878, pola tradución do himno *Pange lingua*.

⁴³ Charles Péguy (1873-1914), poeta católico francés. A cita procede de *Le Mystère de la charité de Jeanne d'Arc* (1910).

Non podeades decatarvos cánto agradezo a vosa presenza, canto agradezo este Pedrón de Ouro, canto agradezo o saber, agora na “cruda senectute”, que decía Cicerón⁴⁴, xa nas portas da vellez, canto me consola a mín, canto me conforta sabervos a todos tan amigos e atoparme con vós en este que digo, e vós sabédelo tan ben coma min, é un lugar sacro, é un dos santos lugares de Galicia. Moitas gracias⁴⁵.

[Os fortes aplausos de todos os presentes – constata o cronista– premiaron con emoción e reconecimento as non menos emocionadas palabras de Álvaro Cunqueiro, entrecortadas de seguido por o asentimento dos presentes pro tamén po-la emocionada palabra, entrecortada palabra deste patriarca da língua, que dixera Abuín].

Anexo aos discursos: “Cunqueiro, flor de Galicia” [fragmentos]

Por Andrés Torres Queiruga, *Encrucillada*, nº 22, volume V (marzo-abril 1981): 121/15-125/19.

Cando por primeira vez se me cumpriu a ilusión de oír falar en público ao home que desde había tanto tempo me fixera gozar os máis belidos e limpos soños, esa foi a miña certeza: Cunqueiro estaba xa mais alá, transfigurado, por enriba de calquera vanidade persoal, nos espazos limpos da comunión no ideal e na esperanza. Despois,

⁴⁴ Non temos atopado ese sintagma nin en *De senectute* nin en ningunha outra obra de Cicerón. Si aparece en Virxilio e en Tácito. Estaríamos outra vez ante unha cita de memoria inventiva, da que tan seareiro era don Álvaro.

⁴⁵ Hase saber que Cunqueiro non leu o discurso: falouno, cousa que nos aparta de botar man dun orixinal manuscrito que nunca existiu, por moito que o autor o tivera na súa cabeza, e que o dixera de memoria. A intervención foi *un feito de fala* (no que ten de espontáneo actuante e irrepitible, mesmo na súa persoal modulación) e non *un feito de lingua*. Este feito de fala converte a alocución nun acto **único**. Álvaro improvisa (“que tan fermosamente dixo o crego”), repentiza, acolle no seu dicir divinas palabras da Pentecoste da misa do día na que vén de participar na igrexa de Santiago, en Padrón. Palabras litúrxicas que din **do vento e do lume**, cando os apóstolos reciben para si o don de linguas. Seguindo a arquitectura retórica do discurso, o autor concorre e recorre, alfa e omega, un camiño rotundo ou circular, tan querido por el, desde a cruz á data. Agora e **aquí**.

en Padrón, co motivo da entrega do Pedrón de Ouro –desgraciadamente no homenaxe en Vigo resultoume imposible–, foi a confirmación definitiva: tiven a evidencia de que aquel intre constituía un deses acontecementos excepcionais no discurrir do mundo e de que dificilmente se volvería a repetir. Era un milagre.

Como tal milagre, Cunqueiro, igual que a súa obra, tiña algo de gratuito. Desa suprema gratitude que nace do xeneroso e se expande na beleza. Non quería nin podía escribir “por encargo”. Moitos non o souberon entender a tempo. Anque el mesmo nolo explicou nunha das súas últimas entrevistas: “Eu pretendín sempre que a miña obra sexa imaxinativa e libre, porque o contrario sería falso en mín”. Esta é a razón definitiva: a gratuidade e o reflexo transparente da verdade. Da verdade da obra, que responde á verdade do ser.

[...]

E foi unha sorte inmensa. Porque Cunqueiro soubo pagar o homenaxe. Os dous discursiños que pronunciou teñen algo de resume e testamento. Por desgracia a transcripción non pode recoller a calor da presenza nin a irrepitible inflexión da voz. Con todo, aínda así aparecen como floración suprema e como desvelamento último do segredo da súa vida e da súa obra.

Se hai algo que a primeira vista chama a atención neles, é a revelación da gratuidade como gratitude. “Gracias” é a palabra que mais se repite. Como ritornello irreprimible e envolvente. Gracias a todo e a todos: aos organizadores, aos amigos, aos presentes, ao tempo que lle tocou vivir, á terra que o viu nacer, ao intre mesmo do discurso, como epifanía evidente e concentrada do universal motivo de agradecemento (¡o final do discurso en Padrón!). Gracias, final e primeiramente, a Deus.

Compre fixarse neste punto. Impresiona pola súa libre sinceridade e mesmo pola súa finura teolóxica. A gratitude de Cunqueiro ten expresa raiz transcendente: todolos dons son, en definitiva, dons de Deus. Proclámao ao comenzo do discurso de Vigo: “Pero eu penso que tería que dar gracias a unhas instancias mais altas: tería que dar gracias a El Señor”. E desde entón a palabra Deus acompaña, como fonte fecunda e gloriosa, á palabra gracias e ás entrañables realidades que constitúen o motivo do seu discurso e a materia mesma da súa vida.

XVI

*Laude da Camelia*⁴⁶

[Acompañado de “As dez virtudes da camelia”, e nota mecanoscrita a Antonio Odriozola]

Veño hoxe aquí a facer o laude da camelia, esa frol que colorea os xardíns dos nosos invernos grises, cando todo é nos campos morte e desolación, aínda que no segredo da soterra se esteñan facendo, como quen soña, as froles todas da primavera e do verán. Nos días da gran morte da flora invernal, aparece a camelia vestida de luz, a máis fermosa visitante que teñamos recibido endexamais no noso país. Tivemos fermosas raíñas que nos viñeron de fóra, a rosa, clausura primeira da armonía, e fadas de cabelos de ouro que si cadra aínda moran segredas entre nós, vestidas de augas das fontes ou gardadoras de tesouros relucintes. Pro, como a que máis se afixera a nós, a vivir no país, e vindo de máis lonxe, ningunha como a camelia. Tan nosa se fixo, que é xa frol das Rías Baixas e de Galicia enteira. Hai pazos e hortos en terras abesías e esgrevias na Galicia interior, nas que a camelia, que é luz, ábrese a luz, como unha lámpara que acenderan anxos invisibles. Cando no Xapón pintaron ese volume que se chama *O libro das mil camelias*, que son xustamente mil as que alí veñen pintadas, os autores souperon que tiñan pintado o eterno invisible. E por eso, e seguindo un texto de Margaret Bradley Dikes –que debo á xentileza dese amator das camelias que é Antonio Odriozola– e que se refire ao efecto psicolóxico das camelias, sabemos que a súa contemplación pode formar parte dunha meditación parella daquelas que na nosa cultura occidental pode suscitar o UBI SUNT...? ou o CARPE DIEM. ¿Onde van as neves de antano? «Los infantes de Aragón, que se ficieron?» E tamén, o aproveita esta hora de mocidade e alegría, –a alegría é moza e fuxitiva– que trala porta está xa a vellice e maila morte. Como en poemas de Ronsard ou de Yeats:

Cando xa señas vella, e gris,
e chea de sono,
e a carón da lareira toquees

⁴⁶ Álvaro Cunqueiro (1981). *Laude da camelia*. Excma Diputación Provincial Pontevedra. A data é a da publicación. O discurso foi pronunciado no ano 1971.

soña como moitos amaron
a tua gracia leda
que xa se foi, nun murmurio das estrelas...

E entón a camelia cae; xa sabedes que cae desprendéndose enteira da ponliña en que naceu, e camelias sin desfollarse cobren o chan arredor do arbore. Lafcadio Hearn espicounos nun dos seus fermosos libros sobre o Xapón, que os poetas de acolá inventaron unha palabra que imita o leve e sombrío son que fan as camelias cando caen ao chan. Na patética da poesía xaponesa, ese ruído foi agrandando ate comparalo ao que fai a cabeza do decapitado, ao caír cortada polo verdugo. Por eso, a morte cruel de herois de mala fortuna, está dita nun verso como camelia arrincada do arbore por súpeta tempestade. A imaxe é a mesma daquel himno medieval en loor dos Santos Inocentes que o poeta Charles Péguy escoitaba na Catedral de Orleáns, onde súa nai empallaba sillas:

CEU TURBO NASCENTES ROSAS...⁴⁷

Como a tempestade as nascentes rosas, así foron arrincadas da vida os inocentes... Pro tamén en Hearn lese que a primeira camelia foi a branca. Nunha habitación, nunha casa, había nun vaso unhas camelias brancas, entrou un Samurai, canso e cuberto co pó da guerra, e desnudou-se pra bañarse nunha gran tina de bronce. As camelias brancas, ao ver ao mozo núo, ruborizáronse, unhas máis que outras, e así naceron as primeiras camelias coloradas. Pode e debe sere verdade. Tamén se conta que cáseque ningunha camelia ten cheiro, que en lonxanos tempos o tiñan, pra que un exiliado que retorna a súa aldea poida recoñecer, polo cheiro, a súa casa, escondida baixo as ponlas das camelias, que cobren os tellados. Un exiliado cego. Outros din que un emperador mandou que non cheirasen as camelias, porque o seu cheiro lle recordaba a unha muller moi amada, morta na mocidade. E as camelias obedeceron ao mikado. E ao chegar cómpre lembrar que as sorrisas das mulleres fermosas son comparadas a camelias brancas, cando entre nós Ronsard (*sic*) e Rilke comparáronas con rosas roxas. ¡Misterios das poéticas!⁴⁸.

⁴⁷ Este epígrafe procede dun himno do *Breviario*: “Como a tempestade (levou) os gromos das rosas”.

⁴⁸ E tanto!

Leonardo da Vinci comparaba a sorriso das mulleres fermosas coa auga dos ríos, nos remansos.

Non sei si os eruditos saben cal foi o día no que dona Camelia, a primeira camelia, chegou á nosa terra⁴⁹, coma unha Virxe peleriña das froles. Gustaríame saber que foi o día tantos de tal mes de tal ano despois da creación do mundo. No século XVII dous teólogos ingleses, o arcebispo Usher e o sabio Lightfoot, calcularon que Deus tiña creado o mundo no outono do ano 4004 denantes de Cristo. Todos coidaríamos que foi en primavera, pero foi en outono, e quizaves pra que a primeira frol que viramos, os hiperbóreos, cando nos campos trunfan as neves, fose a camelia. En fin, como no *allegro* dunha pavana, chegou onda nós, a topouse a gosto, e ficou aquí para sempre. Xa é de nos tanto como no Xapón. Xa é de Rosalía tanto como de Basho⁵⁰. Tanto é dos nosos hortos e xardíns como dos do emperador do Xapón. Xa é tan de nós, que ás veces, escribindo de xardíns medievaes, está un tentado de decir⁵¹ que Alfonso XI e a Ribeirinha, ou Paolo e Francesca, se amaban á sombra dunha camelia. Ou que estaba pousada nunha camelia a paxarina da cantiga CIII de Santa María que tan ben estudou o mestre Filgueira Valverde, e que cantou perante 300 anos, como soen os paxaros do Paraíso Terrenal. E un imaxina aos trovadores nos con camelias na man, decindo do amor. O outro día, Odriozola agasalloume cunha roxa, no corazón un torre de ouro, e díxome que a esa camelia lle deran o nome del Rei don Diniz, o trovador. Era como o sombreiro da boa fortuna del Rei, cando chegado maio, e vista a frol do pino, mandaba que lle ensillasen o baionciño, e guisasen de andar⁵². Cun sombreiro semellante a unha camelia saía á primavera do mundo...

⁴⁹ Parece que as máis antigas son as do Pazo de Oca.

⁵⁰ Masuo Bashô, o máis popular dos poetas xaponeses (1644-1694).

⁵¹ Se foi o xesuíta padre Kamel (1661-1706) quen trouxo desde Asia as camelias a Europa xa no século XVIII, o que se dixo atrás e o que vén só pode ser un modo de dicir, das tantas invencións e ensoñacións cunqueirianas, que poden quedar ben, pero que son falaces por anacrónicas, polo menos.

⁵² O verso de don Diniz di: “*e guisade d’andar*”, refrán da cantiga “Amad’e meu amigo” (C.V. 173; C.B. 570) de maio na que el Rei mandaba arrendar o seu baionciño. ‘Guisar’ por ordear, dispor, preparar.

Si eu fose mozo e tivese un algo de imaxinación, podería agora defender a tesis de que a camelia pertence ao orde románico, ou si queredes ao barroco. En delambos casos, a idea galega dun xardín⁵³.

E porque coido que todos estamos contextes, veleiquí esta fermosísima festa da camelia, frol das Rías Baixas e da Galicia enteira, e das terras miñotas dos lusitanos. Neve cando ela quere, sangue cando ela quere, quizaves nela escondese unha princesa encantada que nos veu de mui lonxe, pra que os galegos poidamos vivir nas néboas e nas albas grises como si camiñáramos cunha luz na man.

AS DEZ VIRTUDES DA CAMELIA

LONXEVIDADE

Creíase noutros tempos que a camelia tiña máis longa vida que calisquer outro arbusto ou arbre, e ista era unha virtude vida do Ceo.

INMUTABILIDADE

As follas da camelia permanecen sempre verde[s] ao longo das estacións, e isto amosa a virtude da inmutabilidade.

CONTINUIDADE

A camelia inxírese doadamente, e así amosa a virtude da continuidade.

REVIVISCENCIA (¿RESURREICIÓN?)

A camelia estoupa en capulos na tempada primavera, mesmo despoixas do frío paisaxe do inverno, e ista é a virtude da reviviscencia.

PUREZA

A camelia branca é símbolo da pureza, e tódalas camelias deben medrar con limpidez. Ista é a virtude da pureza i a tersura.

BELEZA

A camelia amosa unha beleza inmutable durante a época da frolación, en calisquer lugar que medre. Ista é a virtude da permanencia da beleza.

COORIDO

A camelia ofrez o animado contraste das súas verdes e lustrosas follas co roxo dos pétalos e o amarelo dos estamios, e ista é a virtude da variedade de coor.

TESÓN

⁵³ A idea neoclásica dos mellores xardíns paxegos de noso.

A camelia conserva, perante toda a súa vida, as características de fermoso e pequeno arbore frocido. Esta é a virtude da inflexibilidade.

SERVICIO PÚBLICO

A camelia dános as súas maravillosas froles cando son moi poucas as outras plantas que frolecen. As froles úsanse pra faguer ramos, e tamén nas ceremoñas relixiosas, i o pequeno arbore sirve pra embelecer a paisaxe. Esta é a virtude do servizo.

UTILIDADE

A madeira da camelia, sobranse da poda, úsase pra faguer carbón, que val prá cociña e pra braseiro. Das semillas sácase aceite, que se usa pra moitas cousas, como guisar ou suavizar os cabelos. Esta é a virtude do beneficio.

ANRAKUAN SAKUDEN

(1554-1642)

[“Perdona el retraso, pero una gripe mocosa, carraspera y persistente, me tiene apampado y somnoliento como un Borbón viejo. Es muy bonito el texto. Gracias otra vez [por] el libro sobre Basho,

Un abrazo

Álvaro”⁵⁴]

XVII

*A pintura de Prego*⁵⁵

Van alá máis de vinte anos, cando escribín un artigo sobre a pintura de Manuel Prego. Tratábase, permítaseme dicilo, dun artigo “en maneira poética”, no cal pensaba eu dar a entender algo sobre poesía ou, de vez, dun poema ou cousa tal que nace de si, que vive en si, nútrese de si, e que, polo

⁵⁴ Nota mecanoscrita para Antonio Odriozola, ao mesmo tempo que lle fai chegar a tradución dende o inglés, sobre “As dez virtudes da camelia” (circa 15-II-1971). Na biblioteca e arquivo Antonio Odriozola no Museo de Pontevedra.

⁵⁵ “La peinture de Prego” [tradución ao galego dos editores], en *Prego: Exposition du 23 juillet au 5 aut: Palais de L’Unesco Paris*. Ourense: Deputación Provincial, 1981.

mesmo, explique a realidade, tanto a visible como a non visible, ou sexa: o vivido e o revelado (ensoñado) que eu tentaba explicar en última instancia: un cadro ou un poema, no que teñen de valor, na igual medida que un sabe crear *une tranche de vie* noviña do trinque. De outro modo: engadir a creación á Creación ou a vida á Vida. Na época do surrealismo, alguén dixo que sabía recoñecer un bo cadro dun mal cadro, soamente con tocalo e intentando saber a cantidade de aire que dentro del circulaba. O que quería dicir, é que recoñecía se o cadro era bo ou malo segundo a proporción de gozo, de capacidade de comunicación que tivera posto o pintor na súa obra. Cando se visita a exposición de Prego, agora en París, calquera pode entender, de entrada, que se atopa fronte a fronte coa obra dun creador entusiasta e non con calquera pintor ao uso. “Todo gran escritor é extraordinariamente monótono”. O que di Dino Buzzati dun creador, ao mesmo tempo, brillante e monótono, o que vale tamén para Prego. Prego é suficientemente gran pintor para permitirse ser “brillantemente monótono”.

É un gran pintor pero non de agora. Era xa un gran pintor, hai máis de 30 anos e continúa séndoo coas súas propias solucións aos problemas que se lle presentan aos pintores, despois da distribución de formas no cadro, as dimensións, as cores, ata a atmósfera que envolve o cadro, “ese impalpable po de ouro dos grandes mestres” como ten dito Walter Pater⁵⁶ e *la touche* dunha melancolía que lle é máis propia, e unha concepción moi particular e moi lúcida da porción de poesía que debe darlle vida a ese cadro. En cada cadro de Prego, calquera atopa a pintura necesaria, formas e cores, pero ademais outra cousa máis grande. Unha fiestra aberta sobre presenzas que se revelan como necesarias. Mirando eses nenos, aquela natureza morta sobre os limóns no seu pequeno cestiño que a luz semella traernos; os desertos de area, as flores tan delicadamente coloreadas ou os mendicantes patéticos que parecen camiñar no crepúsculo hacia un lugar onde alguén acaba de prender un lume tépedo, o que nos dá un conxunto ordenado de elementos que compoñen o que nós chamamos: vida, natureza, sociedade, elexidos, por unha parte, segundo o espírito e a necesidade urxente de pintar para dialogar co público, e o desexo

⁵⁶ Walter Horatio Pater (1839-1894), escritor e historiador da arte inglés. A súa novela *Marius the Epicurean: his sensations and ideas* (1885) foi considerada a biblia do Esteticismo, e destacou tamén polos seus ensaios. Influíu en escritores ingleses coma James Joyce ou Virginia Woolf.

de “expresarse claramente”, de outra parte. Toda obra de arte tal como aconsella Goethe, precisa dun pouco de misterio, ese misterio que lle é propio e non aquel que se pode mercar ou que está de moda, que o mesmo vén a ser.

Todo iso non é doutrina, senón necesidade de falar do que un sinte diante da obra do mestre que a concibiu. Pois a pintura de Manuel Prego é á vez pintada e creada, concibida coa axuda dos soños vividos, e non con outros recursos que Prego endexamais utilizaría, como podemos decatarnos ante estes cadros. Porque, a través deles, o pintor busca sempre unha verdade superior á verdade intelectual. Á alba, na soidade e no silencio da sala, parécenos oír unha música apaciguadora ou un certo perfume que emana das primaveras e dos outonos antigos e eternos. Aí, nesos cadros, séntese o eco das horas amadas ata a exaltación, e sufridas ata a fatiga extrema.

Escribín estas liñas para que poidamos ver e coñecer, neste intre, a un dos máis ricos, deslumbrantes, luminosos, sabios, libres, mestre pintor, na exposición que se nos puidera ser dada, vista aquí e en calquera outro lugar do mundo. E digo isto posuído dunha verdadeira emoción e respecto ao mestre.

XVIII

*A xeito de prólogo*⁵⁷

Dúas veces falou o mestre Otero Pedrayo en exposicións de Xulio Prieto Nespereira, e noutra ocasión prologou a edición das conferencias pronunciadas nunha mostra coruñesa do gran artista galego. De entrada, hai que recoñecer que nestas charlas de don Ramón e máis no prólogo citado están algunhas das máis vivas descrições, das máis fondas e sutís, que aquel que leva dedicado a paisaxe galega tantas páxinas excelsas e esclarecedoras, ten ofrecido a oíntes e lectores. E hai que aceptar que o que Otero Pedrayo

⁵⁷ Álvaro Cunqueiro, “A xeito de prólogo”, en *Prieto Nespereira: [Exposición]*. Galicia: Xunta de Cultura e Benestar Social, Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico, 1986, pp. 9-10. [O texto orixinal, en castelán, saíu no ano 1977 como prólogo a dúas conferencias de Otero Pedrayo, editadas baixo o título de *Ciudades y paisajes de Galicia en la obra de Julio Prieto Nespereira*, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo” de la Excm. Diputación Provincial de Orense].

predica de Ourense, de Santiago de Compostela, do Berbés de Vigo ou do Madrid vello –o Madrid vello do gravado que lle supón ó artista o Premio Nacional en 1936–, faino partindo da obra de Prieto Nespereira que ten diante, é dicir, dunha interpretación, sen dúbida apaixonada, dos temas, á que D. Ramón lle atopa raíces espirituais e intelectuais, que van desde o lirismo a unha certa compracencia no misterio, ó grande poder da evocación de Xulio Prieto, á capacidade de descrición do que flúe, á gravidade con que o artista elixe o que quere que permanezca. Otero Pedrayo, por exemplo, sorpréndese ante a obra do artista xenial que sabe prenniza-lo momento dunha paisaxe, “sen privala da memoria do seu pasado nin da ilusión do seu futuro”.

É ben sabido que a obra de Prieto Nespereira ten momentos moi diversos e que a temática é amplísima e xenerosa. Que a Otero, un dos máis apaixonados intérpretes de paisaxes que leva dado nas últimas décadas a cultura occidental –interpretáanse paisaxes como se interpreta soños–, o se[d]uza a parte paisaxística, tan importante, do grande augafortista, é natural. “Xulio Prieto, díranos D. Ramón, ten a paciente curiosidade da luz das vellas cidades”. Esa paciente curiosidade que un escritor coma Aloysius Bertrand⁵⁸, no seo “Gespard de la Nuit”, aprendeu, como el mesmo confesa, de Rembrandt e de Callot. É dicir, coa maior liberdade no tratamento do tema, que é o triunfo do artista sobre o oficio, e coa meirande calidade, que é, en último término, a perfección formal que só concede o gran oficio, Prieto tantas veces nos sorprende porque o artista, o creador, xa sobrepasou, perigosa e prodixiosamente, as normas ata o momento admitidas. E si D. Ramón leva sobre os seus ombros as evocacións da paisaxe dos seus antecesoros, incluíndo o vizconde Chateaubriand coas enormes ruínas, que son como noites, do romanticismo, Xulio Prieto Nespereira leva toda a tradición dunha arte apremiada polo peso de difíciles técnicas. Un e mailo outro logran aparecer diante nosa coma grandes creadores, e claro que o son. Hai nestas páxinas de Otero Pedrayo coma un fermoso diálogo entre o escritor e o artista, un dos máis belos que podemos escoitar –con ese fondo gozo que teñen, malia os seus momentos patéticos, os diálogos platónicos, que en realidade non son máis ca diálogos– da iluminación da alma e da mente. Otero Pedrayo canta

⁵⁸ Aloysius Bertrand (1807-1841), poeta francés de orixe italiana, figura importante do Romanticismo francés. Inaugurou o xénero do poema en prosa coa súa obra principal, a colección de poemas *Gaspard de la nuit*.

a súa canción e na obra de Xulio Prieto Nespereira están as preguntas e as respostas. Poida que un gran artista o sexa máis polo que ousa preguntar que polo que pode responder. Xa o grande Ruskin⁵⁹ dixo dunha vez algo sobre isto.

Moitas homenaxes merece Xulio Prieto Nespereira, e seguro que non agradecerá ningún máis có da súa cidade, có desta Ourense que aparece case mítica nas páxinas de Otero Pedrayo que seguen. E desta homenaxe ourensá ó xenial gravador, ó gran artista, é unha folla de ouro e edición destes textos de D. Ramón. Con eles queda vulgado o artista que os provocou, a súa excelsa calidade leva. Poucas veces, na historia da arte e das letras, unha obra leva provocado tan apaixonada interpretación. Hai que se achegar ás emocionantes palabras dun Walter Pater ante os grandes mestres do Renacemento, ou dun Ruskin diante da catedral de Amiens. En ámbolos dous casos, o escritor reflexaba, coma un espello, aquela suma orde de beleza. Igual que Otero Pedrayo reflexa no seu discurso o que Xulio Prieto Nespereira soubo construír e situar na luz.

[Prólogo de Álvaro Cunqueiro a dúas conferencias de D. Ramón Otero Pedrayo sobre as cidades e as paisaxes de Galicia, visto por Xulio Prieto Nespereira].

XIX

Retratos imaxinarios Terra Cha: ir e vir⁶⁰

Este poeta, Manuel María, ten posto en verso a Terra Chá lucense. É unha terra ancha e chá para a imaxinación coma unha grande soidade

⁵⁹ John Ruskin (1819-1900), foi un escritor e crítico de arte británico, que se fixo coñecido a partir da publicación de *Modern Painters* (1843), un longo ensaio en defensa da pintura de Turner, ao que seguiron, entre outras, dúas obras fundamentais: *The Seven Lamps of Architecture* (1849) e *The Stones of Venice*.

⁶⁰ Álvaro Cunqueiro, “Retratos imaxinarios. Terra Cha: ir e vir”, epílogo a Manuel María (2004). *Elexías á miña vida pequeniña*. Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, pp. 49-52. Na “Nota do autor” coa que se abre o libro, Manuel María explica así a presenza do texto cunqueirán: “Aproveitamos para utilizar como epílogo o fermoso e xeneroso artigo

silenciosa. O poeta ándaa cos seus versos coma os seus habitantes, os chairegos, a camiñan coas zocas chinelas. O poeta vai poñendo os versos coma quen pon o arco dunha ponte dunha a outra beira do río, dunha a outra beira sonora dos nomes chairegos, toponimia eufónica e misteriosa e baixo o arco pasa, coma un río, a espaciosa terra. Eu non quero buscar parentes europeos –nin a erudición, nin a pedantería teñen nada que facer aquí– a unha poesía tan sinxela e viva coma esta de Manuel María pero gústame lembrar a Jean-Paul Toulet⁶¹, que facía pasar a terra de Francia a través do cedazo musical dos nomes do doce país. Ou á propia terra, a terra carnal e terrestre, e tamén a caracola antiga e secreta como Manuel María oe agora a Terra Chá. Nunha historia de Lord Dunsany⁶², o mago asegura que toda terra á que se dá nome faise “carne humana”. Dikir os nomes dunha terra é humanizala, é dicirlle os traballos e os días e as estancias do home nela e eu non dubido de canto, e felizmente, a toponimia explica e fixa a paisaxe, por revelación ou por suxestión.

Hai unha fonda verdade naquelas historias antigas nas que a un vello rei fuxitivo éralle concedido por Deus un novo reino se inventaba unha palabra tan feliz que pagase a pena de que país de tal nome existise. Un destes reinos foi a illa de Arran⁶³. Cando Manuel María fía no fuso do verso os nomes que dormen na néboa –podía dikir, a la ou a memoria– da roca, sobre o peito da Terra Chá acéndese unha lámpada marabillosa ou derrámase unha gaita cantora:

“Estes son os pobos
que hai na Terra Chá:
Cela, Bonxe, Aguiar,

traducido ao galego co que Álvaro Cunqueiro honrou o noso humilde “Terra Chá”, só unha semente do que logo sería, aos poucos días da saída da primeira edición” (p. 8).

⁶¹ Jean-Paul Toulet (1867-1920): escritor e crítico francés, coñecido sobre todo pola súa poesía, reunida baixo o título *Les contrerimes* (1921). Tamén escribiu libros de viaxes.

⁶² Lord Dunsany (1878-1957): Edward John Moreton Drax Plunkett, escritor anglo-irlandés famoso polos seus contos fantásticos e maravillosos. Cítase como un dos fundadores da literatura fantástica e adoita anotarse a súa influencia en J.R.R. Tolkien, C.S.Lewis ou H.P. Lovecraft. Para Cunqueiro é sempre referencia inexcusable.

⁶³ A illa de Arran, en gaélico escocés Eilean Arran (“Escocia en miniatura”), é unha illa de regular tamaño situada en Escocia e cuxa topografía se caracteriza polos contrastes entre as esgrevias montañas e as terras baixas da costa.

Matela e San Fiz de Paz.
Despois Xustás, Moimenta,
Mosteiro, Duarría, Arcillá,
Arcos, Castro, Azúmara,
Loéntia e máis Bazar.”

E non é casualidade –nin forza do consonante, que a tanto obriga, como a dicir que é branca a negra formiga– que esta numeración dos pobos da Terra Chá remate con Loéntia, que ten as letras e o cabal aroma e memoria de lonxanía –no canto de Loéntia dicide Loentia e xa dicides unha forma imprecisa, e mesmo nostálxica, de estar lonxe e aínda sós– nin con Bazar, que máis ca un nome é o eco prolongado dun nome. Uns altos e vibrantes vidueiros, dúas ou tres breves lombas, outeiros nos que medra o centeo e ao seu carón camiños solitarios, unhas torcazas que voan o silencio: Bazar. Dicides o seu nome alongando a derradeira sílaba, e ventades o país no aire dourado da tarde. Quizais o leven, a Bazar, ás pequenas nubes que pasan, as fugaces pombas.

A imaxe que o poeta Manuel María nos ofrece da Terra Chá é unha imaxe melancólica pero quizais esta melancolía sexa máis figuración literaria ca realidade viva. Por que a evolución de países é máis profunda e significativa se é unha evocación nostálxica non o sei, pero é así. Aceptado que sexa o home a árbore que dá as flores da melancolía, ¿ha recoller todas as que vanamente pasan? Todos temos un San-gri-La⁶⁴, un país azul que non envellece nin nos envellece, na nosa memoria e nos nosos desexos, e ademais, a nostalxia da Idade de Ouro e o fío descoidado da alegre xuventude. Recordamos máis vivamente a que botamos de menos, perdidos paraísos. ¿É a Terra Chá un paraíso perdido para o meu novo poeta Manuel María?

Camiño de Felpás deica Aguiar,
eu sei porque tes tantas soidás:
estás deitado aí, ao sol da tarde
sen ter a quen levar.

⁶⁴ San-gri-la é un lugar ficticio que aparece na novela de James Hilton *Lost Horizon* (*Horizontes perdidos*) publicada en 1933. Semella unha especie de paraíso terrenal no Himalaia, un símbolo de espiritualidade e organización social harmónica baseada na sabedoría.



Quizais nin ao poeta leve e o camiño, porque é da súa natureza andar, ha levarse a el mesmo por entre os prados de herba seca e as altas centeeiras: un heroe a outro heroe moribundo. Eu sei, porque o teño lido nunha historia antiga, que hai pastores dos ríos e dos camiños, pastores que levan os camiños como cabalos, inquedos e desasosegados, pola áspera terra, e non lles permiten deterse... Polo camiño de Felpás a Aguiar, podemos imaxinar para que ambos, poeta e camiño, emparellen as súas melancolías, ao poeta Manuel María. Todo o aroma e a color, a vida e a sombra, o país, en fin, da Terra Chá, vaino poñendo en sinxelos e claros versos, por este camiño solitario, o poeta Manuel María. Vai morosamente dicindo a terra, contemplándoa el mesmo á luz das súas palabras, reducíndoa a unha soa mirada. Reducindo a unha soa mirada a terra tan espaciosa e chá “que non hai xeito de medila dunha ollada”. Pero o que os ollos non puideron facer, pódeno estas espertas amorosas, suxestivas palabras dos seus versos. E a Terra Chá, coma un país nunha bóla de cristal, tédela na cunca das vosas mans se nas vosas mans tedes estes fermosos versos de Manuel María.

La Voz de Galicia, 30-05-1954

XX

*Epílogo a Peixes de río*⁶⁵ *A cocíña galega*

Galicia é o país dos dez mil ríos: algúns grandes, outros medianos, outros pequenos, outros regatos que baixan dos montes ás valiñas e vales, que nunha parte do curso seu atorrentan e brincan, escumexan, e noutras remansan e apozan. Tamén había lagoas, que agora as meirandes desecaron –a da Antela, en Ourense, na que estaba solagada a cidade que se chamou Antioquía⁶⁶ de Galicia, e a de Cospeito, na Terrachá luguesa, na que estaba

⁶⁵ Álvaro Cunqueiro, “Peixes de río”. Epílogo á segunda edición, correxida e aumentada con lérias varias, de *As troitas miñas señoras* (2005) de Juan José Moralejo Álvarez. A primeira edición é do 1981. Vigo: Galaxia.

⁶⁶ Antioquía, cidade próspera doutro tempo a cuxos habitantes Deus quixo castigar por pecadores, mentres que Xesús se propuxo salvar aos xustos que alí vivisen. Así foi como

solagada a vila de Valverde⁶⁷; desecaron e non miraron se acolá embaixo había torres e xardíns, e un campaneiro das avemarías das doce-, e aínda hai lamas, lagoas de inverno, na devandita Terrachá. E se falo destas derradeiras é polas anguías.

Agora en Ribadavia quéixanse, que coas presas que fixeron no Miño non hai anguías e en Arbo que coa area que tiran do río hai menos lampreas e sábalos...

E xa vou decindo a nómina dos peixes dos ríos nosos. Debería comezar por dicir do salmón, que a fins de febreiro ou primeiros de marzo xa remonta os ríos, o Miño, o Lérez, o Ulla, o Umia, o Tambre, o Mandeo, o Sor, o Landro, o Masma, o Eo. “O máis perfecto dos peixes”, dixo un sabidor, entusiasta. Por unha desas *cerebraciones inconscientes*, que dixo don Ramón del Valle-Inclán, a primeira vez que eu vin un salmón deitado na herba da ribeira, rematado de pescar, á memoria veume aquilo que está en Shakespeare, do discurso de Marco Antonio diante do cadavre de César⁶⁸:

—¡Coma un cervo alanceado por moitos príncipes, tédelo aí!

O salmón dos nosos ríos é un dos grandes salmóns de Europa, e xa restan en Europa ben poucos ríos polos que suba o salmón. Hai que ir á Bretaña, á Irlanda, á Escocia, á Suecia. Xa apenas hai salmóns na Loira, e dos grandes ríos continentais que camiñan aos mares do norte e ao Báltico,

salvou a unha velliña que tivera caridade con el, en tanto que a cidade quedaba asolagada pola lagoa de Antela. (Resumo feito a partir de: Laureano Prieto, “Contos populares da Terra: Antioquía”, *La Región*, 3 de setembro de 1958).

⁶⁷ A lenda da vila de Valverde é, en realidade, moi semellante á de Antioquia. Trátase doutra vila asolagada, desta volta baixo a lagoa de Cospeito, asolagamento do que se salvou soamente tamén a única familia que fora caritativa cun mendigo que era Xesucristo. O propio Cunqueiro noutro lugar fai referencia a un traballo erudito do profesor Luís Monteagudo sobre as cidades asolagadas que son máis de cen entre nós: Reariz, Torralba da Ulla e outras moitas. Máis coñecida é a vila de Valverde á que se fai referencia en *San Manuel Bueno, mártir* de don Miguel de Unamuno. Tamén a que aparece en *El señor de Bembibre* de Enrique Gil y Carrasco, o malogrado “Cisne sin lago”.

⁶⁸ Crese que Shakespeare escribiu *The tragedy of Julius Caesar* en torno ao 1599. Nesta traxedia, na que se recrea a conspiración para o asasinato de César, así como as consecuencias do mesmo, aparece un célebre discurso de Marco Antonio ante o cadáver, discurso que fai que as masas se volvan contra os homicidas.

xa desapareceu. E non se pode dicir que para sempre, porque os ingleses, limpando o seu río maior, o Tamesis, xa pescan troitas nel, e din que nuns anos poucos, poderá pescarse acolá o salmón. Galicia dá agora máis salmóns que nunca deu. O salmón sempre foi escaso na Europa, e para xantalo eran poucos. Parece que a cantidade de salmóns dos ríos europeos foi máis ben constante. En Francia, en Inglaterra, na Montaña da España, e en Galicia, díxose que había documentos nos que obreiros que traballaban en facer un pazo, ou un mosteiro, a carón dun río salmoneiro, que pedían non lles desen salmón máis que dous ou tres días á semana, ¡que xa estaban fartos del! Non hai tales documentos, ninguén lle puido nunca botar unha ollada a ningún papel ou pergamiño destes. O que pasaba era que o salmón pescado no Ulla ou no Tambre, comíase entón en Iria, en Noia ou en Santiago, e agora pouco despois de pescado, ao salmón fanlle tomar o avión ou o tren para Madrid, para Barcelona... E cúrase e afúmase salmón, que denantes non se facía tal.

O galego nunca fixo isto, que xantaba o salmón cocido ou frito, ou asado. Polas receitas do “Picadillo”⁶⁹ vese cómo coidaba el que se poñía o salmón á parrilla; e aínda que “Picadillo” diga moi ben que *el salmón se cuece, generalmente, en agua con sal. Muchos le agregan cebollas, zanahorias y perejil. A nuestro juicio es quitarle mérito, pues el salmón tiene de suyo bastante sustancia para que necesite aromatizarse con elementos extraños*, as súas receitas dan algo de pena. O salmón á parrilla, según “Picadillo”, ¡hai que bañalo en aceite frito, salalo, cubriilo con ralladuras de pan! E aínda que concede que a mellor salsa que lle vai ao salmón é a tártara, corta dicindo *y mejor que con todas, simplemente aderezado con aceite y vinagre*.

Se algún exquisito francés defendeu contra o salmón fresco os pâtés de Nantes, e aínda os opoñía ao salmón fresco e aos salmóns afumados de Escocia, hai que recoñecer a calidade da carne do salmón fresco, con esas finas capas dunha grasa delicada aloxadas entre os músculos. Coido que é á parrilla, *grillé*, como o salmón dá mellor o seu sabor, a tesitura da súa carne. Mellor, quizabes, que os grandes salmóns, os salmóns de fins do inverno e comezos da primavera, son os salmóns medianos que chaman maiegos. Xa o dicía dos de Francia o conde de Clermont-Tonnerre, *quand il est pris au*

⁶⁹ O seu nome real era Manuel Puga y Parga (1874-1918) e foi autor de moitas obras sobre gastronomía como *La cocina práctica* (1905), a máis coñecida.

moment de sa montée en fleuve. Un toro de dous centímetros de gordo, sen máis que o sal, pasándolle unha pinceladiña de aceite, que xa dá el abondo o resto da grasa que for mester, na parrilla. E xa está. E cadaquén no plato que lle arrime a salsa que prefire. Abofé que a tártara vaille ben, ou unha maionesa con limón, ou alcaparras. Pero quedámonos sen ter resposta para a pregunta que facía eu na nota limiar a este libriño. ¿Como xantaba “do bo salmó” por unha Pascua el rei Afonso o Sabio?⁷⁰ ¿Como o xantaba aquel fidalgo de Carrión⁷¹, que chegou salmón á plaza, e antoxóuselle á muller, e arruinouse por mercarollo, que di unha cantiga do Cancioneiro da Vaticana? Case que me temo que só o xantaran frito, ou aínda cocido e cunha allada.

Tamén sobe os nosos ríos outro salmónido, o reo, a *trout of sea* dos ingleses, o *salmo trutta*, emigrante coma o salmón, e que é pescado nos esteiros e nos ríos, e tamén nas rías. O macho é moi fermoso⁷². Hai moitos que o prefiren ao salmón, porque ten as carnes máis leviás. E todo o que lle vaia ben ao salmón, na cociña, vaille ao reo. Quizabes os mellores sexan os que, polo tempo da sega, soben o Mandeo, deica a presa de Chelo, en Betanzos, e queren alí brincar a escada salmoneira. E son excelentísimos os que veñen remontar o río Ouro en Fazouro, nos primeiros días de agosto, cando é na vila

⁷⁰ Cunqueiro remítenos á cantiga de Alfonso X o Sabio que comeza “Com’eu en dia de Pascoa queria ben comer” e na que di que queria comer “de bon salmon”.

⁷¹ Desta volta a remisión é a unha cantiga de Pero da Ponte cuxo incipit é “Noutro dia, en Carrion”, e que narra como un infanzón decide comprar un salmón para el e a súa muller posto que ambos devecen por comelo.

⁷² “Non é que eu teña teima ao “Picadillo”, pero coido que os editores debían porlle unha manciña nas novas edicións. “Picadillo” di no seu libro que *la trucha asalmonada es un pescado muy parecido al salmón*, e que *el reo es ni más ni menos que el salmón que no llega a su completo desarrollo*. A color da carne das troitas depende das comidas que fai. Agora, que en todas partes lle botan a un troitas de piscifactoría, todas as troitas son asalmonadas e de carta. O reo, xa dixemos no testo, que é un salmónido, o *salmo trutta*, e o salmón é o *salmo salar*. Os costumes son os mesmos, ruben os ríos para desovar, e volven ao mar. Di Le Danois que parece que non abandonen endexamais o cauce sumerxido do río en que naceron”.

“Agora contradícese isto, pero hai que ter en conta unha distribución remota, noutra idade da Terra, dos continentes e dos mares. E aínda máis recentemente, v. gr., diante de que afondase o val fluvial do Rhin e se formase o mar do Norte, que entón o Támesis afluía ao Rhin pola esquerda, e o Rhin desembocaba no mar á altura de Escocia”. [Nota de Cunqueiro].

de Foz a festa de San Lourenzo. Un imaxina unha estampa, de cando estaba o Mariscal Pero Pardo na súa Frouseira, ou facía unha saída polo Valadouro, e lle traían a escuso un reo do Ouro, e o Mariscal sentábase a unha sombra a xantalo, e a Pedro Mudarra chegáballe o cheiro.

Coma o océano é fértil en peixe, os ríos galegos sono en troitas. A máis corrente é a *salmo fario*, que vive sempre nos ríos e nunca baixa ao mar, cousa que Laurence Wells⁷³, o observador inglés de peixes de río, ensina que o fai ocasionalmente a troita arco-iris, a *salmo iridens*, coa que foron repobrados algúns dos nosos ríos. Tamén aos ríos europeos, dende hai unha cincuentena de anos, trouxeron a máis fermosa troita americá do Norte, *the american brook trout*, que nas cartas dos restaurantes franceses poñían como *New York Char*, a *salvellinus fontinalis*, que ao final soio se acomodou en poucas augas, e di Clownerer que en Galicia pescou dúas, no Tambre. As mellores troitas son as de abril deica que se veda a pesca. As máis grandes non son as máis sabrosas. Unha troita de dez centímetros de longo está moi ben. O mellor é fritilas, e no país deuse cunha grande invención, que é botar no aceite en que se friten uns cachiños de unto. A troita fritida mesmo pide unha ensalada da leituga. Si non hai unto á man, pódense botar no aceite, na tixela, unhas lonchiñas de xamón, co branco, e se está algo rancio mellor. Aínda que nalgúns lugares empanan a troita, a verdade é que non lle dá gusto ao pan, e coído que seña a peor das empanadas. En troques, un pastelón de reo é unha boa cousa.

Soben os nosos ríos a lamprea e mais o sáballo. Toda a Galicia come lamprea, xa dixemos, á bordelesa ou empanada. Boa é a lamprea do Miño, que se colle nos “pescos” anteragos, e en Arbo fanlle festa. A lamprea mellor é a que sobe nos meses invernaís, e xa o refrán quere que “en marzo para o amo, e en abril para o criado”, ou esixe o saber popular que a lamprea se xante “denantes de que esté cucada”, é dicir, de que escoite cantar o cuco nos bosques das ribeiras. A lamprea era da gula dos señores romanos, que aquí en Galicia se deberon dar boas enchentas. Nai da gota, despois tiñan augas salutíferas no país, quentes ou non, dende Caldelas de Tui ata Lugo, para curarse e poder volver á mesa, ao triclinio, que non debe sere moi cómodo xantar alí. Pero hai modas e modas. A lamprea ademais de fresca, pódese

⁷³ Albert Laurence Wells foi o autor de *The observer's book of freshwater fisher*, así como doutros libros de temáticas semellantes.

curar, e pódese comer cocida, con verdura, ou rechea –como a dan na festa de Arbo, e algunha vez está moi boa, e eu catei a lamprea curada rechea de lamprea fresca, e mais un picadiño de ovo duro e xamón, amolecido o todo en viño tostado–. E xa se dixo no que toca ás empanadas o que pode ser unha de lamprea. Non me canso de dicir que as mellores sempre as xanto en Caldas de Reis. Quizabes me cheiren mellor, cando lle ergo a tapa as empanadas, porque denantes do almorzo pasei por un dos balnearios que alí hai, e tomei bafos, e limpei os órganos do olfato e do gusto.

Eu vin no “Picadillo” unha receita que non sei o por que se me antoxa que debe ser unha forma modificada dunha receita moi vella. E dáa para a lamprea curada, pero debeu facerse tamén para a lamprea fresca. Cócese a lamprea, escorrese, fáiselle un rustrido de allos en unto, e engádeselle unha cunca de vino. Xa os romanos parece, según unha nota que dá Carcopino⁷⁴, que lle botaban viño á lamprea. O botarlle verdura, como na receita que recolle “Picadillo”, debeu sere só para a lamprea curada.

Outro peixe que pola primavera rube os nosos ríos, é o sáballo. Nalgunhas partes, chámase salboia, e aínda sable. Percisa ríos de caudal e salóns, que non salta presas nin fervenzas, como fai o salmón, e tamén o reo. Este preguizoso de forma de lanzadeira de tear, ten moita espiña, pero a carne branca, apertada, é ben sabrosa. Don Eladio⁷⁵ no seu *Diccionario* di que polo mes da sega, que se collían en Ribas de Sil. Agora os embalses non lle non deixan chegar acolá. Hai pouco sáballo, cada vez menos. O sáballo é unha das prendas de máis mérito da cociña de Tui.

No Tambre hai anos que non pescan ningún, e no Ulla un de vez en cando. Hai moitas cociñas en Tui nas que se sabe preparalo de xeito que non embacen as espiñas moitas ao comelo. O que mellor lle vai ao sáballo, ao meu ver, é un escabeche suave, e tamén está moi ben á grella, e cando está asado, abóndalle co que unha salseira leve de aceite, algo de pirixel e zugo de limón. Pero, xa dixen, en Tui saben facer excelentísimos escabeches, e eu cominos feitos por unha dona de moito respecto.

⁷⁴ Jérôme Carcopino (1881-1970) foi un historiador, arqueólogo e epigrafista francés especializado na Roma Antiga.

⁷⁵ Eladio Rodríguez González (1864-1937). Lexicógrafo galego autor do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, publicado por Galaxia entre 1958-1961.

E agora vamos tratar da anguía. Como dixen, en Galicia non comiamos a cría, é dicir, a angula, que en galego, dicimos meixón. Se a collían, engrasaban as hortas con ela. Agora hai vascos nos ríos galegos, no inverno, mercando todo o meixón que poden. A angula galega é tan boa como a vasca, e non atopei quen diferencie unha angula galega dunha angula de Aguinaga. Agora ate os xaponeses veñen mercala, e en verdade que máis parece o meixón, pola facha, cousa de cociña chinesa ou nipona que europea. Din que agora tamén vén meixón de Irlanda, e de Bretaña, e de Inglaterra, onde non o comen. A anguía sobre ríos arriba, e chega ao interior de Galicia, e cóllense aínda nas lamas, ou lagoas de inverno, da Terrachá. Están boas en calquer estación, pero as mellores son as que, polos setembros, escoitan non se sabe como, a chamada nupcial. Entón as anguías –todas as que remontan os ríos se fan femias, o meixón está asexuado, e as anguías que fican nos esteiros e nos ríos fanse machos–, deixan as augas do muíño, os regueiros dun prado, as lagoas onde vivían, e buscan as correntes que as leven ao mar. Nel, atopan o marido que as acompaña deica o mar dos Sargazos, que é a fin desta viaxe súa. O macho din que morre no camiño. A anguía xa non retorna, pero ao ano seguinte están nas fouches dos ríos nosos as crías, o meixón. As anguías de setembro están grasas, preparadas as súas reservas para a grande aventura. Teñen fama, xa dixen noutro lugar, as de Portomarín, as de Belesar, as do Avía, as do Barco de Valdeorras, as do Cabe... as anguías cómense fritidas, en empanada, se son grandes toradas e en salsa verde, e fan un arroz moi diferente. A anguía curada e afumada, que é moito de cociña xermánica, ha ser máis ben mediana, que se é grande non cura ben. Xántase sin máis, tirándolle a pel, e nada de botarlle limón. Vanlle moi ben unhas verzas tenres, cocidas ou coles de Bruxelas, como acompañamento. Un amigo meu, que era de preto de Noia, contábame como curaban as anguías pequenas na súa casa: limpábanas, secábanas moi ben, salgábanas, metíanas envoltas nun pano nun cesto de bimbio, e colgábanas na cheminea, a fumar. E cando lles apetecía, collían unhas poucas, dábanlle unha volta na sartén, con manteiga, e xa estaban para o almorzo. Dixo que me ía dar unha proba, pero nunca a vin. E eu non tiven tempo de experimentar por min mesmo, pese ao que me gusta a anguía afumada.

*Sobre Giovanni Boccaccio de Certaldo*⁷⁶

[...] Giovanni Boccaccio de Certaldo morreu hai seiscientos anos, o 21 de decembro de 1375 na casa familiar, en Certaldo, terra toscana e florentina. Terra de viñedos e de pombais, e de alciprestes nos outeiros desde os que se contempla o fío de prata dun río famoso, o Arno. Foise á súa casa logo de pasar un ano enteiro en Florencia facendo lecturas públicas da *Divina comedia*, comentando pasaxes do *Inferno* e do *Purgatorio*, aclarando a un público atento, no que había moitas e belas damas, os tercetos de Dante Alighieri. Algunhas veces, nos seus comentarios da *Comedia* saíalle por antigo, por humanista, e polo seu amor pola nobre cidade de Florencia, a súa patria, o ver a esta *sub especie aeternitatis*, como nun canto do *Purgatorio*, o VI, vira Dante a Mantua, a patria de Virxilio. É o canto VI-61-75, que el glosou ó mesmo tempo que explicaba a poesía provenzal de alguén que alí estaba, no purgatorio, purificándose: o poeta Sordello⁷⁷. Ante Dante fai o Sordello unha aparición impresionante. Dante recoñéceo e lémbrao:

*oh ánima lombarda,
altiva e desdeñosa
e en dirixirnos a mirada, honesta e lenta!*

⁷⁶ Conferencia de Álvaro Cunqueiro pronunciada en febreiro ou marzo de 1976 e recollida posteriormente en Anxo Tarrío (1992) (coord.), *Álvaro Cunqueiro*, Universidade de Santiago de Compostela; e Álvaro Cunqueiro (2005), *Universo Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco. A versión aquí reproducida foi traducida e adaptada por Moisés Barcia para reconvertila en prólogo á súa tradución galega do *Decamerón*. As razóns aducidas para tal reutilización constitúen toda unha declaración de principios: “Gústame ver nisto unha especie de broma ou de axuste de contas coa historia, tan inxusta co noso sistema literario, e constatar que aínda que apareza tan tardiamente a primeira tradución ó galego do *Decamerón*, polo menos o seu prólogo leva escrito xa uns anos”. Os editores deste volume queremos facer constar o noso agradecemento a Moisés Barcia pola cesión dos dereitos da súa tradución. Consignamos a carón das súas notas, para diferencialas das nosas: “nota do tradutor”.

⁷⁷ Sordello da Goito (1200-1210 a 1269) foi un trobador italiano, trobador ao que n’*A Divina Comedia*, atoparán Dante e Virxilio cando atravesan o Purgatorio. No “Monumento a Dante”, en Trento, aparecen representados os tres.

Pero a sombra deixa falar a Dante e achégase a Virxilio, a sombra «surse», xorde, é a propia palabra que Dante utiliza, xorde e achégase a Virxilio e dille:

*«Oh Mantuano, eu son Sordello
da túa terra!»; e un e o outro abrázanse».*

Giovanni Boccaccio detense en comentar o amor de patria, e parece como se estivese soñando en atopar nun deses camiños que ten que haber en ultratumba, un florentino ou un certaldés ó que abrazar, dicindo:

*io son Boccaccio
della tua terra!*

Son os días do comezo do outono de 1375. Xa está en Certaldo, na casa paterna, co pé na estribeira: ve vendimar e despídese do reiseñor que emigra ó sur. Os seus cartos e bens son poucos. Fixo testamento en Florencia, en agosto, e non esquece nel os amigos, os eruditos florentinos, nin a súa pobre e ignorante serventa, Bruna da Cianco «que tan limpo me trouxo sempre». Poucas semanas antes recibiu a noticia da morte do Petrarca en Arquà. Durante dez días non quixo ver a ninguén, e saíu do triste sopor para escribir un dorido soneto de despedida ó mestre e pater:

*Xa estás, -di nel-, ó outro lado
A onde querías tantas veces ir ver a Lauretta!
Xa estás con Sennuccio⁷⁸, Cino⁷⁹, Dante
Vendo cousas das que os que aínda estamos aquí
Non temos nin noticia...
Se fun amigo do teu agrado na terra
Cando aí chegue guíame e acompañame...⁸⁰*

⁷⁸ Sennuccio (1275-1349), poeta florentino contemporáneo de Dante e Petrarca.

⁷⁹ Cino da Pistoia (ca 1270- ca 1336) poeta italiano do Dolce Stil Nuovo. Segundo o crítico Francesco de Sanctis foi mestre de Petrarca.

⁸⁰ Trátase do soneto CXXVI das Rime:

*Or sei salito, caro signor mio,
Nel regno, al qual salire ancor aspetta
Ogn'anima da Dio a quell'eletta,
Nel suo partir di questo mondo rio.*

O mesmo que Virxilio acompañou a Dante. Aínda cando Boccaccio se volveu misóxino, e escribiu o *Corbaccio* [...] contra as mulleres, no primeiro cuarteto cita a Lauretta, a Laura, o grande, fondo, case metafísico amor do Petrarca por Laura de Norves. Lembrando a Laura, non terá saudade o Boccaccio daquel amor seu de mocidade en Nápoles, cunha princesa de cabelos de ouro, e sempre vestida de azul, María de Aquino⁸¹, a filla bastarda do rei Roberto?

*Os amoríños primeiros
Son mui malos de olvidare...!*

Só Giovanni Boccaccio, enfermo, inmensamente triste e non obstante sereno, pecha os ollos e leva a man á boca cando lle chegan noticias de Florencia, onde triunfan políticas que el, con estudo e paciencia, desaconsellou, anticipándose nas súas reflexións políticas a outro florentino que máis de cen anos despois quere para a República, que ha de vivir *una pace libera, se è possibile giusta*, o secretario Niccolò Machiavelli. Un día, catro ou cinco antes de morrer, o seu discípulo Coluccio Salutati⁸², mandou que achegasen a cama do enfermo á fiestra para que puidese ver pasar as grandes bandadas de estorniños. Eran coma madeixas debandadas polo aire, madeixas de fío negro, como aquelas coas que se tecían nos días da peste os panos de loito. Que remota a peste, que lonxe aquelas cen historias que escribira nos máis

*Or sè colà, dove spesso il desio
Ti tirò già per veder Lauretta ;
Or sei dove la mia bella Fiammetta
Siede con lei nel cospetto di Dio.
Or con Senuccio e con Cino e con Dante
Vivi, sicuro d'eterno riposo
Mirando cose da noi non intese.
Deb, s'a grado ti fui nel mondo errante,
Tirami dietro a te, done gioioso
Veggia colei che pria d'amor m'accese.*

(*Tutte le opere di Giovanni Boccaccio*, vol. V, p. 97, Mondadori, 1992). [Nota do tradutor].

⁸¹ María, da casa de Aquino, filla natural do rei Roberto de Anjou.

⁸² Coluccio Salutati (1331-1406) político e literato italiano, figura de referencia do Renacemento.

duros días daquela mortalidade! O seu amigo [Franco] Sachetti⁸³ escribíralle comunicándolle que aquelas historias xa corrían por Francia e Inglaterra, escritas nas súas linguas. Quizais sorrise. Sempre lle gustara, aínda que sen vaidade, que fama del quedase no mundo. Un gran boccacciano, De Sanctis⁸⁴, aludiu á «humilde nostalxia da fama» que o humanista, o narrador, o poeta, tiña. En fin, íase deste mundo. Preguntaba canto viño había aquel ano, se chovía, e volvendo á política comentaba: *Il papa è molto tardo!*, o papa é moi preguiceiro. En fin, a alma súa dispúñase a saír do corpo. Disque as portas da casa de Certaldo se pecharon de golpe cando Giovanni Boccaccio deixou de respirar. [...] Sacchetti lamentou a súa morte:

Ora è mancata ogni poesia!
Agora falta toda a poesía...
Se choro e berro, milagre non é,
Pois un só nos quedaba,
Giovanni Boccaccio,
E agora está fóra da vida,
Or è di vita fuori!

Non se sabe onde nacera Boccaccio. Uns din que en París, fillo do banqueiro florentino Boccaccio [di Chellino] e dunha moza francesa, lixeira de cascos, en 1313. Outros cren que naceu en Certaldo, de onde eran, xa nove xeracións, os Boccaccio. Outros din que a francesa, a de París, era pouco menos que unha princesa, seducida polas sedas que ante ela estendía o banqueiro e mercador toscano. Outros aseguraron que a súa nai era unha viúva nova, á que cansaba estar tanto tempo soa na cama. Outros, que era fillo dunha criada da casa. Xamais Boccaccio falará da súa nai, nin aparecerá ningunha vez o seu nome nos documentos familiares. Xamais haberá nin sequera unha liña en toda a súa obra en latín e en toscano, nas súas novelas e nos seus severos tratados humanistas, na súa poesía, na que apareza a saudade que se supón tería da nai descoñecida.

⁸³ Franco Sachetti (1332-1400), escritor e diplomático italiano que admirou a Boccaccio e do que foi un gran imitador cunha obra titulada *Il trecento novelle* (As trescentas novelas) das que se conservan 222.

⁸⁴ Francesco de Sanctis (1817-1883), moi influínte crítico literario e escritor italiano que renovou a crítica literaria e cuxa *Storia della letteratura italiana* se converteu nun texto clásico.

Pasa os primeiros anos en Certaldo, ós seis anos sabe ler e escribir, e ós oito sabe latín dabondo como [para] pronunciar na lingua de Cicerón graves discursos. Parece ser que fixo un sobre as bolboretas e outro sobre unha batalla entre güelfos e xibelinos. Pero o pai quere que ademais do latín saiba contabilidade e cálculo mercantil, e lévao a Florencia ó seu almacén, e teno de pupilo, ós oito anos, na banca dos Bardi e despois na dos Strozzi. Pode o neno saír lle humanista e poeta, escritor de cancións coma Guido Cavalcanti ou dunha «Comedia» coma Dante, pero o seguro é o comercio, préstamos con boas garantías e altos intereses, e viaxar vendendo nas grandes cidades as sedas florentinas, os cintos repuxados, os finos panos, os pesados veludos, as medias caladas, as floreadas batistas... Ós trece anos xa sabe dabondo do comercio para que o pai o leve a Nápoles.

Por que a Nápoles? Pois porque o seu pai ten relacións mercantís coa casa real. Un día, un grupo de cidadáns de Florencia, cansos das discordias intestinas que facían perigar o Estado, quere ter un rei, un rei que conquiste Siena e Pisa, e lle dea a Florencia o señorío da Toscana toda. Este rei será Carlino, fillo do rei Roberto de Nápoles. Carlino chega a estar preto de Florencia, agochado nun castelo, no verán de 1326, agardando a que lle digan que pode baixar á cidade e que alí o proclamen rei. É un raparigo espigado, cos ollos claros, o nariz grande, algo tatexo e que ós catorce anos aínda mexa na cama. Aínda que isto, e que le mal, quizais sexa cousa dos seus inimigos. O asunto fracasa, Carlino regresa a Nápoles, e tras del vai Boccaccio, o pai de Giovanni, para ver de cobrar os cartos que prestou para a empresa. Leva con el ó seu fillo, que cando cumpre catorce anos, na ribeira daquel mar de sereas, das famosas sereas partenopeas, de lingua máis doce que o mel, tanto para o discurso como para os bicos, Giovanni Boccaccio, vestido á florentina, cun barrete con plumas, con xustillo verde, con longas calzas bicolors, e unha grosa cadea de ouro ó pescozo, namórase. Ardente e desditado amor! Ós toscanos de entón tócanlles amores súbitos e sen fortuna. A eles e a elas: Pia dei Tolomei⁸⁵, Dante Alighieri, Petrarca.

⁸⁵ Pia dei Tolomei (século XIII), é outro dos personaxes que Dante e Virxilio atopan no Purgatorio, unha muller misteriosa que lle pide a Dante que rece por ela, porque sabe que na súa familia ninguén o fará (“Ricorditi di me, che son la Pia”, Purgatorio V, 133). Os historiadores identificana coa muller de Nello dei Pannocchieschi, asasinada polo seu marido por motivos pouco claros (celos, descuberta de infidelidade, vontade de volver

Giovanni Boccaccio namórase dunha filla bastarda do rei Roberto, o pai de Carlino, María de Aquino. Noticias dese súbito, temperán, louco amor, terémolas nunha novela de Boccaccio, na que quizais sexa a primeira novela psicolóxica da Europa moderna, a *Fiammetta*⁸⁶, a «Chamiña», que así chamará na novela Boccaccio a María de Aquino. Na realidade foi Fiammetta, a Chamiña, quen abandonou ó seu amante, pero na novela é ó revés. É Pánfilo, é dicir, Boccaccio, quen deixa a Fiammetta, a cal quere suicidarse, volve onda o amado, que ó final se vai. Novela psicolóxica, si, pero a novela dun humanista, escrita xa en Florencia, cando Boccaccio ten trinta anos. María de Aquino casou con outro –un Ruffo di Calabria, dunha familia de grandes bandoleiros, devanceiros da actual princesa Paola de Bélxica⁸⁷, enviuvou e morreu de repente, disque porque lle apeteceu unha laranxa ó empardecer dunha tarde de estío. Novela dun humanista, inspirada nun episodio de Ovidio, e proba de todo o saber grecolatino de Boccaccio. É unha novela medieval, en *volgare*, é dicir, en lingua toscana, pero xa na primeira páxina lemos o nome de Lácquesis⁸⁸, unha das tres Parcas, e unha alusión ós dentes que sementou Cadmo⁸⁹. No libro III, Fiammetta, sen noticias de Pánfilo, pregúntase se o seu amante se anoxaría, «coma Leandro», e ó final, Fiammetta, abandonada por Pánfilo, consólase cos exemplos de Biblis⁹⁰, Cánace⁹¹, Mirra⁹²,

casar). “Ricorditi di me” é tamén o título dun poema de Cunqueiro do seu último poemario *Herba aquí e acolá* (1980).

⁸⁶ A *Elegia di madonna Fiammetta*, escrita entre 1343 e 1344. [Nota do tradutor].

⁸⁷ Raíña desde 1993. [Nota do tradutor].

⁸⁸ Lácquesis é unha das parcas, que decide a duración de cada unha das vidas humanas.

⁸⁹ Cadmo, un dos irmáns de Europa (secuestrada por Zeus) que saíu na procura da irmá e logo de consultar o oráculo en Delfos seguiu as indicacións que del recibiu, e cando foi atacado por un dragón de Ares, matouno, sementou os seus dentes e deles naceron soldados. Véxase Roberto Calasso, *Le nozze di Cadmo e Armonia*. Milano: Adelphi, 1988.

⁹⁰ Segundo relata Ovidio nas *Metamorfoses*, Biblis foi unha moza que sentiu un amor incestuoso polo seu irmán, paixón cuxa natureza verdadeira só lle foi revelada a partir dun soño erótico.

⁹¹ Cánace é outro personaxe mitolóxico que viviu unha historia de amor incestuoso co seu irmán.

⁹² Mirra é a nai de Adonis, por unión entre ela e o seu pai Tías (a instancias de Afrodita).

Dido⁹³, Píramo e Tisbe⁹⁴, e moitas outras amantes clásicas e heroínas de novelas bizantinas, tan choronas, tan perfumadas con auga de rosa, e entre elas unha parella que leva estando de moda xa douscentos anos: don Tristán e dona Isolda, ben máis carnis e mesmo verdadeiros, que todos os amantes da antigüidade.

Pero Boccaccio é xa un humanista, é un dos que están con Petrarca, anticipando a *rinascita*, o Renacemento, o rexurdir das letras gregas e latinas, buscando manuscritos, intentando ler a Platón, coleccionando moedas antigas. E os humanistas, por amor desa antigüidade que vai resucitar, vena con ollos pagáns. Así *Fiammetta*, que é unha historia medieval, nada cristián aparece nela. Os personaxes din «os deuses saben», ou «que os deuses inmortais sexan testemuña». E cando *Fiammetta*, a Chamiña, dubida se entregarse ou non ó seu namorado, non pensa en Deus, nin na Virxe, nin en santa ningunha, senón que se lle aparece Venus núa baixo unha fina túnica, bóttalle un discurso, e convéncea cunha artimaña que vén en Ovidio. Sempre Ovidio, en toda a literatura europea da Idade Media! Como o noso Arcipreste de Hita, tamén Boccaccio por don Amor «a Ovidio leu na escola». Por outra parte, é a primeira aparición de Venus na literatura europea en *volgare*, e o lector de *Fiammetta* lembrará sempre aqueles nacementos de Venus, tan caros á pintura toscana do 400 e do 500, do mar abrollando dunha cuncha, Afrodita espléndida na súa nudez coralina: abrollando, como a pintura de Botticelli dunha cuncha de vieira, é dicir, venérea, de Venus. Boccaccio non é aínda o narrador libre, imaxinativo, irónico que narra polo gusto de narrar, do *Decamerón*. Con *Fiammetta* parécelle continuar a Ovidio. E así cumpre como aprendiz de humanista. Aprende grego co calabrés Leonzio Pilato⁹⁵,

⁹³ Dido, irmá de Pigmalión, foi utilizada por el para que casara cun home rico e lle dixera onde estaba a súa fortuna. Non obstante, cando Pigmalión matou ao seu home ela fuxiu e fundou un novo pobo, Cartago. Tempo despois chegou Eneas a Cartago e el e Dido namoráronse, pero Eneas tivo que partir por orde de Xúpiter e ela suicidouse.

⁹⁴ Píramo e Tisbe foron dous mozos namorados que quixeron estar xuntos contra a vontade dos seus pais. Un día que se citaron nun monte, cando Tisbe chegou tivo que fuxir porque apareceu unha leoa, e cando Píramo apareceu alí e viu a fera co veo da súa namorada, créndoa morta suicidouse. Logo ela atopouno morto e suicidouse á súa vez, como nos versos da fábula de Luís de Góngora.

⁹⁵ Leonzio Pilato foi un monxe e tradutor italiano que, efectivamente, como di Cunqueiro, traduciu a Homero, e a partir desa versión puideron lelo Boccaccio e Petrarca.

a quen convence de que traduza a Homero. Giovanni Boccaccio aprende o grego e escribírao con certa facilidade. Busca libros perdidos, e se Petrarca atopa moitos libros clásicos, Boccaccio atopará nada menos que a obra de Tácito, que estaba perdida. Benvenuto da Imola⁹⁶ conta unha anécdota que o propio Giovanni Boccaccio refería ós seus discípulos. Non resisto a tentación de lérlla integramente:

Desexoso Boccaccio de ver a biblioteca de Montecassino, pediulle a un dos monxes que lle fixese o favor de abrílla. Este, sinalando unha empinada escaleira, contestou secamente:

-Sube, que está aberta.

Boccaccio subiu, cheo de alegría, e atopou o lugar no que se achaban tan grandes tesouros sen chave nin porta, e viu que as herbas medraban nas fiestras, e sobre os libros e pupitres unha espesa capa de po. Estupefacto, comezou a follear manuscrito tras manuscrito, e atopou moitos e diversos códices de libros vellos e peregrinos; dalgúns arrincaran cadernos enteiros, outros tiñan as marxes cercenadas, e estaban todos esnaquizados, nunha ou noutra forma. E doéndose de ver aquilo, saíu de alí con bágoas nos ollos... Preguntoulle despois a outro monxe como estaban tan horriblemente mutilados aqueles preciosos manuscritos, e este contestoulle que algúns monxes, por xuntar unhas moedas, arrincaban un prego para faceren escapularios, que lles vendían ás mulleres, *evangelia et brevia que vendebant mulieribus...*

Algúns viron nesta anécdota o momento no que Boccaccio abandona o cristianismo —ó que volverá na fin dos seus días— e ve no paganismo, nos deuses antigos, unha fermosa luz. Esta reacción non é un simple rexeitamento senón afirmación positiva de que as ideas gregas e romanas acerca de Deus, da vida e da moral, son mellores, máis libres e máis reais, porque corresponden máis fielmente ós feitos da vida neste mundo, máis optimistas, menos estreitas, menos austeras, misantrópicas e atormentadas polo máis alá, máis alegres e máis humanas. Boccaccio e os que pensaban coma el, ignoraban todo o pesimismo grego, que consideraba que o mellor ben para o home sería non ter nacido.

⁹⁶ Benvenuto da Imola (?1320?-1388), profesor da Universidade de Boloña coñecido sobre todo polo seu comentario sobre *A Divina Comedia*, que seguira as lecturas públicas que dela fixera Boccaccio.

Por outra parte, a posición dos humanistas florentinos, sempre amantes da súa cidade, da liberdade e da independencia da súa cidade, da República soberana de Florencia, lévaos a atopar en certas lecturas clásicas fundamentos para as constitucións e métodos de goberno de Florencia. É un momento similar ó de Inglaterra, cando tras Henrique VIII e o ínterim de María Tudor, sobe ó trono Isabel I. Os florentinos, desde Boccaccio a Machiavelli, e os ingleses de finais do 500, todos se dispoñen a ler a Plutarco. Refírome ás clases dirixentes, á alta burguesía en Florencia, á nobreza de toga e ós cativos aristocráticos na Gran Bretaña, en Oxford e en Cambridge. E len as *Vidas paralelas* de Plutarco, os florentinos en latín ou na tradución de Saluzzo⁹⁷, e os ingleses na tradución de Norton⁹⁸. Considérano o máis importante libro do mundo, porque nel cóntanse as vidas das máis nobres xentes das máis ilustres nacións do universo, Grecia e Roma. E así citan a Temístocles e non a David, a Alcibíades e non a Xosué, a Ulises e non a Teodorico ou Carlomagno. E aman unha liberdade que non ten conta do poder espiritual da Roma cristiá, tal e como o formulou Bonifacio VIII:

Os personaxes do *Decamerón* recoñecen a existencia da Igrexa, claro está, pero desdénana, mesmo nos terribles días da peste negra, cando sete damas e tres cabaleiros saen da cidade do Arno para unha deliciosa quinta, onde nada os preocupa, lonxe da morte terrible, alegres ociosos que se dedican a contarse contos, contos de aventuras, de amores, de enganos, e algúns tráxicos.

Aínda que realista, o *Decamerón* é por iso mesmo unha obra de evasión. A peste non está nel, como en Defoe ou en Camus ou en Pierre MacOrlan⁹⁹. É unha obra nova, no mesmo sentido en que xa non é un libro sobre temas clásicos, nin é unha narración na que os protagonistas son cabaleiros. É un relato de burgueses e para burgueses, e non hai prototipo

⁹⁷ Os marqueses de Saluzzo foron moitos e, de feito, o X conto da Décima Xornada do *Decamerón*, está dedicado ao que aparece alí nomeado como marqués de Sanluzzo. Resulta difícil, por tanto, concretar o nome propio do tradutor ao que se refire Cunqueiro.

⁹⁸ Frederick J. Norton foi un importante bibliógrafo inglés autor da magna *Printing in Spain 1501-1520* (Cambridge, 1966) e *A perspectiva catalogue* (Cambridge, 1978). Por esta última foille concedida polo goberno de España a gran cruz de Alfonso X, o *sabio*.

⁹⁹ Cunqueiro comparaba a obra de Defoe *Diario do ano da peste* (1722) e a de Camus *A peste*, inclinándose sempre a favor do primeiro. Non lle coñecemos outra referencia a MacOrlan.

clásico para o seu esquema. Alguén citou con respecto ó *Decamerón* o *Banquete* de Platón, pero no *Banquete* pronúncianse discursos, que non se contan historias. [Gilbert] Highet¹⁰⁰ subliña que, os contos mesmos, algúns pasaron de Oriente a Occidente desde os bazares de alá, e que outros eran a escuma do mesmo mundo subterráneo medieval que os *fabliaux* e os *exempla*, e outros eran cristalizaciones de incidentes reais da vida contemporánea na Europa Occidental.

Os personaxes xa dixemos que deixan translucir a miúdo certo desdén pola Igrexa. No comezo mesmo, está o conto do xudeu que non sabe se facerse cristián ou non¹⁰¹. Para tomar unha resolución, visita Roma, e ó regresar bautízase, porque ó ver tanto pecado e corrupción, e que a Igrexa non cae, verdadeiramente era a relixión verdadeira. E no mesmo sentido o famoso conto de Saladino e os tres aneis¹⁰². Non vou contarlles a vostedes agora mesmo o *Decamerón*. Desde Landolfo Rúffolo¹⁰³, o audaz amalfitano, até Martellino¹⁰⁴, o bufón de Treviso, as aventuras de Andreuccio de Perugia que vai comprar cabalos a Nápoles¹⁰⁵, Ferondo, a quen un abade convence de que morreu e resucitou¹⁰⁶, o conto da inxenua Alibec¹⁰⁷, o pai e o marido celoso que dan de comer, xa á súa filla, xa á súa esposa, o corazón do amante¹⁰⁸, a alegre historia do canto dos reiseñores¹⁰⁹, a historia de Nastagio degli Onesti¹¹⁰ –que poden ver pintada por Botticelli no [Museo do] Prado de Madrid–, o cociñeiro Chichibio que dá convencido ó seu amo de que as grúas soamente

¹⁰⁰ Gilbert Highet (1906-1978) é un filólogo, escritor, crítico e historiador da literatura nacido en Escocia pero emigrado aos EE.UU.

¹⁰¹ Trátase do conto I,2, o do xudeu Abraham e o seu amigo Giannotto de Civigni. [Nota do tradutor].

¹⁰² O conto seguinte, o I,3. [Nota do tradutor].

¹⁰³ II,4. [Nota do tradutor].

¹⁰⁴ II,1. [Nota do tradutor].

¹⁰⁵ II,5. [Nota do tradutor].

¹⁰⁶ III,8. [Nota do tradutor].

¹⁰⁷ III,10. [Nota do tradutor].

¹⁰⁸ Son os contos IV,1 e IV,9 respectivamente. [Nota do tradutor].

¹⁰⁹ V,4. [Nota do tradutor]

¹¹⁰ V,8. [Nota do tradutor].

teñen un zanco¹¹¹; frei Cebola, que promete amosarlles ós de Certaldo unha pluma do arcanxo san Gabriel¹¹², e tantos amantes e raros e carnaís amores, Calandrino coa súa pedra da invisibilidade¹¹³...

Hai en Boccaccio unha especie de constante triunfo da intelixencia. Boccaccio é o máis desinteresado, humano e libre dos narradores, e na súa prosa fixou a inmensa variedade das paixóns, como Shakespeare, por exemplo. E atopamos a máis profunda humanidade no corazón mesmo da máis inverosímil aventura.

Neste xénero, Boccaccio é superior a todos, ó Infante don Juan Manuel cos seus *exemplos*, ós autores franceses de *fabliaux* e de pequenas obras teatrais –pequenas obras mestras como a *Farsa de maître Patelin*–, infinitamente máis rico que o Arcipreste de Hita nos exemplos do seu libro, e máis moderno, máis complexo, os personaxes máis caracterizados que os dos *Contos de Canterbury* de Chaucer –quizais a única obra daquel tempo que poida comparárselle, e que tantas veces soa a boccacciana, porque nela aparece –xa no conto da Priora ou no da viúva de Bath– un matiz de ironía, e a ironía é quizais un dos exercicios máis altos da mente humana.

O *Decamerón* é a obra dun narrador xenial. Foscolo dixo del que acaricia a linguaxe como o namorado a amada, e Carducci que a «comedia humana» de Boccaccio é a única obra comparable pola súa universalidade á *Divina comedia* de Dante. Verdadeiramente, o que hai en Boccaccio é vida, vida a mancheas. Quizais dixese isto mellor que ninguén o noso Eugenio d’Ors, cando sinalaba que o «que chamamos alegre, gozoso, é a súa sintaxe. Boccaccio é como Giorgione¹¹⁴. Nas cores de un e nas palabras de outro, filtráronse raiolas do sol de maio...»

Durante séculos, o *Decamerón* de Boccaccio foi a máis deleitable lectura da Europa occidental. Lérono Marlowe e Shakespeare, e leuno a

¹¹¹ VI,4. [Nota do tradutor].

¹¹² VI,10. [Nota do tradutor].

¹¹³ VIII,3. [Nota do tradutor].

¹¹⁴ Giorgio da Castelfranco (1487-1510), coñecido como Giorgione, foi un pintor discípulo de Bellini e representante da escola veneciana. [Nota do tradutor].

aristocracia inglesa que se entretíña coa «raíña das fadas¹¹⁵» pero atopaba a Boccaccio máis conforme coa súa natureza carnal. Alguén, citando unha carta de Erasmo, do grave Erasmo [...], aseguraba: «Pois todos eses bicos veñen dun italiano, de Giovanni Boccaccio». E sería así. Pero a gran fortuna boccacciana onde se ve é en Francia. [...] Os eruditos seguíronlle as pegadas, que chegan a La Fontaine, e mesmo a *Les liaisons dangereuses* e á *Princesa de Clèves*. E quizais educase ós franceses nese seu profundo gusto polo erotismo intelectualizado, versátil, do que son primeira mostra os seus citados *fabliaux*.

E a fortuna española de Boccaccio? *Fiammetta* gustou moito. Traduciuse, circularon algúns manuscritos na corte de don Xoán II, influíu no *Tirant lo Blanc* e nas novelas de Feliciano de Silva, que aínda chegou a ler santa Tareixa, con aqueles intrincados e extravagantes parágrafos dos que fará burla Cervantes no *Quixote*, con aquilo de «la razón de la sinrazón que a mi razón se hace¹¹⁶», etc. As castelás de entón, as toledanas e sevillanas, choraban con isto. Editárase en Salamanca, en Zaragoza, e en castelán en Lisboa, en 1541, con aquel fermoso título: *Libro llamado Fiameta [porque trata de los amores de una notable dueña napolitana llamada Fiameta], el qual compuso el famoso Juan Vocacio, poeta florentino; va compuesto por sutil y elegante estilo, y da a entender muy particularizadamente los efectos que hace el amor en los ánimos ocupados de pasiones, lo qual es de gran provecho por el aviso que en ello se da en tal caso.*

Pero outra foi a fortuna do *Decamerón* en España. Un monxe da abadía de Sant Cugat del Vallés traduce o *Decamerón* ó catalán en 1429. Deste mesmo ano é a primeira versión castelá, da que soamente se conserva unha parte na Biblioteca do Escorial. Se me permiten un recordo persoal, direilles a miña emoción, no verán de 1940, levado por Rafael Sánchez Mazas¹¹⁷, cando me foi permitido ter na man o manuscrito. [...]

¹¹⁵ O personaxe da comedia shakesperiana *O soño dunha noite de san Xoán*. [Nota do tradutor].

¹¹⁶ *Don Quixote* I, cap. 1. [Nota do tradutor].

¹¹⁷ Rafael Sánchez Mazas (1894-1966). Escritor e xornalista. É autor das novelas *La vida nueva de Pedrito de Andía* e *Rosa Krüger*. Membro fundador de Falanxe Española e ministro do réxime. Académico electo da RAE, non leu o discurso de ingreso.

Deste manuscrito escurialense procede a edición sevillana de 1496¹¹⁸. Pero, en 1559, o papa Paulo IV mete o *Decamerón* no índice romano de libros prohibidos, e o mesmo ano, a exemplo de Roma, méteo no seu o Gran Inquisidor de España, Valdés. Valdés, que o lera, que é máis que probable que gozase con el, e de quen parece ser a nota que figura na prohibición.

Durante tres séculos, non vai editarse o *Decamerón* en España. A primeira edición castelá, tras eses longos anos nos que non se nos deixou sorrir nin emocionarnos con Boccaccio, é de 1876¹¹⁹. Líanse, plaxiábanse, editábanse, comentábanse as súas obras morais, como o *De casibus*¹²⁰, que merecerá nadameno que unha alusión de Jorge Manrique. O Corbaccio é saqueado polo arcipreste de Talavera, e logo atoparémolo en frei Antonio de Guevara, en moitas epístolas familiares, como a dirixida a mosén Rubín Valenciano sobre se un vello pode casar cunha moza...

Pero o *Decamerón* foi lido por algúns. Non soamente o leron os españois que viaxaron a Italia, como Miguel de Cervantes. Menéndez Pelayo diranos que ninguén, nin antigo nin moderno, influíu tanto en Cervantes como Boccaccio. Hai rastros de Boccaccio, comprobados por Caroline Bourland¹²¹, en oito comedias de Lope de Vega. *Los cigarrales de Toledo* de Tirso teñen unha clara influencia boccacciana. O propio Tirso cúrase en saúde dicindo que as súas novelas «son doce, no hurtadas a las toscanas», é dicir, non roubadas a Boccaccio... Salas Barbadillo, Moreto, Castillo Solórzano, Vélez de Guevara, María de Zayas, leron o *Decamerón* ás agachadas... Pero, que ben lle viría o aire fresco de Boccaccio, o aire daquela burguesía florentina, rica, libre, liberal, das cidades libres de Italia, á España dos Austrias, á España dos Felipes e do Enfeitizado! No manuscrito do Escorial lese a pé de páxina, con grosa letra negra: PROHIBITUS. Quitáronnos o *Decamerón* o mesmo que se quitaban as mulleres de vida alegre durante a Coresma. Pero aí o está, cada vez máis vivo, máis real, o incomparable *Decamerón*. A súa lectura na España

¹¹⁸ Desta edición sevillana fixéronse catro reimpresións: Toledo, 1524; Valladolid, 1539; Medina del Campo, 1543; Valladolid, 1550. [Nota do tradutor].

¹¹⁹ Trátase dunha tradución debida a Mariano Blanch. [Nota do tradutor].

¹²⁰ *De casibus virorum illustrium* (1360). [Nota do tradutor].

¹²¹ Caroline Bourland é autora dun traballo considerado de referencia: “Boccaccio and the Decameron in Castilian and Catalan Literature”. *Revue Hispanic* XII (1905): 1-232.

do XVI, do XVII e do XVIII impediríalle a don Miguel de Unamuno aquel terrible xuízo sobre centos de escritores españois daquel tempo, aquilo que dixo de que «os nosos clásicos son uns pobres charlatáns de feita que botan nun bocoi de auga insípida un puñado de garavanzos chuchados...».

Cando remata a peste en Florencia arruínanse os que estiveran tecendo panos negros, porque a xente, sen temor á morte xa, alegre, cantora, solicitada pola vida, non compra máis que panos verdes, vermellos, azuis, amarelos... Sobre todo panos verdes, que é a cor da mocidade e da esperanza. Nunha crónica florentina asegúrase que «desde a pasada semana non se atopan panos verdes, e viñeron algúns de Pisa, pero son bastos». Non sería verdade, que serían finos como o era a batista pisana que deixaba ver, tan transparente, os peitos das raparigas, pero había que defender o negocio paneiro de Florencia.

De cando en vez aínda morría algún, e os florentinos mollaban o rostro e dicíanse: aí vai o último! Quizais dos que fuxiron para contarse historias, algún morreu. [...]

Finalmente confeso que todos os que algún día tivemos a intención de contar unha historia....

Febreiro/Marzo de 1976

XXII

[*Texto no catálogo da exposición de Antón Patiño*]¹²²

Os dibuxos de Antón Patiño¹²³ que tedes diante de vós, que estades sorprendidos pola perfección, pola vivacidade i expresividade súa, por ese tecer e destecer coas liñas en busca do instante en que o artista vai a deter o

¹²² Antón Patiño (2010). *Antón Patiño 1974-1979. Crónica do artista adolescente*: [catálogo da exposición], Casa das Artes, Concello de Vigo, do 21 de abril ao 23 de maio de 2010, [textos: Álvaro Cunqueiro et alii]. Vigo: Concello de Vigo, Concellería Delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

¹²³ Antón Patiño (1957), pintor e escritor galego, membro fundador do colectivo Atlántica. Fixo exposicións das súas obras por todo o mundo e é vicepresidente do Círculo de Bellas Artes de Madrid.

xogo i a decir: agora é!, parecerán a quen non sepa que o artista é un mozo, un home novo, que son obras de madurez. O que o mozo Patiño crea son formas, expresións humanas, que parecen supoñer un longo traballo de escolma ata dar coa imaxe máis “funcionalmente” aceptable pola imaxinación do autor, que será tamén si a máis reveladora pra o espectador. ¿Reveladora de qué? Pois do mundo, do home, da patencia do home, dos seus soños, da diversidade de ánimos e xestos, amosa dos diferentes rostros do home que é un, pro ao tempo é outro, ou outros. Isto no que toca ao senso da obra, que o ten, que non é unha banalidade, nin falar por falar, é decir, nin dibuxar por dibuxar. Os dibuxos de Antón Patiño son éso mesmo que debe ser toda obra de arte, según Pafnovski¹²⁴, ademáis de unha obra de arte: unha opinión.

O dibuxo de Patiño é doado, lizgairo, irónico, como si o dibuxante estivese conversando de vagar, pro ao mesmo tempo ten esa seguridade do dibuxo dos grandes mestres, esa economía de liñas, ese don de pureza, que, por decilo así, ten o dibuxo dos que saben dibuxar, dende o Pisanello¹²⁵ a Picasso. Unha pureza que non é apática, senón todo o contrario, que é a sinal mesma da vida do dibuxo, de que éste está logrado, asumíu a totalidade da representación que o artista tiña no maxín.

Coido que estamos vendo a obra de un artista verdadeiro, cuia calidade entra polos ollos. Que é por onde debe entrar a pintura. Estes extraordinarios dibuxos de Antón Patiño, son coma o canto do galo: ver pra creer.

¹²⁴ Erwin Pafnovski (1892-1968), historiador de arte e ensayista alemán exiliado nos EE.UU.

¹²⁵ Pisanello, Antonio di Puccio Pisano (séc. XIV-XV) foi un pintor e medallista quattrocentista italiano.

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES
1994-2011

RECURSOS EN LIÑA

Linguística

ARRECADA *Servizo de Terminoloxía Galega* (<http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html>).
 BILEGA: *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bill>).
 CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (<http://balteira.cirp.es/codolga>).
 CORGA: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (<http://corpus.cirp.es/corgaxml>).
 COTOVÍA: *Conversor texto-voz* (<http://www.gts.tsc.uwigo.es/cotovia/cotovia.gl.html>).
 ES>GL: *Tradutor automático español-galego* (<http://www.xunta.es/tradutor/>).

Literatura

BIRMED: *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED>).
 MEDDB: *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=meddb2>).
 DiTERLI: *Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D)* (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio(s)	Título	Nº publ.
LINGÜÍSTICA		
I	<i>Repertorio bibliográfico da linguística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et al.	11
I	<i>Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos linguísticos minoritarios da UE</i> . Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	<i>Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación</i> .	115
I, W	<i>Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)</i> . Elvira Fidalgo et al.	132
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et al.	144
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157
LINGÜÍSTICA: FRASEOLOXÍA		
I, W	<i>Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía</i> .	30
I, W	<i>Refraneiro galego da vaca</i> . Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	<i>As imaxes da lingua rusa. Ensaio histórico, etimolóxico e etnolingüístico sobre fraseoloxía</i> . Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	<i>Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas</i> . Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I	<i>Aspectos teóricos da fraseoloxía</i> . Anatolij Baránov; Dmitriij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa</i> . Paco Rivas.	54

I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego.</i> Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego.</i> M ^a do Rosario Soto Arias.	84
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadávivas.</i> VV. AA.	85
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.</i> Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 6,</i> 2004.	107
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 7,</i> 2005.	118
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 8,</i> 2006.	129
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 9,</i> 2007.	146
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 10,</i> 2008.	156
I, W	<i>Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1, 2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.</i> José Augusto Ventín Durán.	147
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 11,</i> 2009.	174
I	<i>Cadernos de fraseoloxía 12,</i> 2010.	187
<hr/>		
LINGÜÍSTICA: TERMINOLOXÍA		
I+D	<i>Formulario notarial.</i> Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	<i>Regulamentos municipais I.</i> Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	<i>Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.</i> Fernando Lahuerta Mouríño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	<i>Vocabulario multilingüe de acuicultura.</i> Fernando Lahuerta Mouríño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	<i>Dicionario galego da televisión.</i> Edith Pazó Fernández.	117
I, W	<i>O nome e o símbolo dos elementos químicos.</i> M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I	<i>Glosario de termos para a avaliación de linguas.</i> Alte.	154
I	<i>Dicionario galego de recursos humanos.</i> Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
I		
<hr/>		
LINGÜÍSTICA: LEXICOGRAFÍA		
I, W	<i>Diccionario Italiano-Galego.</i> Isabel González (dir.) et al.	64
I, W	<i>O libro das palabras (obra xornalística completa).</i> Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I	<i>Diccionario Galego-Latino clásico e moderno.</i> Xosé López Díaz.	178
I	<i>Diccionario galego de Bioloxía galego-castelán-inglés.</i> J. Gómez Márquez, A. M ^a Viñas Díaz e Manuel González González (coords.).	188
<hr/>		
LINGÜÍSTICA: ETNOLINGÜÍSTICA		
I	<i>O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.</i> Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
<hr/>		
LITERATURA E FONTES MEDIEVAIS		
I	<i>As Cantigas de Loor de Santa María.</i> Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e M ^a Xesús Botana Villar.	106
I, W	<i>Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.</i> Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155

I	<i>Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.</i> Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	<i>Cantigas do mar de Vigo.</i> Antonio Fernández Guiadanes et al.	35
I, W	<i>Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe.</i> Mercedes Brea (coord.).	113
I	<i>Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.</i> Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	<i>Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario.</i> Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	<i>Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica.</i> Mercedes Brea (coord.) et al.	19
I, W	<i>O cancionero de Pero Meendiz de Fonseca.</i> Laura Tato Fontaíña.	148
I, W	<i>Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).</i> Santiago Gutiérrez García.	75
I	<i>Tratado de Albeitaria.</i> José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I	<i>Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani.</i> Mercedes Brea (coord.)	165
I	<i>Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa.</i> Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.)	182
I	<i>Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco.</i> Mercedes Brea (coord.).	185
I	<i>Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa.</i> Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	<i>Antoloxía do conto neozelandés.</i> María Fe González Fernández (ed.).	58
I	<i>Diccionario de termos literarios. A-D.</i> Equipo Glifo.	38
I	<i>Diccionario de termos literarios. E-H.</i> Equipo Glifo.	81
I	<i>Informe de literatura 1995.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	14
I	<i>Informe de literatura 1996.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	25
I, CD	<i>Informe de literatura 1997</i> (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	37
I, CD	<i>Informe de literatura 1998</i> (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	48
I, CD	<i>Informe de literatura 1999</i> (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	62
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2000.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	73
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2001.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	79
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2002.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	93
CD	<i>Informe de literatura 2003.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	109
CD	<i>Informe de literatura 2004.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	119
CD	<i>Informe de literatura 2005.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	135
CD	<i>Informe de literatura 2006.</i> Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	145

CD	<i>Informe de literatura 2007</i> . Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	159
CD	<i>Informe de literatura 2008</i> . Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	173
CD	<i>Informe de literatura 2009</i> . Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	179
I	<i>Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico</i> . M ^a de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	<i>Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia</i> . Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I	<i>Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV</i> . Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164
<hr/>		
LITERATURA: FACSIMILES		
I, W	<i>A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.) / 2 ^a ed.: 2006.	51, 122
I	<i>A saudade nos poetas gallegos</i> . Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	<i>Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)</i> . Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	<i>Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909)</i> . María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	<i>Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	8
I+CD, W	<i>Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967)</i> . Luís Alonso Girgado e María Vilarino Suárez (eds.).	126
I, W	<i>Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)</i> . Luís Alonso Girgado e María Vilarino Suárez (eds.).	125
I	<i>Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	2
I	<i>Aturuxos</i> . Ramón Armada Teixeira. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I	<i>Bobemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915)</i> . Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.).	152
I, W	<i>Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)</i> . Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	<i>Cristal (Pontevedra, 1932-1933)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	29
I, W	<i>Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940)</i> [Facsimile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	45
I	<i>Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal</i> . Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	<i>Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936)</i> [Facsimile dos anos 1917-1918]. María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD	<i>El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre</i> . Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	<i>Eufonía (Buenos Aires 1958-1959)</i> . Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	<i>Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151)</i> . María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	<i>Galicia. Revista del Centro Gallego</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarino Suárez (eds.).	130

I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930)</i> [Facsímile dos anos 1904-1905]. María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930)</i> [Facsímile dos anos 1902-1903]. Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	<i>Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	76
CD, W	<i>Galicia Nueva (Montevideo, 1918)</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	<i>Galiza. (Mondoñedo 1930-1933)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	42
I	<i>Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	12
I	<i>La Alborada (A Habana, 1912)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	43
I	<i>La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	20
I	<i>La Primera Luz</i> . Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896)</i> . Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana, 1915)</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	<i>La Unión Gallega</i> . Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	<i>Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952)</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	142
I	<i>Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919)</i> . Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD	<i>O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai</i> . Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	<i>Plumas e Letras en 'La Noche' (1946-1949)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	13
I	<i>Posío (Ourense, 1945-1946)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	9
I	<i>Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	17
CD, W	<i>Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	139
I	<i>Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990)</i> . Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	28
I	<i>Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953)</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.)	149
I, W	<i>Suevia. (Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega)</i> . Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	140
I+CD, W	<i>Tapal</i> . Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	<i>Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado (Montevideo, 1917-1918)</i> . Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	<i>Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela 1932-1933)</i> . María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123

I, W	<i>Yunque. Periódico de vanguardia política.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarino Suárez (eds.).	137
CD, W	<i>Escolma de almanaques galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana - Galicia].</i> Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I	<i>1985. Almanaque galego.</i> F. Lage e G. Díaz (dirs.) [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élica Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	<i>Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962).</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	<i>Prensa galega da Arxentina (1935-1964).</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I	<i>Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista galega de arte, crítica, literatura y actualidades.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
I	<i>Soma de craridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz.</i> Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.).	189
<hr/>		
LITERATURA: NARRATIVA E POESÍA RECUPERADA		
I	<i>A cruz de salgueiro.</i> Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	<i>A obra narrativa en galego.</i> Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	<i>Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos.</i> Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	<i>As noites no fogar e outros textos.</i> Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	<i>Baixo do alpendre e outros relatos.</i> M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I	<i>Escolma.</i> Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	<i>Escolma.</i> Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	<i>Folla Bricia. Poesía galega Completa.</i> Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	<i>Gallegada e outros textos en prosa</i> de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	<i>Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve).</i> [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	<i>O vento segrel.</i> Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	<i>Obra galega.</i> Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	<i>Obra galega.</i> Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	<i>Obra narrativa en galego.</i> Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	<i>Obra narrativa en galego.</i> Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	<i>Obra narrativa en galego.</i> Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34

I	<i>Obra narrativa en galego</i> . Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
I	<i>Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras</i> . José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	<i>Relatos e outras prosas</i> . Roque Pesqueira Crespo. [M ^a Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	<i>Salays e outros poemas</i> . Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	<i>Sulco e vento</i> . Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
I	<i>Contos do Turreiro</i> . Avelino Rodríguez Villar [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
<hr/>		
FILOSOFÍA E ENSAIO		
I	<i>A filosofía krausista en Galicia</i> . Ramón López Vázquez.	3
I	<i>Castelao humorista</i> . Siro López.	16
I, W	<i>Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo</i> . Ramón López Vázquez.	143
I	<i>Ética xeral</i> . Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	<i>Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao</i> . Anxo González Fernández.	46
I	<i>Hamlet e a realidade cunqueirana</i> . Anxo González Fernández.	10
I	<i>Historia do pensamento antropolóxico en Galicia</i> . Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	<i>O Padre Feixoo, escolástico</i> . Ramón López Vázquez.	7
I	<i>O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo)</i> . Ramón López Vázquez.	21
I	<i>Suma da lóxica</i> . Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	<i>Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas</i> . Luís Rey Núñez.	94
I	<i>Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica)</i> . Ramón López Vázquez.	99
<hr/>		
CINE		
I	<i>Filmografía galega. Longametraxes de ficción</i> . Ángel Luís Hueso Montón e José M ^a Folgar de la Calle (coords.).	33
I	<i>Filmografía galega. Curtametraxes</i> . Ángel Luís Hueso Montón e José M ^a Folgar de la Calle (coords.).	74
<hr/>		
RAMÓN PIÑEIRO E CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO		
I	<i>Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos</i> . VV. AA.	1
I	<i>Ramón Piñeiro</i> (video-libro). Carlos Casares Mouríño.	24
I	<i>Conversa con Ramón Piñeiro</i> . Manuel Rico Vereá.	87
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas</i> . Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas</i> . Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución</i> . Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91

I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía.</i> José Ángel García López.	98
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469).</i> Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue.</i> Emilio Xosé Insua López.	104
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra.</i> Manuel Forcadela.	120
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote.</i> Siro López.	127
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalgia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'O porco de pé de Vicente Risco).</i> Alba Martínez Teixeiro.	136
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros.</i> Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado.</i> Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971).</i> Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I	<i>Homenaxe a Ramón Piñeiro.</i> Alexandra Cilleiro Prieto e Élida Abal Santorum (eds.).	169
I	<i>Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo).</i> Siro López.	170
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930–1999)</i>	175
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XV). Ramón Piñeiro: epistolario lugués.</i>	176
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). I-en todo silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra II.</i> Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum (eds.).	186
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVII. Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.</i> Luís Alonso Girgado e outros.	190
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVIII. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán en modo de antifona.</i> Luís Cochón.	191
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XIX. Homenaxe a Fernández Pérez-Barreiro Nolla.</i> Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto.	192
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XX. Remuíño de prosas.</i> Luís Alonso Girgado, Luís Cochón e Lorena Domínguez Mallo.	194
Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.		

OUTROS

I	<i>Epistolario galego de Miguel de Unamuno.</i> Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	<i>Guía de alimentación.</i> Pedro Benavente Jareño.	5

I	<i>Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro.</i> Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	<i>Escritos sobre Federalismo e Galeguismo.</i> Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I	<i>Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional.</i> Alain Gagnon.	171
I	<i>A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937).</i> Xavier R. Madriñán	184
I	<i>A prensa galega de Cuba.</i> Xosé Neira Vilas	193

Remuíño de prosas,
de Álvaro Cunqueiro,
saíu do prelo de Grafisant,
en Compostela,
o día 20 de decembro do ano MMXI,
conmemoración de san Domingos de Silos.

CRAS [IN GENS] ITERABIMUS AEQUOR



galicia

ISBN 978-84-453-5028-7

